

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	1º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

1. Introducción

1. O CENTRO.

O IES SÁNCHEZ CANTÓN é un centro de ensino secundario que ofrece aos alumnos e alumnas ensinanzas da ESO, bacharelato e ciclos formativos ligados a actividades deportivas. Está situado no centro de Pontevedra, e unha parte moi importante do alumnado procede da súa contorna inmediata.

Posúe unha EXTENSIÓN NO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA (CGTD), onde o alumnado (bolseiros da Xunta de Galicia) compatibiliza coa práctica deportiva de alto nivel (programas de tecnificación deportiva de distintas disciplinas) os estudos de 3º e 4º da ESO, e 1º e 2º de Bacharelato, particularidade que condiciona de xeito determinante o proceso de ensino-aprendizaxe. Os alumnos proceden de diferentes lugares de Galicia (incluso de fóra dela) e residen durante os días lectivos en réxime de internamento (agás algún alumno da cidade de Pontevedra); o que leva consigo certa heteroxeneidade, social e escolar, do alumnado, e unha ausencia dos pais no seu día a día. A práctica do deporte (adestramentos diarios, concentracións e competicións) réstalles tempo para os estudos, e ocasionan na maioría, dependendo das disciplinas e do seu rendemento deportivo, un elevado número de faltas de asistencia e disrupcións. Todo o anterior é contrarrestado, parcialmente, por certa homoxeneidade na súa actitude cara aos estudos (incluso tamén nas súas competencias). O programa de tecnificación comeza en 3ºESO (podéndose incorporar alumnos en calquera curso) e a permanencia no mesmo depende non só dos resultados deportivos senón tamén dos resultados académicos (aínda que con algunha excepción), un elemento extra de motivación que, sumado ao seu alto grao de competitividade (vinculado á práctica deportiva) repercute positivamente no esforzo que realizan por superar os estudos.

2. MARCO LEGAL.

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, DOG Nº183, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.

3. A MATERIA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL.

Esta materia impártese en todos os centros de Secundaria de Galicia, xa que forma parte da etapa obrigatoria, polo que ten unha gran importancia como substrato dunha curiosidade e interese futuros polas distintas manifestacións plásticas. Para moitos alumnos, 1º da ESO é a súa primeira experiencia con certas técnicas gráfico-plásticas, ferramentas e procedementos. Tamén cun profesor especialista da materia, polo que é necesario que lles sirvamos de acicate e os estimulemos para despertar a súa creatividade, sen prexuízos nen vergoña, ó mostrar o seu proceso creativo e o traballo plástico finalizado ao resto do alumnado e aos docentes.

A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento das persoas. A experimentación coas artes plásticas, visuais e audiovisuais fomenta a exploración e coñecementos propios e promove a imaxinación así como a capacidade para crear respostas múltiples, en linguaxes propios, a diferentes necesidades. Así mesmo a actividade artística implica un grao alto de interacción co grupo onde o traballo propio e alleo, individual e en grupo, serven para fomentar o debate e aprender a aprender.

O estudo da imaxe nos diferentes medios (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación, etc.) convértese nun dos fíos principais da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais en diferentes medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas da cada un deles.

Preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado traballe e experimente co emprego das

diferentes linguaxes visuais e audiovisuais realizando as súas propias producións plásticas e audiovisuais.

É imprescindible que o alumnado adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. Esta materia colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas e moi especialmente ante a imaxe publicitaria.

A materia impártese nos cursos de primeiro e terceiro da ESO e dá continuidade á educación artística recibida polo alumnado nas etapas anteriores, facilitándolle ao alumnado: seguir aprofundando no coñecemento, interpretación e valoración crítica das imaxes en todas as súas funcións; potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico e a súa posta en valor; poñer en práctica a expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que saen dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que configuran o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A materia ten un enfoque eminentemente práctico o que leva a que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia articúlanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas ademais dos factores e as etapas do proceso creativo e unha introdución aos sistemas de representación máis importantes. Inclúese tamén unha introdución á xeometría plana e aos sistemas de representación. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se convierten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2			5	1-3-4	3	1-2	3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As distintas manifestacións artísticas. Os xéneros artísticos.	Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as	5	6	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Valoración da perspectiva de xénero e o patrimonio.	contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico, incorporando ademais a perspectiva de xénero. Xéneros artísticos e evolución ao longo da historia da arte.	5	6	X	X	X
2	Xeometría plana: trazados básicos.	Elementos xeométricos fundamentais; lugares xeométricos. Manexo dos instrumentos tradicionais de Debuxo Técnico: trazado de rectas paralelas e perpendiculares con escuadro e cartabón e trazado de circunferencias con compás. Segmentos de recta: medición (coa regra); suma e resta (co compás); mediatriz (definición e trazado); división en partes iguais empregando o teorema de Tales. Ángulos: medición (co transportador de ángulos); suma e resta (co compás); bisectriz (definición e trazado). Polígonos: concepto, elementos e clasificación; trazado de triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares.	20	14	X		
3	Os sistemas de representación. Vistas diédricas.	Introducción aos sistemas de representación. Vistas diédricas; nocións básicas da súa metodoloxía: representación de sólidos elementais.	5	4	X		
4	Comunicación visual.	Elementos e factores da comunicación visual. A linguaxe visual. O signo visual: elementos dun signo visual: significante, significado e referente. Iconicidade do signo visual; abstracción e figuración; iconas e símbolos. A imaxe como texto visual (máis aló do signo). Compoñentes dunha imaxe. Imaxe fixa e imaxe en movemento; imaxes secuenciadas. Funcións das imaxes: informativa (descritiva, comunicativa), expresiva, estética, recreativa e publicitaria.	10	4		X	
5	Linguaxe visual. Elementos básicos de configuración.	Elementos e sintaxe da linguaxe gráfico-plástica Forma. Composición. Punto, liña e plano. Luz/Claroscuro: percepción e representación do volume. Cor. Textura. Conceptos e posibilidades expresivas dos elementos visuais. Recursos para expresar sentimentos e sensacións a través da linguaxe visual.	15	8	X	X	
6	Debuxo e pintura.	Uso e características de técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións, directas (secas e húmidas) e indirectas (colaxe), e a súa utilidade na comunicación artística.	15	12	X	X	
7	Escultura.	Uso e características de técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións, e a súa utilidade na	10	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Escultura.	comunicación artística.	10	10			X
8	Fotografía.	Imaxe fixa: posibilidades expresivas da fotografía. Orixe, inicios evolución e características.	10	4			X
9	Banda deseñada.	Imaxe secuenciada: a linguaxe do cómic. Orixe, evolución e exemplos significativos.	10	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As distintas manifestacións artísticas. Os xéneros artísticos. Valoración da perspectiva de xénero e o patrimonio.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Entender, dun xeito básico, como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	PE	30
CA1.4 - Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Discriminar e entender minimamente os distintos contextos culturais e históricos e como estes inflúen nas obras de arte correspondentes, tendo en conta os factores sociais e formais que os condicionan.		
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Entender minimamente a orixe, a repercusión e a importancia do noso propio patrimonio para poder entender o patrimonio cultural e artístico universal.	TI	70
CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	Interpretar o contexto sociopolítico e histórico baixo o que unha obra de arte está creada, para entender a perspectiva de xénero que condiciona a obras e artistas ao longo da historia da arte.		
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Valorar as distintas producións artísticas, tamén as creadas na aula, sendo minimamente críticos, curiosos e respectuosos coas múltiples solucións creativas dos distintos contextos culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os xéneros artísticos máis destacados.

Contidos
- Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.

UD	Título da UD	Duración
2	Xeometría plana: trazados básicos.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.	PE	30
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar, dun xeito minimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	TI	70
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
3	Os sistemas de representación. Vistas diédricas.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.	PE	30
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar, dun xeito minimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas.		
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	TI	70
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
4	Comunicación visual.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Entender como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	PE	30
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Valorar as principais linguaxes das producións creativas.	TI	70
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio, como base para acadar novas solucións creativas axeitadas.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Manter unha actitude minimamente aberta e mostrar interese recoñecendo as principais funcións das diferentes manifestacións artísticas e a súa importancia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.
- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

UD	Título da UD	Duración
5	Linguaxe visual. Elementos básicos de configuración.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Experimentar minimamente, para despois elixir os recursos técnicos máis axeitados, co gallo de achegarse aos fins expresivos buscados.	PE	30
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Acadar solucións creativas lóxicas a unha premisa, dun xeito individual ou colectivo.		
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Valorar as principais linguaxes das producións creativas.	TI	70
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Crear producións artísticas, dun xeito individual ou colectivo, coas técnicas máis idóneas para mostrar a integración de racionalidade, empatía e sensibilidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio, como base para acadar novas solucións creativas axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe visual como forma de comunicación. - Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas. - Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas.

UD	Título da UD	Duración
6	Debuxo e pintura.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	PE	30
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica.	TI	70
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Amosar un mínimo de iniciativa ao experimentar coas distintas técnicas e linguaxes expresivas para xerar mensaxes propias.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar, dun xeito mínimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
7	Escultura.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	PE	30
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica.	TI	70
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Amosar un mínimo de iniciativa ao experimentar coas distintas técnicas e linguaxes expresivas para xerar mensaxes propias.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar, dun xeito minimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
8	Fotografía.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Entender como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	PE	30
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa de xeito individual ou colectivo.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	TI	70
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Valorar as principais linguaxes das producións creativas.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio como base para acadar novas solucións creativas axeitadas.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Manter unha actitude minimamente aberta e mostrar interese recoñecendo as principais funcións das diferentes manifestacións artísticas e a súa importancia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións. - Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

UD	Título da UD	Duración
9	Banda deseñada.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Entender como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	PE	30
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Acadar solucións creativas lóxicas a unha premisa, dun xeito individual ou colectivo.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	TI	70
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Valorar as principais linguaxes das producións creativas.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio como base para acadar novas solucións creativas axeitadas.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Manter unha actitude minimamente aberta e mostrar interese recoñecendo as principais funcións das diferentes manifestacións artísticas e a súa importancia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións. - Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual pretende introducir ao alumnado de 1º da ESO no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, coñecendo así as obras máis representativas da historia da arte. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado, en moitas ocasións, a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual podemos utilizar distintas metodoloxías. Velaquí algunhas suxestións:

- 1) Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.
- 2) Avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- 3) É moi exemplarizante e de gran axuda, amosar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.
- 4) Exposición dos contidos que o alumnado debe entender para a realización dos exercicios onde intervirá unha metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o traballo guiado polo profesorado.
- 5) Elaboración dos exercicios durante as horas lectivas.
- 6) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.

Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:

- A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
- Os bosquejos previos e definitivos.
- A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
- O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrados polo alumnado.

O resultado será valorado en función do progreso do alumnado na consecución da adquisición das competencias clave.

UNIDADES DIDÁCTICAS TRANSVERSAIS: En canto ao propio currículo do curso, considérase como unidade didáctica transversal a ud1 "As distintas manifestacións artísticas. Os xéneros artísticos. Valoración da perspectiva de xénero e o patrimonio."; polo que será abordada no desenvolvemento das restantes unidades didácticas ao longo dos tres trimestres.

De resultas da aplicación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo, como queda recollido no Proxecto Lingüístico do IES Sánchez Cantón, esta materia impartirase no presente curso académico en lingua galega.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula taller de Debuxo - Artes Plásticas (IES Sánchez Cantón, edificio principal), espazo con mobiliario axeitado para o desenvolvemento das materias impartidas polo Departamento: escritorio para o/a profesor/a e mesas de debuxo, amplas e cómodas, para o alumnado; encerado de xiz, encerado de rotulador; vetedoiro con billa; espazo ou moble de secado; espazos, andeis e taboleiros (de cortiza) para expoñer, presentar e comentar obras; mobles con andeis e caixóns para gardar instrumentos, materiais, traballos, libros, etc.
Ordenador de aula con conexión a internet e proxector con pantalla (non dixital) e altofalantes.
Ordenador do alumno (proxecto E-Dixgal).
Plataforma de ensino virtual: E-Dixgal (no desenvolvemento do curso ordinario) / aula virtual do centro (para o seguimento da materia pendente).
Recursos de internet: páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.
Biblioteca de aula e de centro. Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Instrumentos tradicionais de debuxo técnico para encerado: regra, escuadro, cartabón, compás e transportador de ángulos.
Materiais e instrumentos de gravado e estampación.
Materiais e instrumentos para modelado.
Materiais artísticos. Instrumentos/ferramentas e materiais fuxíbeis (distintos soportes, carbón, lapis conté, sanguina, pintura acrílica, ténpera...).

1. AULA TALLER.

O Departamento conta no edificio principal do centro cunha aula taller con algúns espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc. Non obstante, no presente curso académico a materia de 1ºESO impártese na aula de referencia de cada grupo, debido á imposibilidade, por incompatibilidade horaria, de empregar a aula taller en todas as materias, como sería desexable. O Departamento viuse, pois, obrigado a priorizar o uso da aula específica nalgúns materias, acordándose facelo coas materias de cursos superiores. Esta circunstancia condicionará o funcionamento das aulas de 1ºESO, impondo limitacións no emprego de técnicas e procedementos artísticos tanto bidimensionais coma tridimensionais.

2. MATERIAIS DE APOIO, MEDIOS AUDIOVISUAIS E NOVAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS.

Sempre que sexa posible dinamizarase o contido teórico da materia mediante materiais de apoio, xa sexan estes fotografías, animacións, vídeos, ilustracións, planos, etc.. Considérase moi valiosa a utilización de medios audiovisuais pola importancia que ten para o alumno coñecer feitos e realidades que non poderían ser levados á aula doutro xeito.

Pretendemos que a comprensión, coñecemento, manexo e aplicación das novas tecnoloxías dixitais sexa factible no maior número posible de exercicios ao longo do curso académico, xa que permiten novos medios de expresión e investigación. A inclusión de todos os cursos da ESO no programa E-Dixgal garante que todo o alumnado desta etapa dispoña de ordenador persoal; ademais, as enquisas efectuadas nos últimos anos poñen de manifesto que a maioría teñen ao seu dispor conexión á rede nos seus domicilios. Asemade:

- 1) Potenciaremos o uso de programas de código aberto (software libre) e de uso gratuíto, tanto para a investigación e elaboración de contidos gráfico-plásticos, como para a solución de problemas e a súa presentación (e posterior publicación): ofimática (OpenOffice, LibreOffice), edición e retoque fotográfico (GIMP), creación de gráficos vectoriais (Inkscape), maquetación (Scribus), edición de vídeo (OpenShot), CAD (LibreCad)...
- 2) Potenciaremos o uso dos recursos propios e a comunicación permanente profesor-alumno a través da web do centro, espazo Abalar e plataforma E-Dixgal.
- 3) Potenciaremos que o alumnado sexa quen de presentar o seu traballo tanto no formato físico tradicional como en diferentes formatos dixitais, empregando a plataforma E-Dixgal para a súa entrega.

3. MATERIAIS PROPIOS DO ALUMNO.

O alumno deberá aportar material propio para o seu traballo diario (aínda que na aula poderán estar dispoñibles algúns destes materiais para uso do alumnado, de ser necesario):

1) Básicos (mínimo e imprescindible): Xogo de escuadro e cartabón, regra graduada e compás (con adaptador para lápices e rotuladores). Portaminas con minas de grosor 0.5 e dureza HB. Lapis de grafito ou portaminas (HB e 2B/4B). Afialápices e lima de unllas (ou rasqueta afiaminas). Goma de borrar branda. Rotuladores técnicos calibrados de tinta negra (0.2, 0.4 e 0.8). Lápices de cores preferiblemente acuarelables (mínimo cores primarias). Rotuladores de cores (de grosor medio). Pegamento de barra. Cinta adhesiva. Témperas (só cinco cores): maxenta, azul ciano, amarelo limón, branco e negro. Pinceis para acuarela (planos e redondos; finos e grosos): p.e. nº 6 e nº 12. Pano, vaso de plástico, prato de plástico (ou paleta). Papel branco de 80 grs aprox. (tipo "folio") en formato DIN-A3 (ou DIN-A4, segundo as preferencias do profesor, comunicadas ao comezo do curso); e papel branco de, como mínimo para técnicas húmidas, 130 grs. ("láminas") aprox. en formato DIN-A3 (ou DIN-A4, segundo as preferencias do profesor, comunicadas ao comezo do curso) para o desenvolvemento dos exercicios de aula. Carpetas para o arquivo e presentación do traballo persoal: de fundas, e de gomas con lapelas. Memoria USB para a copia de seguridade de exercicios en formato dixital. Ordenador persoal (facilitado polo centro dentro do programa E-Dixgal). Para guía e uso do alumno, empregaranse os libros de texto proporcionados pola plataforma E-Dixgal para os distintos cursos, combinando os materiais ofertados a criterio do profesor/a.

2) Complementarios: O profesorado poderá solicitar outros materiais ao longo do curso, en función do traballo a desenvolver e das dispoñibilidades do propio alumno e do centro docente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza - aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Contorna: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de distintos tipos de probas, de cuestionarios como tarefas na aula virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. O deseño daqueles instrumentos de carácter formal que se estimen necesarios realizarase de forma consensuada entre todos os membros do Departamento, cunha especial coordinación do profesorado que imparte docencia na mesma materia e nivel. A recollida de información tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

No presente curso académico propónse unha proba teórico-práctica para a recollida de información sobre a competencia curricular do alumnado, que versará sobre os contidos conceptuais e procedimentais que foron tratados no currículo das etapas formativas precedentes.

A reunión de avaliación inicial, a finais do mes de setembro, co titor do grupo, o equipo docente e o Departamento de Orientación axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Analizada toda a información, as conclusións serán postas en común nunha reunión de Departamento, para consensuar as medidas que se estimen oportunas. Tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, deseño e planificación das actividades de aula, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	20	5	10	15	15	10	10	10	100
Proba escrita	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30
Táboa de indicadores	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70

Criterios de cualificación:

1. CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades didácticas traballadas en cada avaliación establecerase mediante:

a) O CADERNO PERSOAL DO ALUMNO (TI). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 70%.

Sendo esta unha materia de carácter eminentemente práctico, o alumno realizará un conxunto de traballos (prácticos na súa maioría, aínda que tamén teóricos ou teórico-prácticos) propostos polo profesor en relación ao tema a desenvolver, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro (mediante rúbricas e/ou comentarios orais). As actividades estarán pensadas para que o alumnado poida realizalas, agás imprevistos, case na súa totalidade no tempo de clase baixo supervisión directa do profesor. O alumno deberá confeccionar coas actividades propostas que se desenvolvan ao longo do curso o seu “caderno persoal”.

A entrega a través do “caderno persoal” da totalidade dos traballos será considerada condición indispensable para acadar unha avaliación positiva no período correspondente. O alumno deberá ter igualmente presentados aqueles traballos e tarefas que se soliciten para a súa entrega a través da plataforma E-Dixgal. Agás nos casos que contén con suficiente xustificación (enfermidade ou causa familiar grave), a falta ou non presentación destes traballos de aula terá como consecuencia inmediata a avaliación negativa do alumno. Consideraranse non entregados aqueles traballos nos que quede demostrada a non autoría do alumno, por copia, calcado, falsificación ou suplantación de identidade na realización dos mesmos; coas consecuencias que deste feito deriven.

A revisión, corrección e cualificación do “caderno persoal” de cada alumno realizarase ao final do trimestre. Non obstante, o profesor poderá solicitar o “caderno persoal” para este fin tantas veces como considere. Os alumnos conservarán todos os seus traballos ata o remate de curso (aínda que xa fosen cualificados), podendo ser solicitados para a súa revisión en calquera momento do curso; e deberán recompilar todos aqueles elaborados en soporte papel para unha entrega final na 3ª avaliación. Se por calquera circunstancia non fosen posibles tanto as achegas parciais como a entrega final en soporte físico, poderán realizarse dixitalizadas a través da plataforma E-Dixgal, sempre baixo solicitude ou autorización do profesorado da materia.

A nota deste apartado será a media de todos os traballos (coa correspondente ponderación), valorándose cun 0 os non presentados.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden empregar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. De xeito xeral, teranse en conta os seguintes, agrupados en cinco categorías, aplicables na meirande parte das unidades didácticas:

- **Saber ver e saber facer:**

Axústase o resultado ao obxectivo da actividade realizada?

Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor, realiza as actividades na aula e sigue un proceso de traballo correcto?

É correcta a realización do exercicio? Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...)?

Escolle as técnicas, os instrumentos e os materiais adecuados en función da mensaxe proposta ?

Emprega as técnicas, os instrumentos e os materiais de xeito adecuado?

Resolve e presenta as tarefas con claridade, precisión, limpeza e orde?

E capaz de explicar (oralmente e por escrito) con corrección, de xeito razoado e crítico, empregando a terminoloxía adecuada, os conceptos sobre os que se traballa, o desenvolvemento e os resultados das súas actividades?

- **Creatividade:**

Propón solucións creativas rexeitando a copia (do profesor / compañeiro / autor) de xeito literal?

É capaz de producir ideas inusuais, infrecuentes ou non banais? (:orixinalidade.)

É capaz de producir gran número de ideas? (:fluidez.)

É capaz de desenvolver, embelecer ou completar unha idea? (:elaboración.)

É capaz de producir unha gran variedade de ideas? (:flexibilidade.)

- **Presentación:**

Respecta as normas de presentación e entrega (materiais, soportes, formatos / estrutura, datos solicitados e localización e posicionamento dos mesmos, numeración e/ou orde das actividades...)?

Presenta o seu traballo no prazo e datas previstos?

- **Material e espazo de traballo:**

Trae o material necesario?

Coida o material propio e alleo, manténdoo en perfecto orde e estado?

Deixa recollido e limpo o seu espazo de traballo, e colabora recollendo e limpando os espazos compartidos?

- Actitude e comportamento no desenvolvemento do traballo de aula:

Asiste a clase con puntualidade?

Respeta o traballo e as normas de clase?

Participa activamente, de xeito autónomo, con interese e responsabilidade no desenvolvemento da clase, nas actividades individuais e nos traballos en grupo, evidenciándose o esforzo realizado por progresar e superarse?: implícase no desenvolvemento das aulas e nos traballos propostos?; é receptivo ás indicacións do profesor, as comprende e as emprega?; amosa atención?; participa no diálogo que se establece no desenvolvemento dos contidos da materia?; traballa en clase?; amosa interese por saber máis?; emprega os novos coñecementos noutras áreas?; comparte noticias relacionadas e fai comentarios espontáneos?; ofrécese voluntario para realizar exercicios?; organiza o seu traballo con autonomía?; completa as actividades na casa, de ser necesario, para axustarse ao ritmo de traballo plantexado na aula?; se falta ou vai faltar a clase preocúpase por poñerse ao día co seu traballo?; amosa afán de superación persoal ante cada traballo?

Nos traballos en grupo: participa nas actividades, levando a cabo as tarefas asignadas, e fai aportacións significativas?; contribúe a manter o grupo concentrado e unido traballando cooperativamente? emite a súa opinión con argumentos razoables respectando quendas de palabra?; ten en conta as distintas opinións e as relaciona coas propias expresándose sempre con corrección nas formas?; escoita e deixa falar respectando as opinións dos demais?

b) AS PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS (PE). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 30%.

En cada unha das tres avaliacións previstas (para aqueles criterios de avaliación e, consecuentemente, unidades didácticas que así o requiran) programarase, como mínimo, unha proba teórico-práctica. No caso de ser máis dunha, a nota deste apartado calcularase a través da media das distintas probas, coa ponderación correspondente. As probas programaranse preferentemente en formato presencial, pero se as circunstancias o impedisen ou o desaconsellasen, as mesmas poderán realizarse en formato telemático a través da plataforma E-Dixgal.

Os resultados das avaliacións (cualificacións) axustaranse aos baremos habituais adoptados polo centro educativo e determinados pola normativa vixente, co fin de evitar confusións na súa explicitación aos diferentes membros da comunidade educativa; en termos xerais:

Nivel INSUFICIENTE. Valor numérico 1-2. O alumno non foi quen de superar os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, ten moitas dificultades e non progresa de forma adecuada, sendo incapaz de afrontar o seu traballo de maneira autónoma e organizada.

Nivel INSUFICIENTE. Valor numérico 3-4. O alumno non superou de xeito plenamente satisfactorio os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, se ben cun maior esforzo e organización persoal podería superar os mínimos esixibles.

Nivel SUFICIENTE. Valor numérico 5. O alumno superou de maneira satisfactoria os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, alcanzando en conxunto os mínimos esixibles.

Nivel BEN. Valor numérico 6. O alumno superou de maneira plenamente satisfactoria os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando en conxunto os mínimos esixibles.

Nivel NOTABLE. Valor numérico 7-8. O alumno superou plenamente os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando de forma ampla os obxectivos propostos.

Nivel SOBRESALIENTE. Valor numérico 9-10. O alumno superou plenamente os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando de forma destacada os obxectivos propostos.

A cualificación explicitarase no boletín a través do seu valor numérico (1 a 10), sen decimais, redondeada á unidade metade arriba, pero empregarase sen este redondeo no cálculo da cualificación final. Como norma xeral, a nota daqueles alumnos que presenten o seu "caderno persoal" incompleto non poderá ser superior a 4 (como xa foi exposto, a entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, aínda que non suficiente, para acadar unha avaliación positiva na materia).

2. CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final será a media aritmética das notas sen redondear de cada unha das tres avaliacións, sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3; nese caso a cualificación final non poderá ser superior a 4. A nota aparecerá no boletín redondeada á unidade (metade arriba).

Criterios de recuperación:

Nos niveis INSUFICIENTE especificaranse as dificultades do alumno, así como as medidas axeitadas para a súa superación, comunicándollas verbalmente ao alumno, e ao titor do grupo na sesión de avaliación. Para superar as notas das avaliacións suspensas o alumnado poderá recuperar os seguintes instrumentos nos que teña unha nota

inferior a 5: a) CADERNO PERSOAL: Reelaboración das tarefas suspensas e entrega/realización das non entregadas. As actividades a corrixir deberán realizarse novamente, nun soporte distinto ao do resultado entregado inicialmente, que se volverá entregar acompañando ao novo resultado. O profesor poderá determinar a realización de tarefas adaptadas ás circunstancias do alumno, tendo en conta os criterios expresados nas medidas de atención á diversidade. Na cualificación das actividades entregadas nas datas de recuperación non se valorará a porcentaxe correspondente á observación do traballo desenvolvido na aula, sempre e cando sexan corrixidos ou feitos fora da mesma. b) PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: Realización dunha proba específica co obxectivo de que se poida constatar que o alumnado alcanzou de maneira satisfactoria alomenos os obxectivos mínimos da avaliación correspondente. As recuperacións faranse atendendo ao seguinte cronograma: a) Rec. da 1ª av.: durante a 2ª av. e ao final da 3ª av. (recuperación final). b) Rec. da 2ª av.: durante a 3ª av. e ao final da 3ª av. (recuperación final). c) Rec. da 3ª av.: ao final da 3ª av. (recuperación final). A proba de rec. final realizarase na mesma sesión lectiva, debendo realizar o alumno únicamente a avaliación ou avaliacións suspensas, e poderá coincidir coa data límite para a nova entrega final do caderno persoal. Recalculárase a nota de cada avaliación do seguinte xeito: a) CADERNO PERSOAL: mellor nota avaliación/recuperación; 70%. b) PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: mellor nota avaliación/recuperación; 30%.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que terá acceso a través da aula virtual do centro (nun espazo destinado a tal fin dentro do curso do Departamento de Artes Plásticas) / plataforma E-Dixgal; podendo realizar calquera tipo de consulta (respecto das actividades propostas ou das probas teórico-prácticas), preferentemente mediante reunións presenciais, ao xefe de Departamento de Artes Plásticas, ou profesor en quen delegue o Departamento ao comezo de curso entre aqueles que impartan aulas da materia na modalidade ordinaria, para o que se habilitará no horario lectivo o período correspondente (empregándose fundamentalmente os tempos do recreo). Na extensión do CGTD os alumnos coa asignatura pendente serán atendidos polo profesorado alí adscrito.

A avaliación do alumnado coa materia pendente levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, organizándose segundo o seguinte cronograma:

- 1ª AVALIACIÓN: xaneiro; contidos de "Debuxo Técnico" (UD2, UD3)
- 2ª AVALIACIÓN: abril; contidos de "Expresión Plástica" e "Comunicación Audiovisual". (UD1, UD4, UD5, UD6, UD7, UD8, UD9)
- RECUPERACIÓN (1ªav. e/ou 2ª av.): maio.
- RECUPERACIÓN FINAL (1ªav. e/ou 2ª av.): xuño (poderá coincidir coa "recuperación final" do curso ordinario).

En cada avaliación empregaranse os seguintes instrumentos:

a) O CADERNO PERSOAL DO ALUMNO (TI): Peso porcentual na nota de cada avaliación: 60%.

Dado o carácter eminentemente práctico da materia, o alumno deberá realizar unha serie de actividades obrigatorias propostas polo Departamento para cada unha das avaliacións de pendentes, que responderán aos criterios de avaliación do período avaliado, e das que o alumnado coñecerá os indicadores de logro (mediante rúbricas e/ou comentarios orais). A entrega a través do "caderno persoal" da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, non suficiente, para acadar unha avaliación positiva no período correspondente, considerándose non entregados aqueles traballos nos que quede demostrada a non autoría do alumno, por copia, calcado, falsificación ou suplantación de identidade na realización dos mesmos. A presentación dos traballos deberá facerse segundo as instrucións dadas previamente polo profesorado (entrega física ou telemática a través da aula virtual, materiais, soportes, formatos / estrutura, datos solicitados e localización e posicionamento dos mesmos, numeración e/ou orde das actividades...).

b) A PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA (PE): Peso porcentual na nota de cada avaliación: 40%.

En cada unha das dúas avaliacións previstas (para aqueles criterios de avaliación e, consecuentemente, unidades didácticas que así o requiran) programárase unha proba teórico-práctica. A proba realizarase preferentemente de xeito presencial, pero se as circunstancias o impedisen ou o desaconsellasen, poderá realizarse de xeito telemático a través da plataforma E-Dixgal.

A cualificación explicitárase no boletín a través do seu valor numérico (1 a 10), sen decimais, redondeada á unidade metade arriba, pero empregárase sen este redondeo no cálculo da cualificación final. Como norma xeral, a nota

daqueles alumnos que presenten o seu "caderno persoal" incompleto non poderá ser superior a 4 (como xa foi exposto anteriormente, a entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, aínda que non suficiente, para acadar unha avaliación positiva na materia).

Nas RECUPERACIÓNS, o alumnado recuperará o caderno persoal e/ou a proba teórico-práctica segundo lle corresponda (aquele no que teña unha nota inferior a 5).

A NOTA FINAL será a media ponderada das notas sen redondear de cada unha das dúas avaliacións (1ª av.: 40% e 2ª av.: 60%), sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3; nese caso, a cualificación final nunca poderá ser superior a 4. A nota aparecerá no boletín redondeada á unidade (metade arriba).

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa metodoloxía a estas particularidades, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado, aínda que a detección das necesidades do alumnado pode darse en calquera momento do curso académico. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas casuísticas. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

1. MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Plantexaranse actividades de ampliación para aquel alumnado que o precise.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a autoestima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas especiais, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións de accesibilidade ao currículo oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poida ser escolarizado disporá da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo (así como flexibilizar o período de permanencia na etapa).

2. MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

-Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

-Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.

-Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presenten graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. (O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.)

- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X			X				X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X			X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X					X	X	
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
VISITAS DIDÁCTICAS.	Visitas guiadas (virtuais ou presenciais) a exposicións, temporais ou permanentes, en espazos expositivos da contorna, formais ou informais (museos, salas de exposicións, galerías,... espazo público) e, en xeral, a calquera lugar de interese en relación ao currículo da materia: centros de formación (facultade de Belas Artes, escolas de Artes e Oficios), centros de traballo (obradoiros de artistas, estudos de deseñadores), etc.	X	X	X
SAÍDAS PARA ACTIVIDADES DE AULA.	Saídas fóra do recinto escolar, na contorna do centro, para desenvolver actividades de aula durante o período lectivo da materia (debuxar do natural, fotografar).			X
OBRADOIROS.	Talleres impartidos por todo tipo de profesionais vencellados á materia (educadores, artistas, deseñadores) para a aprendizaxe práctica dalgunha actividade creativa específica.			X
CERTAMES E EVENTOS ARTÍSTICOS.	Participación en certames e eventos artísticos, organizados polo propio centro e/ou por institucións e organismos externos.	X	X	X
Concurso de debuxo contra a violencia de xénero.	Grupos: ESO e BACH. Observacións: en colaboración co Comité de Igualdade.	X		
Concurso de tarxetas de Nadal.	Grupos: ESO e BACH. Observacións: en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega.	X		
EXPOSICIÓN DE TRABALLOS PROPIOS.	Exposicións de traballos propios (en colaboración ou non con outras materias e niveis), involucrando e comprometendo ao alumnado a colaborar en todo o proceso de organización (plantexamento, montaxe, desmontaxe e valoración de resultados).	X	X	X
Exposición dos traballos do concurso de debuxo contra a violencia de xénero.	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: en colaboración co Comité de Igualdade; lugar: vestíbulo.	X		
Exposición de tarxetas de Nadal.	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega; lugar: vestíbulo.	X		
Exposición de traballos de Entroido (carautas e disfraces).	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: en colaboración coa Biblioteca; lugar: vestíbulo e biblioteca.		X	
Exposición de fin de curso.	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: exposición dunha escolma dos traballos realizados polos alumnos ao longo do curso; lugar: vestíbulo.			X
PROXECTOS DO DEPARTAMENTO E INTERDISCIPLINARES.	Realización de proxectos do Departamento e colaboración cos diversos proxectos de centro (EDLG, Biblioteca, Club de lectura, Comité de Igualdade, Club de Ciencia, Club contra o cambio climático...). Actividades de deseño e intervencións artísticas.	X	X	X

Observacións:

Tentarase planificar as actividades complementarias e extraescolares do departamento ao inicio de curso na medida do posible. Non sempre se pode xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico. O desenvolvemento destas e doutras actividades dependerá en boa medida das programacións dos diversos axentes culturais da nosa contorna e do ritmo de desenvolvemento das programacións didácticas cos diferentes grupos (materias e niveis).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este.
Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.

Metodoloxía empregada
Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará
Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de exemplo ao alumnado do que se pode facer.
Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
O alumnado traballa do seguinte xeito: individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes.
Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
Como paso as horas lectivas: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / observando /corrixindo ao alumnado de xeito individual.
Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
Utilizo diferentes tipos de probas: exames escritos / exames orais / traballo individual / traballo en equipo.
Que teño en conta para medir os resultados?: a nota final / o avance, tendo en conta a situación de partida.
Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: non / de xeito individual / en grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / co alumnado
Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Que fago para coñecer a composición da clase?: pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitama o titor/a, o xefe/a de estudos, o orientador/a / facilitanma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
A miña programación ten en conta a diversidade.
Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
Dou ao alumnado a explicación que precisa: no grupo grande / no grupo pequeno / de xeito individual.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento; adaptándose ademais aos cambios ou axustes normativos que puideran terse producido con aplicación no novo curso.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

1. Introducción

1. O CENTRO.

O IES SÁNCHEZ CANTÓN é un centro de ensino secundario que ofrece aos alumnos e alumnas ensinanzas da ESO, bacharelato e ciclos formativos ligados a actividades deportivas. Está situado no centro de Pontevedra, e unha parte moi importante do alumnado procede da súa contorna inmediata.

Posúe unha EXTENSIÓN NO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA (CGTD), onde o alumnado (bolseiros da Xunta de Galicia) compatibiliza coa práctica deportiva de alto nivel (programas de tecnificación deportiva de distintas disciplinas) os estudos de 3º e 4º da ESO, e 1º e 2º de Bacharelato, particularidade que condiciona de xeito determinante o proceso de ensino-aprendizaxe. Os alumnos proceden de diferentes lugares de Galicia (incluso de fóra dela) e residen durante os días lectivos en réxime de internamento (agás algún alumno da cidade de Pontevedra); o que leva consigo certa heteroxeneidade, social e escolar, do alumnado, e unha ausencia dos pais no seu día a día. A práctica do deporte (adestramentos diarios, concentracións e competicións) réstalles tempo para os estudos, e ocasionan na maioría, dependendo das disciplinas e do seu rendemento deportivo, un elevado número de faltas de asistencia e disrupcións. Todo o anterior é contrarrestado, parcialmente, por certa homoxeneidade na súa actitude cara aos estudos (incluso tamén nas súas competencias). O programa de tecnificación comeza en 3ºESO (podéndose incorporar alumnos en calquera curso) e a permanencia no mesmo depende non só dos resultados deportivos senón tamén dos resultados académicos (aínda que con algunha excepción), un elemento extra de motivación que, sumado ao seu alto grao de competitividade (vinculado á práctica deportiva) repercute positivamente no esforzo que realizan por superar os estudos.

2. MARCO LEGAL.

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,.

Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, DOG Nº183, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.

3. A MATERIA DE EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL.

Esta materia impártese en todos os centros de Secundaria de Galicia, xa que forma parte da etapa obrigatoria, polo que ten unha gran importancia como substrato dunha curiosidade e interese futuros polas distintas manifestacións plásticas.

A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento das persoas. A experimentación coas artes plásticas, visuais e audiovisuais fomenta a exploración e coñecementos propios e promove a imaxinación así como a capacidade para crear respostas múltiples, en linguaxes propios, a diferentes necesidades. Así mesmo a actividade artística implica un grao alto de interacción co grupo onde o traballo propio e alleo, individual e en grupo, serven para fomentar o debate e aprender a aprender.

O estudo da imaxe nos diferentes medios (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación, etc.) convértese nun dos fíos principais da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais en diferentes medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas da cada un deles.

Preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado traballe e experimente co emprego das diferentes linguaxes visuais e audiovisuais realizando as súas propias producións plásticas e audiovisuais.

É imprescindible que o alumnado adquiera os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da

imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. Esta materia colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas e moi especialmente ante a imaxe publicitaria.

A materia impártese nos cursos de primeiro e terceiro da ESO e dá continuidade á educación artística recibida polo alumnado nas etapas anteriores, facilitándolle ao alumnado: seguir aprofundando no coñecemento, interpretación e valoración crítica das imaxes en todas as súas funcións; potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico e a súa posta en valor; poñer en práctica a expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que saen dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que configuran o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A materia ten un enfoque eminentemente práctico o que leva a que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia artículanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas ademais dos factores e as etapas do proceso creativo e unha introdución aos sistemas de representación máis importantes. Inclúese tamén unha introdución á xeometría plana e aos sistemas de representación. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se convierten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			1-3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	1-2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		1-3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Manifestacións culturais e artísticas. Os xéneros artísticos.	Os distintos xéneros artísticos e as manifestacións culturais e artísticas clave	11	6	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Particularidades do patrimonio artístico galego.	ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.	11	6	X	X	X
2	O proceso creativo.	Factores e etapas do proceso creativo. O esbozo. Elección de materiais e técnicas. a realización a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.	11	6	X	X	X
3	Xeometría plana: formas poligonais, tanxencias e enlaces. A xeometría na contorna (natural e cultural).	Trazado de formas poligonais. Introducción ás tanxencias e enlaces; trazado de óvalos, ovoides e volutas. Transformacións xeométricas no plano: translación, xiro, simetría central e simetría axial. Módulos bidimensionais. A xeometría na natureza, na arquitectura e no deseño de obxectos cotiáns.	13	12	X		
4	Os sistemas de representación. Vistas diédricas e perspectivas axonométricas.	Introdución aos sistemas de representación. Vistas diédricas e perspectivas axonométricas (o esbozo isométrico): representación de sólidos sinxelos. Aplicacións no campo de deseño.	13	12	X		
5	Percepción e comunicación visuais. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva.	Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores. Leis da Gestalt. Ilusións ópticas. Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. A composición: conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. Retórica da imaxe. Lectura obxectiva e subxectiva. A publicidade.	13	5		X	
6	Debuxo e pintura.	Uso e características de técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións, directas (secas e húmidas) e indirectas (gravado e estampación), e a súa utilidade na comunicación artística.	13	12		X	
7	Escultura.	Uso e características de técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións, e a súa utilidade na comunicación artística. Instalación e "sitio específico".	13	7			X
8	Cine e animación.	Imaxe en movemento e imaxe secuenciada. O cine e a animación: características, orixe e evolución. Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas.	13	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Cine e animación.		13	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Manifestacións culturais e artísticas. Os xéneros artísticos. Particularidades do patrimonio artístico galego.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Ser quen de recoñecer minimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función desde unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto.	PE	30
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas proposas plásticas significativas e analízalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.	Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte.		
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do patrimonio galego a través do coñecemento de obras de arte e a súa conservación.	TI	70
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética respectando a diversidade cultural.		
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os xéneros artísticos.

Contidos
- Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.

UD	Título da UD	Duración
2	O proceso creativo.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	30
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.	TI	70
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Ser quen de realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráfico-plásticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.
- Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
3	Xeometría plana: formas poligonais, tanxencias e enlaces. A xeometría na contorna (natural e cultural).	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4.1. - Realizar proxectos gráficos axustándose a tarefa solicitada amosando iniciativa no emprego dos principios xeométricos.	Realizar tarefas prácticas e exercicios de xeometría partindo dos exemplos na natureza e na arte.	PE	30
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		
CA1.5.1. - Argumentar e recoñecer os aspectos formais das obras de arte e da natureza en relación ás formas xeométricas.	Saber recoñecer, analizar e argumentar sobre aspectos formais relacionados coa xeometría da nosa contorna.		
CA3.3.1. - Utilizar con creatividade os exemplos xeométricos presentes na contorna, tanto naturais como arquitectónicos, artísticos ou pertencentes ó ámbito do deseño.	Utilizar con fins creativos exemplos xeométricos da nosa contorna e aplicarlos a producións novedosas propias.	TI	70
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación e da xeometría, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os distintos usos e funcións que nos ofrece a xeometría e argumentar acerca das oportunidades que pode xerar cunha actitude aberta e con curiosidade por coñecer a súa importancia na sociedade.		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.		Baleiro	0
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.			
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns. - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

UD	Título da UD	Duración
4	Os sistemas de representación. Vistas diédricas e perspectivas axonométricas.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación. Coñecer os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese a través da práctica de exercicios do sistema, neste caso diédrico.	PE	30
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal e, nun futuro, profesional.	TI	70
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer, dun xeito básico, os diferentes usos que pode ter os sistema diédrico e a croquización a partir das vistas. Argumentar sobre as posibilidades técnicas que poden xerar con interese por coñecer a importancia do debuxo técnico e os sistemas de representación na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico. - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

UD	Título da UD	Duración
5	Percepción e comunicación visuais. Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	PE	30
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.		
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.	TI	70
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores. - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.

UD	Título da UD	Duración
6	Debuxo e pintura.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas en dúas dimensións, secas e húmidas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	30
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar, dun xeito sinxelo, con creatividade, referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.	TI	70
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas para poder xerar mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
7	Escultura.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	30
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias artísticas e culturais da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.	TI	70
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
8	Cine e animación.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, minimamente, as características das distintas técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.	PE	30
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude aberta, e amosando interese por coñecer a súa importancia na nosa sociedade.		
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	TI	70
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise. - Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación. - Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual de 3º da ESO é unha continuidade e ampliación do currículo de 1º da ESO e terá algúns contidos comúns a materias como Matemáticas e Tecnoloxía especialmente nos referidos á xeometría. Seguiremos introducíndonos no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, repasando as obras máis representativas da historia da arte. Tamén profundizar nos mecanismos que nos permiten trasladar, desde a normalización e os sistemas de representación, os obxectos imaxinados ou reais ao papel ou á pantalla. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado, en moitas ocasións, a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual podemos utilizar distintas metodoloxías. Velaquí algunhas suxestións:

- 1) Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.
- 2) Avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- 3) É moi exemplarizante e de gran axuda, amosar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.
- 4) Exposición dos contidos que o alumnado debe entender para a realización dos exercicios onde intervirá unha metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o traballo guiado polo profesorado.
- 5) Elaboración dos exercicios durante as horas lectivas.
- 6) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.

Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:

- A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
- Os bosquexos previos e definitivos.
- A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
- O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrados polo alumnado.

O resultado será valorado en función do progreso do alumnado na consecución da adquisición das competencias clave.

UNIDADES DIDÁCTICAS TRANSVERSAIS: En canto ao propio currículo do curso, considéranse como unidades didácticas transversais as seguintes: ud1 "Manifestacións culturais e artísticas. Os xéneros artísticos. Particularidades do patrimonio artístico galego" e ud2 "O proceso creativo"; polo que serán abordadas no desenvolvemento das restantes unidades didácticas ao longo dos tres trimestres.

De resultas da aplicación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo, como queda recollido no Proxecto Lingüístico do IES Sánchez Cantón, esta materia impartirase no presente curso académico en lingua galega.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Aula taller de Debuxo - Artes Plásticas (IES Sánchez Cantón, edificio principal), espazo con mobiliario axeitado para o desenvolvemento das materias impartidas polo Departamento: escritorio para o/a profesor/a e mesas de debuxo, amplas e cómodas, para o alumnado; encerado de xiz, encerado de rotulador; vetedoiro con billa; espazo ou moble de secado; espazos, andeis e taboleiros (de cortiza) para expoñer, presentar e comentar obras; mobles con andeis e caixóns para gardar instrumentos, materiais, traballos, libros, etc.
Aula de Debuxo - Artes Plásticas (IES Sánchez Cantón, extensión CGTD), aula materia do Departamento: escritorio para o/a profesor/a e mesas de aula ordinarias para o alumnado; cabaletes, encerado de rotulador; espazo ou moble de secado; espazos, andeis e taboleiros (de cortiza) para expoñer, presentar e comentar obras; mobles con andeis e caixóns para gardar instrumentos, materiais, traballos, libros, etc.
Ordenador de aula con conexión a internet e proxector con pantalla (non dixital) e altofalantes.
Ordenador do alumno (proxecto E-Dixgal).
Plataforma de ensino virtual: E-Dixgal (no desenvolvemento do curso ordinario) / aula virtual do centro (para o seguimento da materia pendente).
Recursos de internet: páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.
Biblioteca de aula e de centro (edificio principal e extensión CGTD). Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Instrumentos tradicionais de debuxo técnico para encerado: regra, escuadro, cartabón, compás e transportador de ángulos.
Materiais e instrumentos de gravado e estampación.
Materiais e instrumentos para modelado.
Materiais artísticos. Instrumentos/ferramentas e materiais fuxíbeis (distintos soportes, carbón, lapis conté, sanguina, pintura acrílica, témpera...).

1. AULA TALLER (EDIFICIO PRINCIPAL) E AULA MATERIA (CGTD).

O Departamento conta cunha aula taller no edificio principal do centro e cunha aula materia na extensión do CGTD, ambas con algúns espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc. A aula materia do CGTD presenta algunhas limitacións en comparación coa aula taller do edificio principal ao carecer de mesas específicas de debuxo (máis amplas que as ordinarias) e de vertedoiro con billa, dificultando o emprego dalgunhas técnicas e procedementos artísticos tanto bidimensionais coma tridimensionais. Non obstante, no presente curso académico a materia de 3ºESO impátese, en todos os casos, na aula de referencia de cada grupo, debido á imposibilidade, por incompatibilidade horaria, de empregar a aula específica en todas as materias, como sería desexable. O Departamento viuse, pois, obrigado a priorizar o uso da aula específica nalgunhas materias, acorándose facelo coas materias de cursos superiores. Esta circunstancia condicionará o funcionamento das aulas de 3ºESO, impondo limitacións no emprego de técnicas e procedementos artísticos tanto bidimensionais coma tridimensionais.

2. MATERIAIS DE APOIO, MEDIOS AUDIOVISUAIS E NOVAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS.

Sempre que sexa posible dinamizarase o contido teórico da materia mediante materiais de apoio, xa sexan estes fotografías, animacións, vídeos, ilustracións, planos, etc.. Considérase moi valiosa a utilización de medios audiovisuais pola importancia que ten para o alumno coñecer feitos e realidades que non poderían ser levados á aula doutro xeito.

Pretendemos que a comprensión, coñecemento, manexo e aplicación das novas tecnoloxías dixitais sexa factible no maior número posible de exercicios ao longo do curso académico, xa que permiten novos medios de expresión e investigación. A inclusión de todos os cursos da ESO no programa E-Dixgal garante que todo o alumnado desta etapa dispoña de ordenador persoal; ademais, as enquisas efectuadas nos últimos anos poñen de manifesto que a maioría teñen ao seu dispor conexión á rede nos seus domicilios. Asemade:

1) Potenciaremos o uso de programas de código aberto (software libre) e de uso gratuíto, tanto para a investigación e elaboración de contidos gráfico-plásticos, como para a solución de problemas e a súa presentación (e posterior publicación): ofimática (OpenOffice, LibreOffice), edición e retoque fotografico (GIMP), creación de gráficos vectoriais

(Inkscape), maquetación (Scribus), edición de vídeo (OpenShot), CAD (LibreCad)...

2) Potenciaremos o uso dos recursos propios e a comunicación permanente profesor-alumno a través da web do centro, espazo Abalar e plataforma E-Dixgal.

3) Potenciaremos que o alumnado sexa quen de presentar o seu traballo tanto no formato *¿físico¿* tradicional como en diferentes formatos dixitais, empregando a plataforma E-Dixgal para a súa entrega.

3. MATERIAIS PROPIOS DO ALUMNO.

O alumno deberá aportar material propio para o seu traballo diario (aínda que na aula poderán estar dispoñibles algúns destes materiais para uso do alumnado, de ser necesario):

1) Básicos (mínimo e imprescindible): Xogo de escuadro e cartabón, regra graduada e compás (con adaptador para lápises e rotuladores). Portaminas con minas de grosor 0.5 e dureza HB. Lapis de grafito ou portaminas (HB e 2B/4B). Afialápises e lima de unllas (ou rasqueta afiaminas). Goma de borrar branda. Rotuladores técnicos calibrados de tinta negra (0.2, 0.4 e 0.8). Lápises de cores preferiblemente acuarelables (mínimo cores primarias). Rotuladores de cores (de grosor medio). Pegamento de barra. Cinta adhesiva. Témperas (só cinco cores): maxenta, azul ciano, amarelo limón, branco e negro. Pinceis para acuarela (planos e redondos; finos e grosos): p.e. nº 6 e nº 12. Pano, vaso de plástico, prato de plástico (ou paleta). Papel branco de 80 grs aprox. (tipo "folio") en formato DIN-A3 (ou DIN-A4, segundo as preferencias do profesor, comunicadas ao comezo do curso); e papel branco de, como mínimo para técnicas húmidas, 130 grs. ("láminas") aprox. en formato DIN-A3 (ou DIN-A4, segundo as preferencias do profesor, comunicadas ao comezo do curso) para o desenvolvemento dos exercicios de aula. Carpetas para o arquivo e presentación do taballo persoal: de fundas, e de gomas con lapelas. Memoria USB para a copia de seguridade de exercicios en formato dixital. Ordenador persoal (facilitado polo centro dentro do programa E-Dixgal).

Para guía e uso do alumno, empregaranse os libros de texto proporcionados pola plataforma E-Dixgal para os distintos cursos, combinando os materias ofertados a criterio do profesor/a.

2) Complementarios: O profesorado poderá solicitar outros materiais ao longo do curso, en función do traballo a desenvolver e das dispoñibilidades do propio alumno e do centro docente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza - aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...

- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...

- Contorna: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de distintos tipos de probas, de cuestionarios como tarefas na aula virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. O deseño daqueles instrumentos de carácter formal que se estimen necesarios realizárase de forma consensuada entre todos os membros do Departamento, cunha especial coordinación do profesorado que imparte docencia na mesma materia e nivel. A recollida de información tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

No presente curso académico propónse unha proba teórico-práctica para a recollida de información sobre a competencia curricular do alumnado, que versará sobre os contidos conceptuais e procedimentais que foron tratados no currículo das etapas formativas precedentes.

A reunión de avaliación inicial, a finais do mes de setembro, co titor do grupo, o equipo docente e o Departamento de Orientación axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIONS:

Analizada toda a información, as conclusións serán postas en común nunha reunión de Departamento, para consensuar as medidas que se estimen oportunas. Tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, deseño e planificación das actividades de aula, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	13	13	13	13	13	13	100
Proba escrita	30	30	30	30	30	30	30	30	30
Táboa de indicadores	70	70	70	70	70	70	70	70	70

Criterios de cualificación:

1. CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades didácticas traballadas en cada avaliación establecerase mediante:

a) O CADERNO PERSOAL DO ALUMNO (TI). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 70%.

Sendo esta unha materia de carácter eminentemente práctico, o alumno realizará un conxunto de traballos (prácticos na súa maioría, aínda que tamén teóricos ou teórico-prácticos) propostos polo profesor en relación ao tema a desenvolver, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro (mediante rúbricas e/ou comentarios orais). As actividades estarán pensadas para que o alumnado poida realizalas, agás imprevistos, case na súa totalidade no tempo de clase baixo supervisión directa do profesor. O alumno deberá confeccionar coas actividades propostas que se desenvolvan ao longo do curso o seu "caderno persoal".

A entrega a través do "caderno persoal" da totalidade dos traballos será considerada condición indispensable para acadar unha avaliación positiva no período correspondente. O alumno deberá ter igualmente presentados aqueles traballos e tarefas que se soliciten para a súa entrega a través da plataforma E-Dixgal. Agás nos casos que contén con suficiente xustificación (enfermidade ou causa familiar grave), a falta ou non presentación destes traballos de aula terá como consecuencia inmediata a avaliación negativa do alumno. Consideraranse non entregados aqueles traballos nos que quede demostrada a non autoría do alumno, por copia, calcado, falsificación ou suplantación de identidade na realización dos mesmos; coas consecuencias que deste feito deriven.

A revisión, corrección e cualificación do "caderno persoal" de cada alumno realizarase ao final do trimestre. Non obstante, o profesor poderá solicitar o "caderno persoal" para este fin tantas veces como considere. Os alumnos conservarán todos os seus traballos ata o remate de curso (aínda que xa fosen cualificados), podendo ser solicitados para a súa revisión en calquera momento do curso; e deberán recompilar todos aqueles elaborados en soporte papel para unha entrega final na 3ª avaliación. Se por calquera circunstancia non fosen posibles tanto as achegas parciais como a entrega final en soporte físico, poderán realizarse dixitalizadas a través da plataforma E-Dixgal, sempre baixo solicitude ou autorización do profesorado da materia.

A nota deste apartado será a media de todos os traballos (coa correspondente ponderación), valorándose cun 0 os non presentados.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden empregar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. De xeito xeral, teranse en conta os seguintes, agrupados en cinco categorías, aplicables na meirande parte das unidades didácticas:

- Saber ver e saber facer:

Axústase o resultado ao obxectivo da actividade realizada?

Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor, realiza as actividades na aula e sigue un proceso de traballo correcto?

É correcta a realización do exercicio? Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...)?

Escolle as técnicas, os instrumentos e os materiais adecuados en función da mensaxe proposta ?

Emprega as técnicas, os instrumentos e os materiais de xeito adecuado?

Resolve e presenta as tarefas con claridade, precisión, limpeza e orde?

E capaz de explicar (oralmente e por escrito) con corrección, de xeito razoado e crítico, empregando a terminoloxía adecuada, os conceptos sobre os que se traballa, o desenvolvemento e os resultados das súas actividades?

- Creatividade:

Propón solucións creativas rexeitando a copia (do profesor / compañeiro / autor) de xeito literal?

É capaz de producir ideas inusuais, infrecuentes ou non banais? (:orixinalidade.)

É capaz de producir gran número de ideas? (:fluidez.)

É capaz de desenvolver, embelecer ou completar unha idea? (:elaboración.)

É capaz de producir unha gran variedade de ideas? (:flexibilidade.)

- Presentación:

Respecta as normas de presentación e entrega (materiais, soportes, formatos / estrutura, datos solicitados e localización e posicionamento dos mesmos, numeración e/ou orde das actividades...)?

Presenta o seu traballo no prazo e datas previstos?

- Material e espazo de traballo:

Trae o material necesario?

Coida o material propio e alleo, manténdoo en perfecto orde e estado?

Deixa recollido e limpo o seu espazo de traballo, e colabora recollendo e limpando os espazos compartidos?

- Actitude e comportamento no desenvolvemento do traballo de aula:

Asiste a clase con puntualidade?

Respecta o traballo e as normas de clase?

Participa activamente, de xeito autónomo, con interese e responsabilidade no desenvolvemento da clase, nas actividades individuais e nos traballos en grupo, evidenciándose o esforzo realizado por progresar e superarse?: implícase no desenvolvemento das aulas e nos traballos propostos?; é receptivo ás indicacións do profesor, as comprende e as emprega?; amosa atención?; participa no diálogo que se establece no desenvolvemento dos contidos da materia?; traballa en clase?; amosa interese por saber máis?; emprega os novos coñecementos noutras áreas?; comparte noticias relacionadas e fai comentarios espontáneos?; ofrécese voluntario para realizar exercicios?; organiza o seu traballo con autonomía?; completa as actividades na casa, de ser necesario, para axustarse ao ritmo de traballo plantexado na aula?; se falta ou vai faltar a clase preocúpase por poñerse ao día co seu traballo?; amosa afán de superación persoal ante cada traballo?

Nos traballos en grupo: participa nas actividades, levando a cabo as tarefas asignadas, e fai aportacións significativas?; contribúe a manter o grupo concentrado e unido traballando cooperativamente? emite a súa opinión con argumentos razoables respectando quendas de palabra?; ten en conta as distintas opinións e as relaciona coas propias expresándose sempre con corrección nas formas?; escoita e deixa falar respectando as opinións dos demais?

b) AS PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS (PE). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 30%.

En cada unha das tres avaliacións previstas (para aqueles criterios de avaliación e, consecuentemente, unidades didácticas que así o requiran) programarase, como mínimo, unha proba teórico-práctica. No caso de ser máis dunha, a nota deste apartado calcularase a través da media das distintas probas, coa ponderación correspondente. As probas programaranse preferentemente en formato presencial, pero se as circunstancias o impedisen ou o desaconsellasen, as mesmas poderán realizarse en formato telemático a través da plataforma E-Dixgal.

Os resultados das avaliacións (cualificacións) axustaranse aos baremos habituais adoptados polo centro educativo e determinados pola normativa vixente, co fin de evitar confusións na súa explicitación aos diferentes membros da comunidade educativa; en termos xerais:

Nivel INSUFICIENTE. Valor numérico 1-2. O alumno non foi quen de superar os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, ten moitas dificultades e non progresa de forma adecuada, sendo incapaz de afrontar o seu traballo de maneira autónoma e organizada.

Nivel INSUFICIENTE. Valor numérico 3-4. O alumno non superou de xeito plenamente satisfactorio os criterios de

avaliación previstos no deseño curricular, se ben cun maior esforzo e organización persoal podería superar os mínimos esixibles.

Nivel SUFICIENTE. Valor numérico 5. O alumno superou de maneira satisfactoria os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, alcanzando en conxunto os mínimos esixibles.

Nivel BEN. Valor numérico 6. O alumno superou de maneira plenamente satisfactoria os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando en conxunto os mínimos esixibles.

Nivel NOTABLE. Valor numérico 7-8. O alumno superou plenamente os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando de forma ampla os obxectivos propostos.

Nivel SOBRESALIENTE. Valor numérico 9-10. O alumno superou plenamente os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando de forma destacada os obxectivos propostos.

A cualificación explicitarase no boletín a través do seu valor numérico (1 a 10), sen decimais, redondeada á unidade metade arriba, pero empregarase sen este redondeo no cálculo da cualificación final. Como norma xeral, a nota daqueles alumnos que presenten o seu "caderno persoal" incompleto non poderá ser superior a 4 (como xa foi exposto, a entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, aínda que non suficiente, para acadar unha avaliación positiva na materia).

2. CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final será a media aritmética das notas sen redondear de cada unha das tres avaliacións, sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3; nese caso a cualificación final non poderá ser superior a 4. A nota aparecerá no boletín redondeada á unidade (metade arriba).

Criterios de recuperación:

Nos niveis INSUFICIENTE especificarase as dificultades do alumno, así como as medidas axeitadas para a súa superación, comunicándollas verbalmente ao alumno, e ao titor do grupo na sesión de avaliación. Para superar as notas das avaliacións suspensas o alumnado poderá recuperar os seguintes instrumentos nos que teña unha nota inferior a 5: a) CADERNO PERSOAL: Reelaboración das tarefas suspensas e entrega/realización das non entregadas. As actividades a corrixir deberán realizarse novamente, nun soporte distinto ao do resultado entregado inicialmente, que se volverá entregar acompañando ao novo resultado. O profesor poderá determinar a realización de tarefas adaptadas ás circunstancias do alumno, tendo en conta os criterios expresados nas medidas de atención á diversidade. Na cualificación das actividades entregadas nas datas de recuperación non se valorará a porcentaxe correspondente á observación do traballo desenvolvido na aula, sempre e cando sexan corrixidos ou feitos fora da mesma. b) PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: Realización dunha proba específica co obxectivo de que se poida constatar que o alumnado alcanzou de maneira satisfactoria alomenos os obxectivos mínimos da avaliación correspondente. As recuperacións faranse atendendo ao seguinte cronograma: a) Rec. da 1ª av.: durante a 2ª av. e ao final da 3ª av. (recuperación final). b) Rec. da 2ª av.: durante a 3ª av. e ao final da 3ª av. (recuperación final). c) Rec. da 3ª av.: ao final da 3ª av. (recuperación final). A proba de rec. final realizarase na mesma sesión lectiva, debendo realizar o alumno únicamente a avaliación ou avaliacións suspensas, e poderá coincidir coa data límite para a nova entrega final do caderno persoal. Recalculase a nota de cada avaliación do seguinte xeito: a) CADERNO PERSOAL: mellor nota avaliación/recuperación; 70%. b) PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: mellor nota avaliación/recuperación; 30%.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que terá acceso a través da aula virtual do centro (nun espazo destinado a tal fin dentro do curso do Departamento de Artes Plásticas) / plataforma E-Dixgal; podendo realizar calquera tipo de consulta (respecto das actividades propostas ou das probas teórico-prácticas), preferentemente mediante reunións presenciais, ao xefe de Departamento de Artes Plásticas, ou profesor en quen delegue o Departamento ao comezo de curso entre aqueles que impartan aulas da materia na modalidade ordinaria, para o que se habilitará no horario lectivo o período correspondente (empregándose fundamentalmente os tempos do recreo). Na extensión do CGTD os alumnos coa asignatura pendente serán atendidos polo profesorado alí adscrito.

A avaliación do alumnado coa materia pendente levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, organizándose segundo o seguinte cronograma:

- 1ª AVALIACIÓN: xaneiro; contidos de "Debuxo Técnico" (UD3, UD4)
- 2ª AVALIACIÓN: abril; contidos de "Expresión Plástica" e "Comunicación Audiovisual". (UD1, UD2, UD5, UD6, UD7, UD8)

- RECUPERACIÓN (1ª av. e/ou 2ª av.): maio.
- RECUPERACIÓN FINAL (1ª av. e/ou 2ª av.): xuño (poderá coincidir coa "recuperación final" do curso ordinario).

En cada avaliación empregaranse os seguintes instrumentos:

a) O CADERNO PERSOAL DO ALUMNO (TI): Peso porcentual na nota de cada avaliación: 60%.

Dado o carácter eminentemente práctico da materia, o alumno deberá realizar unha serie de actividades obrigatorias propostas polo Departamento para cada unha das avaliacións de pendentes, que responderán aos criterios de avaliación do período avaliado, e das que o alumnado coñecerá os indicadores de logro (mediante rúbricas e/ou comentarios orais). A entrega a través do "caderno persoal" da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, non suficiente, para acadar unha avaliación positiva no período correspondente, considerándose non entregados aqueles traballos nos que quede demostrada a non autoría do alumno, por copia, calcado, falsificación ou suplantación de identidade na realización dos mesmos. A presentación dos traballos deberá facerse segundo as instrucións dadas previamente polo profesorado (entrega física ou telemática a través da aula virtual, materiais, soportes, formatos / estrutura, datos solicitados e localización e posicionamento dos mesmos, numeración e/ou orde das actividades...).

b) A PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA (PE): Peso porcentual na nota de cada avaliación: 40%.

En cada unha das dúas avaliacións previstas (para aqueles criterios de avaliación e, consecuentemente, unidades didácticas que así o requiran) programarase unha proba teórico-práctica. A proba realizarase preferentemente de xeito presencial, pero se as circunstancias o impidisen ou o desaconsellasen, poderá realizarse de xeito telemático a través da plataforma E-Dixgal.

A cualificación explicitarase no boletín a través do seu valor numérico (1 a 10), sen decimais, redondeada á unidade metade arriba, pero empregarase sen este redondeo no cálculo da cualificación final. Como norma xeral, a nota daqueles alumnos que presenten o seu "caderno persoal" incompleto non poderá ser superior a 4 (como xa foi exposto anteriormente, a entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, aínda que non suficiente, para acadar unha avaliación positiva na materia).

Nas RECUPERACIÓNS, o alumnado recuperará o caderno persoal e/ou a proba teórico-práctica segundo lle corresponda (aquele no que teña unha nota inferior a 5).

A NOTA FINAL será a media ponderada das notas sen redondear de cada unha das dúas avaliacións (1ª av.: 40% e 2ª av.: 60%), sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3; nese caso, a cualificación final nunca poderá ser superior a 4. A nota aparecerá no boletín redondeada á unidade (metade arriba).

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa metodoloxía a estas particularidades, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado, aínda que a detección das necesidades do alumnado pode darse en calquera momento do curso académico. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas casuísticas. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centranse en:

1. MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Plantexaranse actividades de ampliación para aquel alumnado que o precise.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a autoestima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas especiais, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións de accesibilidade ao currículo oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poida ser escolarizado disporá da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo (así como flexibilizar o período de permanencia na etapa).

2. MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presenten graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. (O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.)
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X						X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X						X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Competencia dixital.	X	X						X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
VISITAS DIDÁCTICAS.	Visitas guiadas (virtuais ou presenciais) a exposicións, temporais ou permanentes, en espazos expositivos da contorna, formais ou informais (museos, salas de exposicións, galerías,... espazo público) e, en xeral, a calquera lugar de interese en relación ao currículo da materia: centros de formación (facultade de Belas Artes e escolas de Artes e Oficios), centros de traballo (obradoiros de artistas e estudos de deseñadores), etc.	X	X	X
SAÍDAS PARA ACTIVIDADES DE AULA.	Saídas fóra do recinto escolar, na contorna do centro, para desenvolver actividades de aula durante o período lectivo da materia (debuxar do natural e fotografar).		X	X
CHARLAS INFORMATIVAS.	Charlas (virtuais ou presenciais) impartidas por todo tipo de profesionais vencellados á materia (educadores, artistas e deseñadores) relacionadas con distintos intereses do noso alumnado.		X	X
OBRADOIROS.	Talleres impartidos por todo tipo de profesionais vencellados á materia (educadores, artistas e deseñadores) para a aprendizaxe práctica dalgunha actividade creativa específica.		X	X
CERTAMES E EVENTOS ARTÍSTICOS.	Participación en certames e eventos artísticos, organizados polo propio centro e/ou por institucións e organismos externos.	X	X	X
Concurso de debuxo contra a violencia de xénero.	Grupos: ESO e BACH. Observacións: en colaboración co Comité de Igualdade.	X		
Concurso de tarxetas de Nadal.	Grupos: ESO e BACH. Observacións: en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega.	X		
EXPOSICIÓN DE TRABALLOS PROPIOS.	Exposicións de traballos propios (en colaboración ou non con outras materias e niveis), involucrando e comprometendo aos alumnos a colaborar en todo o proceso de organización (plantexamento, montaxe, desmontaxe e valoración de resultados).	X	X	X
Exposición dos traballos do concurso de debuxo contra a violencia de xénero.	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: en colaboración co Comité de Igualdade; lugar: vestíbulo.	X		
Exposición de tarxetas de Nadal.	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega; lugar: vestíbulo.	X		
Exposición de traballos de Entroido (carautas e disfraces).	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: en colaboración coa Biblioteca; lugar: vestíbulo e biblioteca.		X	
Exposición de fin de curso.	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: exposición dunha escolma dos traballos realizados polos alumnos ao longo do curso; lugar: vestíbulo.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PROXECTOS DO DEPARTAMENTO E INTERDISCIPLINARES.	Realización de proxectos do Departamento e colaboración cos diversos proxectos de centro (EDLG, Biblioteca, Club de lectura, Comité de Igualdade, Club de Ciencia, Club contra o cambio climático...). Actividades de deseño e intervencións artísticas.	X	X	X

Observacións:

Tentarase planificar as actividades complementarias e extraescolares do departamento ao inicio de curso na medida do posible. Non sempre se pode xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico. O desenvolvemento destas e doutras actividades dependerá en boa medida das programacións dos diversos axentes culturais da nosa contorna e do ritmo de desenvolvemento das programacións didácticas cos diferentes grupos (materias e niveis).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adaptación a este.
Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación especialmente os criterios de avaliación.
Consulta a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións e propostas de mellora.

Metodoloxía empregada
Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de exemplo ao alumnado do que se pode facer.
Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / Por parellas / En grupos reducidos / En grupos grandes.
Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
Como paso as horas lectivas: Intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / observando / corrixindo ao alumnado de xeito individual.
Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos / Exames orais / Traballo individual / Traballo en equipo.
Que teño en conta para medir os resultados?: A nota final / O avance, tendo en conta a situación de partida.
Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: non / de xeito individual / en grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / co alumnado.
Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitama o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilitanma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
A miña programación ten en conta a diversidade.
Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento; adaptándose ademais aos cambios ou axustes normativos que puideran terse producido con aplicación no novo curso.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Expresión artística	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	32
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	35

1. Introducción

1. O CENTRO.

O IES SÁNCHEZ CANTÓN é un centro de ensino secundario que ofrece aos alumnos e alumnas ensinanzas da ESO, bacharelato e ciclos formativos ligados a actividades deportivas. Está situado no centro de Pontevedra, e unha parte moi importante do alumnado procede da súa contorna inmediata.

Posúe unha EXTENSIÓN NO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA (CGTD), onde o alumnado (bolseiros da Xunta de Galicia) compatibiliza coa práctica deportiva de alto nivel (programas de tecnificación deportiva de distintas disciplinas) os estudos de 3º e 4º da ESO, e 1º e 2º de Bacharelato, particularidade que condiciona de xeito determinante o proceso de ensino-aprendizaxe. Os alumnos proceden de diferentes lugares de Galicia (incluso de fóra dela) e residen durante os días lectivos en réxime de internamento (agás algún alumno da cidade de Pontevedra); o que leva consigo certa heteroxeneidade, social e escolar, do alumnado, e unha ausencia dos pais no seu día a día. A práctica do deporte (adestramentos diarios, concentracións e competicións) réstalles tempo para os estudos, e ocasionan na maioría, dependendo das disciplinas e do seu rendemento deportivo, un elevado número de faltas de asistencia e disrupcións. Todo o anterior é contrarrestado, parcialmente, por certa homoxeneidade na súa actitude cara aos estudos (incluso tamén nas súas competencias). O programa de tecnificación comeza en 3ºESO (podéndose incorporar alumnos en calquera curso) e a permanencia no mesmo depende non só dos resultados deportivos senón tamén dos resultados académicos (aínda que con algunha excepción), un elemento extra de motivación que, sumado ao seu alto grao de competitividade (vinculado á práctica deportiva) repercute positivamente no esforzo que realizan por superar os estudos.

2. MARCO LEGAL.

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, DOG Nº183, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.

3. A MATERIA DE EXPRESIÓN ARTÍSTICA.

Esta materia impártese como optativa no 4º curso da Educación Secundaria Obrigatoria nos centros de Secundaria de Galicia. Na materia de Expresión Artística pónense en funcionamento diferentes procesos cognitivos, culturais, emocionais e afectivos, facendo que todos eles se combinen e interactúen nun mesmo pensamento creador. Supón, por tanto, un paso máis na adquisición das competencias que se desenvolven desde cursos e etapa anteriores.

No desenvolvemento dunha proposta creativa, levarán a cabo fases de información, investigación, reflexión, análise, expresión de opinións e adopción de posicionamentos acerca de cuestións xerais ou persoais, procura de solucións propias, traballo colaborativo, avaliación, autoavaliación e exercicio do xuízo crítico. Este proceso daralle ao alumnado a oportunidade de establecer vínculos entre diferentes linguaxes e disciplinas artísticas, o que facilitará o enriquecemento das súas propias creacións, a súa percepción das obras de arte e a súa capacidade para apreciar o patrimonio cultural.

A materia favorece a experimentación coas principais técnicas artísticas e o desenvolvemento da capacidade expresiva e da creatividade, do pensamento diverxente e da innovación. Así mesmo, busca dotar ao alumnado dos coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para comunicar a través da expresión artística. Con este obxectivo, a materia preséntase como un espazo desde o que estimular o desexo de expresar unha visión persoal do mundo a través de producións artísticas propias e desde o que converter o erro ou o fracaso nunha oportunidade de aprendizaxe. A análise e a avaliación dos procesos de creación propios, doutros artistas e doutras manifestacións culturais ao longo da historia, das experiencias vividas, das estratexias e medios utilizados, dos erros cometidos e dos progresos obtidos axudaránlle ao alumnado para tomar conciencia da creatividade como un medio de coñecemento,

de resolución de problemas e de construción da propia identidade. Esta toma de conciencia, á súa vez, favorecerá a reinversión das aprendizaxes en situacións análogas ou noutros contextos.

A materia está deseñada a partir de catro obxectivos que emanan dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión cultural, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. Estes obxectivos poden traballarse simultaneamente mediante un desenvolvemento entrelazado e ha de terse en conta que, por consistir na creación de producións artísticas e culturais, a última delas require da activación das tres primeiras, é dicir, da observación e valoración crítica deste tipo de producións e da selección e do emprego tanto de técnicas plásticas como gráficas e audiovisuais.

Os criterios de avaliación, que determinan o grao de adquisición dos obxectivos, deben aplicarse nunha contorna flexible e propicia para a expresión creativa do alumnado.

O carácter eminentemente práctico da materia determina a elección dos seus contidos. Estes atópanse divididos en tres bloques:

Bloque 1. «Técnicas gráfico-plásticas», que recolle as diferentes técnicas artísticas que o alumnado ha de explorar, aprendendo a seleccionar aquelas que resulten máis adecuadas aos seus propósitos expresivos: as técnicas máis habituais no debuxo, na ilustración e na pintura, tanto secas (debuxo a carbón, lapis de grafito, lapis composto, lapis de cores, ceras, pastel, bolígrafos ou rotuladores), como húmidas (tinta chinesa, acuarela ou pintura á augada), técnicas alternativas e mixtas (colaxe, frottage, grattage, decalcomanía, objet trouvé, dripping, assemblage), técnicas básicas de estampaxe e técnicas de modelado e de creación de volume.

Bloque 2. «Fotografía, linguaxe visual, audiovisual e multimedia», este bloque permite profundar nas aprendizaxes sobre linguaxe narrativa e audiovisual adquiridas na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Incidirase no proceso de creación, no deseño de proxectos, na análise crítica da linguaxe publicitaria e da sociedade de consumo, en técnicas e formatos de fotografía e vídeo, así como nos diferentes medios de difusión das producións audiovisuais.

Bloque 3. «Debuxo técnico aplicado ás artes plásticas e ao deseño» dota ao alumnado dun instrumento eficiente para comunicarse de maneira gráfica e obxectiva, para expresar e difundir ideas ou proxectos de acordo con convencións que garantan a súa interpretación fiable e precisa, así como para desenvolver a súa visión espacial.

Como contidos transversais a estes dous bloques inclúense, entre outros, a prevención e xestión responsable dos residuos e a seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos, co fin de contribuír á educación ambiental do alumnado.

Dado o seu carácter práctico, a materia contribúe á asunción responsable das obrigas, á cooperación e ao respecto ás demais persoas; desenvolve a capacidade de traballo en equipo e a autodisciplina, ademais de promover o trato igualitario e inclusivo; favorece o espírito innovador e emprendedor, fomentando a creatividade, a iniciativa persoal e a capacidade de aprendizaxe a partir dos erros cometidos e permite participar no enriquecemento do patrimonio a través da creación de producións persoais.

A este respecto, fai falta lembrar que, dentro do proceso creador e expresivo, toda produción gráfico-plástica e audiovisual adquire sentido cando é exposta, apreciada, analizada e compartida cun público. De aí a importancia de organizar actividades nas que o alumnado se converta en espectador non só das producións alleas, senón tamén das súas propias. Isto contribuirá á súa formación integral e ao desenvolvemento da humildade; da asertividade; da empatía; da madurez emocional, persoal e académica; da autoconfianza e da socialización. En definitiva, contribuirá ao desenvolvemento da intelixencia emocional, que lle permitirá prepararse para aprender dos seus erros e para recoñecer tanto as emocións propias como as doutras persoas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar manifestacións artísticas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais e valorando o proceso de creación e o resultado final, para educar a mirada, alimentar o imaxinario, reforzar a confianza e ampliar as posibilidades de gozar do patrimonio cultural e artístico.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando distintos medios, soportes, ferramentas e linguaxes, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección das máis adecuadas a cada necesidade ou intención.			2	2	1	1-3		3-4
OBX3 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins, para incorporalos ao repertorio persoal de recursos e desenvolver o criterio de selección dos máis adecuados a cada necesidade ou intención.				5	1-3			3-4
OBX4 - Crear producións artísticas, individuais ou grupais, realizadas con diferentes técnicas e ferramentas, incluído o propio corpo, a partir dun motivo ou intención previos, adaptando o deseño e o proceso ás necesidades e indicacións de realización e tendo en conta as características do público destinatario, para compartilas e valorar as oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional que poden derivarse desta actividade.	1		3	3	3-5		3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Elementos da linguaxe visual, percepción e composición.	Repaso dos elementos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas. Revisión das leis perceptivas máis relevantes. As leis da composición. Cor e	7	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Elementos da linguaxe visual, percepción e composición.	composición.	7	6	X		
2	O debuxo.	<p>As técnicas grafo-plásticas secas e húmidas empregadas en debuxo: lapis de grafito, carbón, sanguina, lapis conté, tinta, etc. Toma de contacto con algunhas destas técnicas, experimentando coas posibilidades expresivas que ofrecen. Procedementos para encaixar debuxos do natural. O claroscuro.</p> <p>Busca, selección e revisión de autores/as e obras de interese e relevancia nas artes realizadas con estas técnicas.</p> <p>Impacto ambiental dos materiais e tratamento dos residuos segundo o seu grao de toxicidade. Organización e seguridade no espazo de traballo. A importancia da reciclaxe na produción artística.</p>	7	9	X		
3	A pintura.	<p>As técnicas grafo-plásticas secas, húmidas, mixtas e alternativas empregadas en pintura, principalmente as empregadas nas vangardas artísticas: témpera, acuarela, acrílico... Toma de contacto con algunhas destas técnicas, experimentando coas posibilidades expresivas que ofrecen. Busca, selección e revisión de autores/as e obras de interese e relevancia nas artes realizadas con estas técnicas.</p> <p>Impacto ambiental dos materiais e tratamento dos residuos segundo o seu grao de toxicidade. Organización e seguridade no espazo de traballo. A importancia da reciclaxe na produción artística.</p>	7	9	X		
4	As técnicas de gravado.	<p>Diferenciar os tipos de gravado segundo o tratamento da matriz (relieve, oco e plano) e coñecer as características básicas das técnicas máis habituais (xilografía, punta seca, augaforte e litografía). Recoñecer os materiais e ferramentas empregadas no taller de gravado. Aplicar procedementos directos, aditivos e sustrativos. Traballo con monotipos e experimentar coa técnica do linogravado e coa punta seca sobre acetato. Busca, selección e revisión de autores/as e obras de interese e relevancia na historia da arte, realizadas con estas técnicas.</p> <p>Impacto ambiental dos materiais e tratamento dos residuos segundo o seu grao de toxicidade. Organización e seguridade no espazo de traballo. A importancia da reciclaxe na produción artística.</p>	7	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Arte na natureza e arte urbano.	<p>Introdución á arte dende os comezos ata a actualidade, facendo esial fincapé nas novas correntes artísticas. A reciclaxe e o respecto polo patrimonio cultural e artístico. Selección de obras e autores/as relevantes ao longo da historia da arte. Os murais da contorna e artistas contemporáneos.</p> <p>O graffiti e a pintura mural: estilos e aspectos técnicos na realización de murais. Selección de obras e autores/as relevantes no ámbito internacional, nacional e da contorna.</p> <p>Impacto ambiental dos materiais e tratamento dos residuos segundo o seu grao de toxicidade. Organización, seguridade e medios de protección no espazo de traballo dun graffiti.</p>	6	4	X		
6	Xeometría plana.	Construcións e procedementos básicos da xeometría plana. Representación con medios manuais e emprego de aplicacións dixitais.	7	7		X	
7	Xeometría descritiva.	Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivivos. Conceptos básicos de normalización. Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.	7	7		X	
8	Publicidade.	A publicidade gráfica e audiovisual. Estratexias, recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación.	7	7		X	
9	Deseño.	Unidade na que se analizan, as fases do proceso de deseño e os diferentes campos do mesmo con seleccion de exemplos (produto, arquitectura, gráfico, etc) e de deseñadores relevantes na historia do deseño.	7	7		X	
10	O volume.	Tipoloxías na escultura. Principios e fundamentos do deseño tridimensional. Realizar un exercicio práctico de modelado. Recoñecer autores/as e obras escultóricas significativas ao longo da historia da arte. Impacto ambiental dos materiais e tratamento dos residuos segundo o seu grao de toxicidade. Organización e seguridade no espazo de traballo. A importancia da reciclaxe na produción artística.	8	9		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
11	Fotografía.	A fotografía analóxica. Técnicas alternativas. A fotografía dixital e 3D. A fotomontaxe. Procesos fotográficos alternativos: cianotipia e antotipia.	7	7			X
12	Arte secuencial. O cómic.	Imaxe fixa e secuenciada. Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada. Narrativa da banda deseñada e os seus elementos. Recoñecemento dos referentes do cómic. Realización dunha tira de banda deseñada.	8	9			X
13	Imaxe en movemento. Animación.	A imaxe en movemento. Principios básicos da imaxe en movemento. Técnicas de animación. A percepción da imaxe en movemento desde o taumatropo ata hoxe: modalidades de animación. Medios dixitais para realizar animacións. Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada. Realización dunha animación en grupos de traballo e presentación ao grupo.	7	6			X
14	Linguaxe audiovisual.	Teoría básica e práctica sobre a creación audiovisual, os tipos (cine, publicidade, videoarte, etc), as fases de realización, a narrativa, a linguaxe e recursos dixitais para a edición. Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard. Realización dun proxecto dun produto audiovisual de videoarte pasando por todas as fases (preproducción, produción e postproducción) partindo dunha idea inicial e rematando coa montaxe e posta en común mediante a proxección e debate posterior co resto de alumnado.	8	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Elementos da linguaxe visual, percepción e composición.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación artística relevante: xénero artístico, época e técnica empregada.	PE	30
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.		
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha produción gráfico-plástica sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.	TI	70
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para resumir e transmitir a outros as fases do traballo realizado e as peculiaridades do proceso desenvolvido.		
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño. - Elementos e principios básicos da linguaxe visual e da percepción. Cor e composición.

UD	Título da UD	Duración
2	O debuxo.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación artística relevante no campo do debuxo.	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Manifestar interese polo correcto uso dos medios e ferramentas.	TI	70
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha produción gráfico-plástica sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver unha idea seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico obtendo conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas. - Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
3	A pintura.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación pictórica relevante: época, temática, técnica empregada e aspectos compositivos básicos.	PE	30
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Manifestar interese polo correcto uso dos medios e ferramentas.	TI	70
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha produción grafo-plástica sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver gráficamente unha idea seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de debuxo e pintura: técnicas secas e húmidas. - Técnicas mixtas e alternativas das vangardas artísticas. Posibilidades expresivas e contexto histórico. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
4	As técnicas de gravado.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación artística relevante: xénero artístico, época e técnica empregada.	PE	30
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Manifestar interese polo correcto uso dos medios e ferramentas.	TI	70
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha produción grafo-plástica sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver gráficamente unha idea seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico e obtendo conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas de estampaxe. Procedementos directos, aditivos, subtractivos e mixtos. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
5	Arte na natureza e arte urbano.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación artística relevante: xénero artístico, época e técnica empregada.	PE	30
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Manifestar interese polo correcto uso dos medios e ferramentas.	TI	70
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha produción grafo-plástica sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver gráficamente unha idea sobre unha intervención na natureza ou o entorno urbano, seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Graffiti e pintura mural. - A arte da reciclaxe. Consumo responsable. Produtos ecolóxicos, sustentables e innovadores na práctica artística. Arte e natureza. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
6	Xeometría plana.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Amosar interese polos elementos da xeometría e a súa aplicación no deseño. Ter coñecemento dos medios, técnicas e formatos elementais.	PE	30
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para xerar formas mediante procesos da xeometría plana: formas poligonais elementais, transformacións xeométricas básicas e realización de enlaces e tanxencias entre rectas e arcos de circunferencias.	TI	70
CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Amosar claridade e precisión básicas nas realizacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Construcións xeométricas fundamentais. - Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
7	Xeometría descritiva.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Amosar interese polos diferentes sistemas de representación e a súa aplicación no deseño. Ter coñecemento dos principios básicos de cada sistema visto.	PE	30
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para representar volumes sinxelos nos diferentes sistemas de representación, a partires duns datos.	TI	70
CA3.3 - Valorar o rigor do proceso de creación gráfica, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Amosar unhas destrezas básicas na representación así como un nivel aceptable de precisión, claridade e limpeza nas representacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional. Vistas (sistema europeo). Sistemas perspectivos. - Conceptos básicos de normalización. - Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
8	Publicidade.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción publicitaria dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.	PE	30
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver un exemplo de publicidade sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.	TI	70
CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.	Capacidade para desenvolver unha publicidade audiovisual sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios dixitais idóneos para obter os resultados desexados.		
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver gráficamente unha idea seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		
CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	Amosar interese polo campo da publicidade e as súas ferramentas. Comprender o seu valor como elemento expresivo e de comunicación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard. - O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva). - Publicidade: recursos formais, lingüísticos e persuasivos. Estereotipos e sociedade de consumo. O sexismo e os canons corporais e sexuais nos medios de comunicación.

UD	Título da UD	Duración
9	Deseño.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre produtos de deseño dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.	PE	30
CA3.1 - Participar con iniciativa, confianza e rigor na exploración da linguaxe gráfica de tipo técnico empregando distintas ferramentas.	Capacidade básica para empregar a linguaxe técnica de representación para a definición das formas e volumes deseñados.		
CA3.2 - Elaborar producións gráficas de tipo técnico con interese pola corrección, determinando as intencións comunicativas e seleccionando as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Desenvolver as fases do deseño dun obxecto sinxelo, chegando a unha definición formal, empregando medios técnicos axeitados.	TI	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Analizar o resultado final da creación dun produto de creación gráfica de tipo técnico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Campos e ramas do deseño: gráfico, de produto, de moda, de interiores, escenografía. - Aplicación das construcións técnicas bidimensionais e tridimensionais nas diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
10	O volume.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar manifestacións artísticas de diferentes épocas e culturas, contextualizándoas, describindo os seus aspectos esenciais, valorando o proceso de creación e o resultado final e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa recepción.	Recoñecer os aspectos básicos dunha manifestación artística relevante: xénero artístico, época e técnica empregada.	PE	30
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de diferentes producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.		
CA1.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade na exploración de diferentes técnicas gráfico-plásticas, empregando ferramentas, medios, soportes e linguaxes diversas.	Manifestar interese polo correcto uso dos medios e ferramentas.	TI	70
CA1.4 - Elaborar producións gráfico-plásticas de forma creativa, determinando as intencións expresivas e seleccionando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha produción grafo-plástica sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.		
CA1.5 - Crear un produto artístico individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver gráficamente unha idea seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto artístico, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os efectos do xesto e do instrumento: ferramentas, medios e soportes. Calidades plásticas e efectos visuais. - Técnicas básicas de creación de volumes. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos. - Exemplos de aplicación de técnicas gráfico-plásticas en diferentes manifestacións artísticas e no ámbito do deseño.

UD	Título da UD	Duración
11	Fotografía.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre imaxes fotográficas icónicas dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.	PE	30
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.		
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para imaxes fotográficas con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os parámetros axeitados e a composición idónea para obter os resultados desexados.	TI	70
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver gráficamente unha idea seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		
CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	Amosar interese polo feito audiovisual e pola fotografía. Comprender o seu valor como elemento expresivo e de comunicación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fotografía analóxica: cámara escura. Fotografía sen cámara (fotogramas). Técnicas fotográficas experimentais: cianotipia ou antotipia. - Fotografía dixital. A fotomontaxe dixital e tradicional. - Seguridade, toxicidade e impacto ambiental dos diferentes materiais artísticos. Prevención e xestión responsable dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
12	Arte secuencial. O cómic.	9

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción artística dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.	PE	30
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.		
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha banda deseñada sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.	TI	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Narrativa da imaxe fixa: encadramento e planificación, puntos de vista e angulación. A imaxe secuenciada.

UD	Título da UD	Duración
13	Imaxe en movemento. Animación.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción de imaxe en movemento dunha época determinada atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.	PE	30
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.		
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha animación sinxela con intencións expresivas e comunicativas. Capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.	TI	70
CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.	Capacidade para desenvolver unha narrativa de imaxe en movemento sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios dixitais idóneos para obter os resultados desexados.		
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver unha idea de animación, seguindo as pautas e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		
CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	Amosar interese pola imaxe en movemento. Comprender o seu valor como elemento expresivo e de comunicación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva). - Técnicas básicas de animación.

UD	Título da UD	Duración
14	Linguaxe audiovisual.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes artísticos de diferentes épocas e culturas, a través de producións visuais, audiovisuais e multimedia, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente.	Capacidade para emitir unha valoración sobre unha produción audiovisual relevante, dunha época determinada, atendendo aos condicionantes que influiron na súa produción.	PE	30
CA2.3 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de diferentes medios, técnicas e formatos audiovisuais, descodificando as súas linguaxes, identificando as ferramentas e distinguindo os seus fins.	Amosar interese no proceso creativo e nos medios, técnicas e formatos.		
CA2.2 - Elaborar producións visuais, audiovisuais e multimedia de forma creativa, determinando as intencións expresivas, seleccionando e empregando con corrección as ferramentas, medios, soportes e linguaxes máis adecuadas de entre os que conforman o repertorio persoal de recursos.	Capacidade para desenvolver unha realización audiovisual sinxela con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios idóneos para obter os resultados desexados.	TI	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Realizar producións audiovisuais, individuais ou colaborativas asumindo diferentes funcións, incorporando o uso das tecnoloxías dixitais cunha intención expresiva, buscando un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente e seleccionando e empregando, con corrección e de forma creativa, as ferramentas e medios dispoñibles máis adecuados.	Capacidade para desenvolver un pequeno proxecto audiovisual con intencións expresivas e capacidade de seleccionar os medios dixitais idóneos para obter os resultados desexados.		
CA2.5 - Crear un produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, de forma colaborativa e aberta, deseñando as fases do proceso e seleccionando as técnicas e ferramentas máis adecuadas para conseguir un resultado adaptado a unha intención e a un público determinados.	Amosar iniciativa para desenvolver unha idea desenvolvendo as fases de preproducción, produción e postproducción, respetando os roles dos membros do equipo e tomando as decisións necesarias individualmente e/ou en grupo.		
CA2.6 - Expoñer o resultado final da creación dun produto visual, audiovisual ou multimedia, individual ou grupal, poñendo en común e valorando criticamente o desenvolvemento da súa elaboración, as dificultades atopadas, os progresos realizados e os logros alcanzados.	Capacidade para transmitir a experiencia do traballo realizado de xeito crítico, obtendo conclusións.		
CA2.7 - Identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico ou profesional relacionadas co ámbito visual, audiovisual ou multimedia, comprendendo o seu valor engadido e expresando a opinión persoal de forma razoada e respectuosa.	Amosar interese polo feito audiovisual. Comprender o seu valor como elemento expresivo e de comunicación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Narrativa audiovisual: fotograma, secuencia, escena, toma, plano e montaxe. O guión e o storyboard. - O proceso de creación. Realización e seguimento: guión ou proxecto, presentación final e avaliación (autorreflexión, autoavaliación e avaliación colectiva). - Recursos dixitais para a creación de proxectos de videoarte.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Expresión Artística pretende poñer en funcionamento diferentes procesos cognitivos, culturais, emocionais e afectivos, facendo que todos eles se combinen e interactúen nun mesmo pensamento creador. A intención é que o alumnado de 4º de ESO experimente e se exprese a través da comunicación visual e audiovisual, desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, coñecendo así as obras máis representativas da historia da arte. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado, en moitas ocasións, a utilizar o aprendido máis aquilo que debe

aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de expresión artística podemos utilizar distintas metodoloxías. Velaquí algunhas suxestións:

- 1) Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.
- 2) Avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- 3) É moi exemplarizante e de gran axuda, amosar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.
- 4) Exposición dos contidos que o alumnado debe entender para a realización dos exercicios onde intervirá unha metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o traballo guiado polo profesorado.
- 5) Elaboración dos exercicios durante as horas lectivas.
- 6) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.

Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:

- A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
 - Os bosquejos previos e definitivos.
 - A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
 - O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrados polo alumnado.
- O resultado será valorado en función do progreso do alumnado na consecución da adquisición das competencias clave.

De resultas da aplicación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo, como queda recollido no Proxecto Lingüístico do IES Sánchez Cantón, esta materia impartirase no presente curso académico en lingua galega.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula taller de Debuxo - Artes Plásticas (IES Sánchez Cantón, edificio principal), espazo con mobiliario axeitado para o desenvolvemento das materias impartidas polo Departamento: escritorio para o/a profesor/a e mesas de debuxo, amplas e cómodas, para o alumnado; encerado de xiz, encerado de rotulador; vetedoiro con billa; espazo ou moble de secado; espazos, andeis e taboleiros (de cortiza) para expoñer, presentar e comentar obras; mobles con andeis e caixóns para gardar instrumentos, materiais, traballos, libros, etc.
Ordenador con conexión a Internet e proxector con pantalla (non dixital) e altofalantes.
Ordenador do alumno (proxecto E-Dixgal).
Plataforma de ensino virtual: E-Dixgal (no desenvolvemento do curso ordinario) / aula virtual do centro (para o seguimento da materia pendente).
Acceso á fotocopiadora ou impresora a cor.
Recursos de internet: páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.
Biblioteca de aula e de centro. Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Instrumentos tradicionais de debuxo técnico para encerado: regra, escuadro, cartabón, compás e transportador de ángulos.
Materiais e instrumentos de gravado e estampación.
Materiais e instrumentos para modelado.
Materiais artísticos. Instrumentos/ferramentas e materiais fuxíbeis (distintos soportes, carbón, lapis conté, sanguina, pintura acrílica, ténpera...).

1. AULA TALLER.

O Departamento conta no edificio principal do centro cunha aula taller con algúns espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co restodo alumnado, traballar en equipo, etc.

2. MATERIAIS DE APOIO, MEDIOS AUDIOVISUAIS E NOVAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS.

Sempre que sexa posible dinamizarase o contido teórico da materia mediante materiais de apoio, xa sexan estes fotografías, animacións, vídeos, ilustracións, planos, etc.. Considérase moi valiosa a utilización de medios audiovisuais pola importancia que ten para o alumno coñecer feitos e realidades que non poderían ser levados á aula doutro xeito.

Pretendemos que a comprensión, coñecemento, manexo e aplicación das novas tecnoloxías dixitais sexa factible no maior número posible de exercicios ao longo do curso académico, xa que permiten novos medios de expresión e investigación. A inclusión de todos os cursos da ESO no programa E-Dixgal garante que todo o alumnado desta etapa dispoña de ordenador persoal; ademais, as enquisas efectuadas nos últimos anos poñen de manifesto que a maioría teñen ao seu dispor conexión á rede nos seus domicilios. Asemade:

1) Potenciaremos o uso de programas de código aberto (software libre) e de uso gratuíto, tanto para a investigación e elaboración de contidos gráfico-plásticos, como para a solución de problemas e a súa presentación (e posterior publicación): ofimática (OpenOffice, LibreOffice), edición e retoque fotográfico (GIMP), creación de gráficos vectoriais (Inkscape), maquetación (Scribus), edición de vídeo (OpenShot), CAD (LibreCad)...

2) Potenciaremos o uso dos recursos propios e a comunicación permanente profesor-alumno a través da web do centro, espazo Abalar e plataforma E-Dixgal.

3) Potenciaremos que o alumnado sexa quen de presentar o seu traballo tanto no formato físico tradicional como en diferentes formatos dixitais, empregando a plataforma E-Dixgal para a súa entrega.

3. MATERIAIS PROPIOS DO ALUMNO.

O alumno deberá aportar material propio para o seu traballo diario (aínda que na aula poderán estar dispoñibles algúns destes materiais para uso do alumnado, de ser necesario):

1) Básicos (mínimo e imprescindible): Xogo de escuadro e cartabón, regra graduada e compás (con adaptador para lápices e rotuladores). Portaminas con minas de grosor 0.5 e dureza HB. Lapis de grafito ou portaminas (HB e 2B/4B). Afialápices e lima de unllas (ou rasqueta afiaminas). Goma de borrar branda. Rotuladores técnicos calibrados de tinta negra (0.2, 0.4 e 0.8). Lápices de cores preferiblemente acuarelables (mínimo cores primarias). Rotuladores de cores (de grosor medio). Pegamento de barra. Cinta adhesiva. Témperas (só cinco cores): maxenta, azul ciano, amarelo limón, branco e negro. Pinceis para acuarela (planos e redondos; finos e grosos): p.e. nº 6 e nº 12. Pano, vaso de plástico, prato de plástico (ou paleta). Papel branco de 80 grs aprox. (tipo "folio") en formato DIN-A3 ou DIN-A4, segundo as preferencias do profesor, comunicadas ao comezo do curso); e papel branco de, como mínimo para técnicas húmidas, 130 grs. ("láminas") aprox. en formato DIN-A3 (ou DIN-A4, segundo as preferencias do profesor, comunicadas ao comezo do curso) para o desenvolvemento dos exercicios de aula. Carpetas para o arquivo e presentación do taballo persoal: de fundas, e de gomias con lapelas. Memoria USB para a copia de seguridade de exercicios en formato dixital. Ordenador persoal (facilitado polo centro dentro do programa E-Dixgal). Para guía e uso do alumno, empregaranse os libros de texto proporcionados pola plataforma E-Dixgal para os distintos cursos, combinando os materias ofertados a criterio do profesor/a.

2) Complementarios: O profesorado poderá solicitar outros materiais ao longo do curso, en función do traballo a desenvolver e das dispoñibilidades do propio alumno e do centro docente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidente coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Contorna: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de distintos tipos de probas, de cuestionarios como tarefas na aula virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. O deseño daqueles instrumentos de carácter formal que se estimen necesarios realizarase de forma consensuada entre todos os membros do Departamento, cunha especial coordinación do profesorado que imparte docencia na mesma materia e nivel. A recollida de información tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

Deste xeito, no presente curso académico propónse unha proba teórico-práctica para a recollida de información sobre a competencia curricular do alumnado, que versará sobre os contidos conceptuais e procedimentais que foron tratados no currículo das etapas formativas precedentes, especificamente na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual.

A reunión de avaliación inicial, a finais do mes de setembro, co titor do grupo, o equipo docente e o Departamento de Orientación axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Analizada toda a información, as conclusións serán postas en común nunha reunión de Departamento, para consensuar as medidas que se estimen oportunas. Tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar reforzos, e en xeral as medidas de atención ás NEE, nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, deseño e planificación das actividades de aula, organización da avaliación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	7	7	7	7	6	7	7	7	7	8
Proba escrita	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30
Táboa de indicadores	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	7	8	7	8	100
Proba escrita	30	30	30	30	30
Táboa de indicadores	70	70	70	70	70

Crterios de cualificación:

1. CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades didácticas traballadas en cada avaliación establecerase mediante:

a) O CADERNO PERSOAL DO ALUMNO (TI). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 70%.

Sendo esta unha materia de carácter eminentemente práctico, o alumno realizará un conxunto de traballos (prácticos na súa maioría, aínda que tamén teóricos ou teórico-prácticos) propostos polo profesor en relación ao tema a desenvolver, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro (mediante rúbricas e/ou comentarios orais). As actividades estarán pensadas para que o alumnado poida realizalas, agás imprevistos, case na súa totalidade no tempo de clase baixo supervisión directa do profesor. O alumno deberá confeccionar coas actividades propostas que se desenvolvan ao longo do curso o seu “caderno persoal”.

A entrega a través do “caderno persoal” da totalidade dos traballos será considerada condición indispensable para acadar unha avaliación positiva no período correspondente. O alumno deberá ter igualmente presentados aqueles traballos e tarefas que se soliciten para a súa entrega a través da plataforma E-Dixgal. Agás nos casos que contén con suficiente xustificación (enfermidade ou causa familiar grave), a falta ou non presentación destes traballos de aula terá como consecuencia inmediata a avaliación negativa do alumno. Consideraranse non entregados aqueles traballos nos que quede demostrada a non autoría do alumno, por copia, calcado, falsificación ou suplantación de identidade na realización dos mesmos; coas consecuencias que deste feito deriven.

A revisión, corrección e cualificación do “caderno persoal” de cada alumno realizarase ao final do trimestre. Non obstante, o profesor poderá solicitar o “caderno persoal” para este fin tantas veces como considere. Os alumnos conservarán todos os seus traballos ata o remate de curso (aínda que xa fosen cualificados), podendo ser solicitados para a súa revisión en calquera momento do curso; e deberán recompilar todos aqueles elaborados en soporte papel para unha entrega final na 3ª avaliación. Se por calquera circunstancia non fosen posibles tanto as achegas parciais como a entrega final en soporte físico, poderán realizarse dixitalizadas a través da plataforma E-Dixgal, sempre baixo solicitude ou autorización do profesorado da materia.

A nota deste apartado será a media de todos os traballos (coa correspondente ponderación), valorándose cun 0 os non presentados.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden empregar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. De xeito xeral, teranse en conta os seguintes, agrupados en cinco categorías, aplicables na meirande parte das unidades didácticas:

- Saber ver e saber facer:

Axústase o resultado ao obxectivo da actividade realizada?

Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor, realiza as actividades na aula e sigue un proceso de traballo correcto?

É correcta a realización do exercicio? Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...)?

Escolle as técnicas, os instrumentos e os materiais adecuados en función da mensaxe proposta ?

Emprega as técnicas, os instrumentos e os materiais de xeito adecuado?

Resolve e presenta as tarefas con claridade, precisión, limpeza e orde?

É capaz de explicar (oralmente e por escrito) con corrección, de xeito razoado e crítico, empregando a terminoloxía adecuada, os conceptos sobre os que se traballa, o desenvolvemento e os resultados das súas actividades?

- Creatividade:

Propón solucións creativas rexeitando a copia (do profesor / compañeiro / autor) de xeito literal?

É capaz de producir ideas inusuais, infrecuentes ou non banais? (:originalidade.)

É capaz de producir gran número de ideas? (:fluidez.)

É capaz de desenvolver, embelecer ou completar unha idea? (:elaboración.)

É capaz de producir unha gran variedade de ideas? (:flexibilidade.)

- Presentación:

Respecta as normas de presentación e entrega (materiais, soportes, formatos / estrutura, datos solicitados e localización e posicionamento dos mesmos, numeración e/ou orde das actividades...)?

Presenta o seu traballo no prazo e datas previstos?

- Material e espazo de traballo:

Trae o material necesario?

Coida o material propio e alleo, manténdoo en perfecto orde e estado?

Deixa recollido e limpo o seu espazo de traballo, e colabora recollendo e limpando os espazos compartidos?

- Actitude e comportamento no desenvolvemento do traballo de aula:

Asiste a clase con puntualidade?

Respecta o traballo e as normas de clase?

Participa activamente, de xeito autónomo, con interese e responsabilidade no desenvolvemento da clase, nas actividades individuais e nos traballos en grupo, evidenciándose o esforzo realizado por progresar e superarse?: implícase no desenvolvemento das aulas e nos traballos propostos?; é receptivo ás indicacións do profesor, as comprende e as emprega?; amosa atención?; participa no diálogo que se establece no desenvolvemento dos contidos da materia?; traballa en clase?; amosa interese por saber máis?; emprega os novos coñecementos noutras áreas?; comparte noticias relacionadas e fai comentarios espontáneos?; ofrécese voluntario para realizar exercicios?; organiza o seu traballo con autonomía?; completa as actividades na casa, de ser necesario, para axustarse ao ritmo de traballo plantexado na aula?; se falta ou vai faltar a clase preocúpase por poñerse ao día co seu traballo?; amosa afán de superación persoal ante cada traballo?

Nos traballos en grupo: participa nas actividades, levando a cabo as tarefas asignadas, e fai aportacións significativas?; contribúe a manter o grupo concentrado e unido traballando cooperativamente? emite a súa opinión con argumentos razoables respectando quendas de palabra?; ten en conta as distintas opinións e as relaciona coas propias expresándose sempre con corrección nas formas?; escoita e deixa falar respectando as opinións dos demais?

b) AS PRBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS (PE). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 30%.

En cada unha das tres avaliacións previstas (para aqueles criterios de avaliación e, consecuentemente, unidades didácticas que así o requiran) programárase, como mínimo, unha proba teórico-práctica. No caso de ser máis dunha, a nota deste apartado calcularase a través da media das distintas probas, coa ponderación correspondente. As probas programáranse preferentemente en formato presencial, pero se as circunstancias o impedisen ou o desaconsellasen, as mesmas poderán realizarse en formato telemático a través da plataforma E-Dixgal.

Os resultados das avaliacións (cualificacións) axustaranse aos baremos habituais adoptados polo centro educativo e determinados pola normativa vixente, co fin de evitar confusións na súa explicitación aos diferentes membros da comunidade educativa; en termos xerais:

Nivel INSUFICIENTE. Valor numérico 1-2. O alumno non foi quen de superar os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, ten moitas dificultades e non progresa de forma adecuada, sendo incapaz de afrontar o seu traballo de maneira autónoma e organizada.

Nivel INSUFICIENTE. Valor numérico 3-4. O alumno non superou de xeito plenamente satisfactorio os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, se ben cun maior esforzo e organización persoal podería superar os mínimos esixibles.

Nivel SUFICIENTE. Valor numérico 5. O alumno superou de maneira satisfactoria os criterios de avaliación previstos no

deseño curricular, alcanzando en conxunto os mínimos esixibles.

Nivel BEN. Valor numérico 6. O alumno superou de maneira plenamente satisfactoria os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando en conxunto os mínimos esixibles.

Nivel NOTABLE. Valor numérico 7-8. O alumno superou plenamente os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando de forma ampla os obxectivos propostos.

Nivel SOBRESALIENTE. Valor numérico 9-10. O alumno superou plenamente os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando de forma destacada os obxectivos propostos.

A cualificación explicitarase no boletín a través do seu valor numérico (1 a 10), sen decimais, redondeada á unidade metade arriba, pero empregarase sen este redondeo no cálculo da cualificación final. Como norma xeral, a nota daqueles alumnos que presenten o seu “caderno persoal” incompleto non poderá ser superior a 4 (como xa foi exposto, a entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, aínda que non suficiente, para acadar unha avaliación positiva na materia).

2. CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final será a media aritmética das notas sen redondear de cada unha das tres avaliacións, sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3; nese caso a cualificación final non poderá ser superior a 4. A nota aparecerá no boletín redondeada á unidade (metade arriba).

Criterios de recuperación:

Nos niveis INSUFICIENTE especificarase as dificultades do alumno, así como as medidas axeitadas para a súa superación, comunicándollas verbalmente ao alumno, e ao titor do grupo na sesión de avaliación. Para superar as notas das avaliacións suspensas o alumnado poderá recuperar os seguintes instrumentos nos que teña unha nota inferior a 5: a) CADERNO PERSOAL: Reelaboración das tarefas suspensas e entrega/realización das non entregadas. As actividades a corrixir deberán realizarse novamente, nun soporte distinto ao do resultado entregado inicialmente, que se volverá entregar acompañando ao novo resultado. O profesor poderá determinar a realización de tarefas adaptadas ás circunstancias do alumno, tendo en conta os criterios expresados nas medidas de atención á diversidade. Na cualificación das actividades entregadas nas datas de recuperación non se valorará a porcentaxe correspondente á observación do traballo desenvolvido na aula, sempre e cando sexan corrixidos ou feitos fora da mesma. b) PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: Realización dunha proba específica co obxectivo de que se poida constatar que o alumnado alcanzou de maneira satisfactoria alomenos os obxectivos mínimos da avaliación correspondente. As recuperacións faranse atendendo ao seguinte cronograma: a) Rec. da 1ª av.: durante a 2ª av. e ao final da 3ª av. (recuperación final). b) Rec. da 2ª av.: durante a 3ª av. e ao final da 3ª av. (recuperación final). c) Rec. da 3ª av.: ao final da 3ª av. (recuperación final). A proba de rec. final realizarase na mesma sesión lectiva, debendo realizar o alumno unicamente a avaliación ou avaliacións suspensas, e poderá coincidir coa data límite para a nova entrega final do caderno persoal. Recalculase a nota de cada avaliación do seguinte xeito: a) CADERNO PERSOAL: mellor nota avaliación/recuperación; 70%. b) PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: mellor nota avaliación/recuperación; 30%.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa metodoloxía a estas particularidades, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado, aínda que a detección das necesidades do alumnado pode darse en calquera momento do curso académico. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas casuísticas. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes

orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

1. MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Plantexaranse actividades de ampliación para aquel alumnado que o precise.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a autoestima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas especiais, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións de accesibilidade ao currículo oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poida ser escolarizado disporá da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo (así como flexibilizar o período de permanencia na etapa).

2. MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos máis complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presenten graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. (O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.)
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X							X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual								X
ET.4 - Competencia dixital						X	X	
ET.5 - Emprendemento social e empresarial								X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X			X		X
ET.3 - Comunicación audiovisual			X		X	X
ET.4 - Competencia dixital	X		X		X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X		X	X		X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Se ben todas as actividades propostas permiten afianzar e traballar os elementos transversais citados (independentemente da unidade didáctica á que pertencen) sinalanse aquelas unidades didácticas máis relevantes no fomento dos elementos transversais concretos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
VISITAS DIDÁCTICAS.	Visitas guiadas (virtuais ou presenciais) a exposicións, temporais ou permanentes, en espazos expositivos da contorna, formais ou informais (museos, salas de exposicións, galerías,... espazo público) e, en xeral, a calquera lugar de interese en relación ao currículo da materia: centros de formación (facultade de Belas Artes, escolas de Artes e Oficios), centros de traballo (obradoiros de artistas, estudos de deseñadores), etc.	X	X	X
SAÍDAS PARA ACTIVIDADES DE AULA.	Saídas fóra do recinto escolar, na contorna do centro, para desenvolver actividades de aula durante o período lectivo da materia (debuxar do natural, fotografar).			X
CHARLAS INFORMATIVAS.	Charlas (virtuais ou presenciais) impartidas por todo tipo de profesionais vencellados á materia (educadores, artistas e deseñadores) relacionadas con distintos intereses do noso alumnado.		X	X
OBRADOIROS.	Talleres impartidos por todo tipo de profesionais vencellados á materia (educadores, artistas, deseñadores) para a aprendizaxe práctica dalgunha actividade creativa específica.		X	X
CERTAMES E EVENTOS ARTÍSTICOS.	Participación en certames e eventos artísticos, organizados polo propio centro e/ou por institucións e organismos externos.	X	X	X
Concurso de debuxo contra a violencia de xénero.	Grupos: ESO e BACH. Observacións: en colaboración co Comité de Igualdade.	X		
Concurso de tarxetas de Nadal.	Grupos: ESO e BACH. Observacións: en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega.	X		
EXPOSICIÓN DE TRABALLOS PROPIOS.	Exposicións de traballos propios (en colaboración ou non con outras materias e niveis), involucrando e comprometendo ao alumnado a colaborar en todo o proceso de organización (plantexamento, montaxe, desmontaxe e valoración de resultados)	X	X	X
Exposición dos traballos do concurso de debuxo contra a violencia de xénero.	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: en colaboración co Comité de Igualdade; lugar: vestíbulo.	X		
Exposición de tarxetas de Nadal.	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega; lugar: vestíbulo.	X		
Exposición de traballos de Entroido (carautas e disfraces).	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: en colaboración coa Biblioteca; lugar: vestíbulo e biblioteca.		X	
Exposición de fin de curso.	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: exposición dunha escolma dos traballos realizados polos alumnos ao longo do curso; lugar: vestíbulo.			X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PROXECTOS DO DEPARTAMENTO E INTERDISCIPLINARES.	Realización de proxectos do Departamento e colaboración cos diversos proxectos de centro (EDLG, Biblioteca, Club de lectura, Comité de Igualdade, Club de Ciencia, Club contra o cambio climático...). Actividades de deseño e intervencións artísticas.	X	X	X

Observacións:

Tentarase planificar as actividades complementarias e extraescolares dodepartamento ao inicio de curso na medida do posible. Non sempre se pode xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico. O desenvolvemento destas e doutras actividades dependerá en boa medida das programacións dos diversos axentes culturais da nosa contorna e do ritmo de desenvolvemento das programacións didácticas cos diferentes grupos (materias e niveis).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este.
Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación especialmente os criterios de avaliación e o peso na cualificación das probas escritas e exercicios prácticos., e se lle facilita o acceso ao contido da mesma por medios dixitais (aula virtual, espazo web, etc).
Consulta a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións e propostas de mellora.

Metodoloxía empregada
Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
Hai un diario de clases dispoñible online para o alumnado onde se indica a materia/o traballo realizado en cada sesión.
Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
Amoso, habitualmente ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores e outros exemplos, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de referencia ao alumnado do que se pode facer.
O alumnado traballa do seguinte xeito: individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes.
No deseño das probas e exercicios prácticos téñense en conta as competencias clave?
Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
Como paso as horas lectivas: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / observando / corrixindo ao alumnado de xeito individual.
O alumnado entende a dinámica de traballo na aula e a segue sen problema.
O grao de participación durante as explicacións é axeitada? Aínda que en diferente grao, participa todo o alumnado?
O emprego da aula virtual é axeitado por parte do alumnado. Acceden regularmente aos contidos e fan as entregas seguindo as instrucións dadas.
O grao de participación do alumnado nos exercicios prácticos de grupo é axeitado?
Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
Utilizo diferentes tipos de probas: exames escritos / exames orais / traballo individual / traballo en equipo.
Impleméntanse rúbricas nos exercicios prácticos para que o alumnado poda coñecer os aspectos que se avalían?.
Que teño en conta para medir os resultados?: a nota final / o avance, tendo en conta a situación de partida.
Os instrumentos de avaliación empregados, así como o seu peso, correspóndense co previsto na programación didáctica.
Tras a realización dun exercicio práctico, valórase a idoneidade do mesmo e o grao de resposta dado polo alumnado?
Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: non / de xeito individual / en grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / co alumnado.
Unha vez rematado un trimestre, deseñase un plan de recuperación para o alumnado que precise recuperar a materia?

Medidas de atención á diversidade
Dispónse de toda a información relativa ao alumnado antes do comezo do curso?
Que fago para coñecer a composición da clase?: pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitámla o titor/a, o xefe/a de estudos, o orientador/a / facilitámla nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)?
Coñécense e aplícanse os protocolos pertinentes no caso de ser necesario?
Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo)?
A programación contempla a atención á diversidade?
Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.?
Dou ao alumnado a explicación que precisa: no grupo grande / no grupo pequeno / de xeito individual?
Adáptanse as probas escritas e os exercicios prácticos ao alumnado que o precise, seguindo criterios e recomendacións obxectivos?

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisárase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento; adaptándose ademais aos cambios ou axustes normativos que puideran terse producido con aplicación no novo curso.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro, entre outros, poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo artístico I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

1. Introducción

1. O CENTRO.

O IES SÁNCHEZ CANTÓN é un centro de ensino secundario que ofrece aos alumnos e alumnas ensinanzas da ESO, bacharelato e ciclos formativos ligados a actividades deportivas. Está situado no centro de Pontevedra, e unha parte moi importante do alumnado procede da súa contorna inmediata.

Posúe unha EXTENSIÓN NO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA (CGTD), onde o alumnado (bolseiros da Xunta de Galicia) compatibiliza coa práctica deportiva de alto nivel (programas de tecnificación deportiva de distintas disciplinas) os estudos de 3º e 4º da ESO, e 1º e 2º de Bacharelato, particularidade que condiciona de xeito determinante o proceso de ensino-aprendizaxe. Os alumnos proceden de diferentes lugares de Galicia (incluso de fóra dela) e residen durante os días lectivos en réxime de internamento (agás algún alumno da cidade de Pontevedra); o que leva consigo certa heteroxeneidade, social e escolar, do alumnado, e unha ausencia dos pais no seu día a día. A práctica do deporte (adestramentos diarios, concentracións e competicións) réstalles tempo para os estudos, e ocasionan na maioría, dependendo das disciplinas e do seu rendemento deportivo, un elevado número de faltas de asistencia e disrupcións. Todo o anterior é contrarrestado, parcialmente, por certa homoxeneidade na súa actitude cara aos estudos (incluso tamén nas súas competencias). O programa de tecnificación comeza en 3ºESO (podéndose incorporar alumnos en calquera curso) e a permanencia no mesmo depende non só dos resultados deportivos senón tamén dos resultados académicos (aínda que con algunha excepción), un elemento extra de motivación que, sumado ao seu alto grao de competitividade (vinculado á práctica deportiva) repercute positivamente no esforzo que realizan por superar os estudos.

2. MARCO LEGAL.

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, DOG Nº183, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.

3. A MATERIA DE DEBUXO ARTÍSTICO.

Ao debuxar, a mirada convértese en observación precisa e contemplación que abstrae e sintetiza a realidade a través da expresión gráfica. O debuxo é, polo tanto, un proceso interactivo de observación, reflexión e representación. Un proceso que require unha técnica inicial, coñecer os seus recursos e elementos fundamentais, así como un exercicio continuo de adestramento e práctica. O seu desempeño implica comprender a súa linguaxe e como interveñen nel as formas e as súas relacións, as estruturas, os volumes, a perspectiva, as proporcións e o comportamento da luz e da cor. Partindo da consideración do debuxo como un método de traballo case científico de exploración e indagación, non convén esquecer os avances que se conseguiron ao longo da historia nin as solucións que se achegaron aos problemas da representación gráfica dunha contorna tridimensional. A análise de obras de diferentes épocas, lugares e ámbitos disciplinares axuda a identificar os camiños que xa se percorreron, de modo que o alumnado poida servirse deles na súa propia incursión no debuxo.

O debuxo é unha linguaxe universal que supón unha actividade intelectual en tanto que é un medio de análise e de coñecemento. É a primeira ligazón de unión entre a idea e a súa representación gráfica, o que propicia que sexa a orixe de múltiples actividades creadoras e que resulte imprescindible no desenvolvemento de todas as demais artes, xa que é un paso previo na resolución de proxectos e propostas artísticas. Isto fai que os tipos de debuxo e os seus ámbitos de aplicación sexan extensos e variados, con áreas de coñecemento moi distintas e con necesidades formais e técnicas igualmente diversas.

Tendo en conta todos estes aspectos, a materia de Debuxo Artístico presenta unha serie de obxectivos que buscan asegurar a adquisición das destrezas e técnicas necesarias, incluídas as dixitais, para a súa aplicación en diferentes proxectos e ámbitos, descubrindo o debuxo como linguaxe gráfica intelectual e desenvolvendo no alumnado a

facultade dunha observación activa. Así mesmo, búscase promover unha sensibilidade estética cara ás obras propias e cara ás dos demais, descubriendo o debuxo como medio independente de expresión persoal.

Estes obxectivos específicos da materia emanan das competencias clave e dos obxectivos xerais establecidos para a etapa de bacharelato, en especial, dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden, entre outros, aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. Estes obxectivos están deseñados para que varios deles poidan traballarse simultaneamente mediante un desenvolvemento entrelazado da materia, polo que a orde en que están presentados non é vinculante e deben traballarse no seu conxunto

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o seu grao de consecución por parte do alumnado.

Os contidos da materia están organizados en oito bloques que se distribúen entre os dous cursos da etapa:

A. "Concepto e historia do debuxo" : recolle os contidos relacionados coa concepción do debuxo e a súa evolución ao longo da historia, a súa presenza en diferentes obras artísticas e a súa importancia e funcionalidade en moi diversos ámbitos disciplinares.

B. "A expresión gráfica e os seus recursos elementais": contén os contidos relacionados coa terminoloxía específica da materia, así como coas técnicas e elementos propios da expresión gráfica e a súa linguaxe.

C. "Percepción e ordenación do espazo": engloba os contidos relacionados coa percepción visual e os sistemas de ordenación do espazo.

D. "A luz, o claroscuro e a cor": inclúe os contidos relacionados coa comprensión e co tratamento da luz e as súas dimensións, así como cos usos das técnicas do claroscuro e da cor.

E. "Tecnoloxías e ferramentas dixitais": recolle unha introdución ás ferramentas dixitais aplicadas ao debuxo, tanto no trazado coma na edición da imaxe artística.

F. "Proxectos gráficos colaborativos": engloba aqueles coñecementos, destrezas e actitudes que é necesario poñer en práctica para levar a cabo este tipo de proxectos, nos que o papel do debuxo artístico é fundamental.

A materia de Debuxo Artístico é unha materia de modalidade na vía de Artes Plásticas do bacharelato de "Artes" ; no IES Sánchez Cantón, que non oferta esta modalidade de bacharelato, pode cursarse como materia optativa nos bacharelatos de "Ciencias e Tecnoloxía" e de "Humanidades e Ciencias Sociais". Neste contexto, faise aínda máis necesario que o alumnado tome conciencia dos beneficios que a aprendizaxe desta disciplina aporta, e que trascenden os seus aspectos procedimentais. A materia de Debuxo Artístico contribúe ao desenvolvemento da sensibilidade e do gozo estéticos, ao desenvolvemento da creatividade e da expresividade, sen esquecer o progreso na capacidade de observación, de análise e de reflexión sobre a realidade, ao fomentar unha dinámica creativa de retroalimentación que estimula o pensamento diverxente e facilita a conexión da imaxinación coa realidade.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o debuxo como forma de coñecemento, comunicación e expresión, comparando o uso que se fai del en manifestacións culturais e artísticas de diferentes épocas, lugares e ámbitos disciplinares e valorando a diversidade de significados que orixina para apreciar a importancia da diversidade cultural e a relevancia da conservación e da promoción do patrimonio.	1					1-3		1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Analizar con actitude crítica e reflexiva, utilizando a terminoloxía específica adecuada, producións plásticas de distintas épocas e estilos artísticos, recoñecendo a linguaxe, as técnicas e os procedementos, a función significativa e a expresividade do debuxo presentes nelas, para desenvolver a conciencia visual e o criterio estético e ampliar as posibilidades de gozar da arte.	1	2-3				1-3		1-2
OBX3 - Analizar, interpretar e representar a realidade, utilizando os recursos elementais e a sintaxe do debuxo, para ofrecer unha visión propia desa realidade, potenciar a sensibilidade e favorecer o desenvolvemento persoal e artístico.					11-12	1-2		31
OBX4 - Experimentar con diferentes materiais, técnicas e soportes, incluído o propio corpo, e analizar a importancia deste nas propostas artísticas contemporáneas para descubrir o xesto do debuxo e a apropiación do espazo como medios de autoexpresión e aceptación persoal.					50	1-3		1-31-32
OBX5 - Utilizar a práctica do debuxo como medio de expresión de ideas, opinións, sentimentos e emocións, investigando os referentes culturais das novas creacións como parte inherente a estas, para ampliar o repertorio artístico e enriquecer as producións propias.						1-3		1-2-31
OBX6 - Realizar producións gráficas expresivas e creativas valorando a importancia dos elementos da linguaxe gráfica e a súa organización na definición dun estilo persoal, para progresar na execución técnica e nas calidades comunicativas e expresivas das producións propias.					11-50			32-41-42
OBX7 - Experimentar coas técnicas propias do debuxo identificando as ferramentas, medios e soportes necesarios e analizando o seu posible impacto ambiental, para integralas de forma creativa e responsable na realización de producións gráficas.			1	2	50	1-4	1	41-42
OBX8 - Adaptar os coñecementos e as destrezas adquiridas desenvolvendo a retentiva e a memoria visual para responder con creatividade e eficacia a novos desafíos de representación gráfica.					11-50	1		41-42

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Crear proxectos gráficos colaborativos contribuíndo de forma creativa á súa planificación e realización e adaptando o deseño e o proceso ás características propias dun ámbito disciplinar, para descubrir posibilidades de desenvolvemento académico e profesional e apreciar o enriquecemento que supoñen as propostas compartidas.			2-3		31-40		1-3	41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Concepto e historia do debuxo.	Ver, pensar, debuxar: o debuxo como proceso interactivo de observación e representación: O debuxo na arte e o debuxo como parte de diferentes ámbitos disciplinares.	10	10	X		
2	A expresión gráfica e os seus recursos elementais.	Punto, liña e FORMA. A iconicidade. O encaixe. TÉCNICAS gráfico-plásticas básicas. Terminoloxía e materiais.	30	35	X	X	X
3	Percepción e ordenación do espazo.	Fundamentos da PERCEPCIÓN VISUAL. A sintaxe visual. COMPOSICIÓN e REPRESENTACIÓN DO ESPAZO (PERSPECTIVA).	20	30	X	X	X
4	A luz, o claroscuro e a cor.	A LUZ e o volume. Tipos de luz e de iluminación. Valoración tonal e CLAROSCURO (volume e a textura). Natureza, percepción, psicoloxía e simboloxía da COR. Aplicacións básicas da cor no debuxo.	20	30	X	X	X
5	Tecnoloxías e ferramentas dixitais.	Introdución ao debuxo e á IMAXE DIXITAL. O seu uso en diferentes ámbitos disciplinares. Ferramentas de edición de imaxes para a expresión artística. Programas de pintura e debuxo dixital.	10	10			X
6	Proxectos gráficos colaborativos.	Fases dos PROXECTOS gráficos. Distribución das tarefas. A avaliación dos proxectos.	10	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Concepto e historia do debuxo.	10

Critérios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comparar as múltiples funcións do debuxo a través da análise autónoma do seu uso en producións de distintos ámbitos disciplinares.	Realizar análises comparativas sobre as funcións do debuxo en obras de distintas disciplinas: pintura, ilustración, deseño gráfico, deseño de moda, arquitectura...	PE	30
CA1.4 - Analizar a linguaxe, as técnicas e os procedementos do debuxo en diferentes propostas plásticas entendendo os cambios que se produciron nas tendencias ao longo da historia e utilizando a terminoloxía específica máis adecuada.	Expresar, empregando terminoloxía axeitada, a evolución da linguaxe, técnicas e procedementos do debuxo ao longo da historia.		
CA1.6 - Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen entre eles e en diferentes ámbitos disciplinares.	Ser capaz de identificar os referentes dunha obra proposta e describir as relacións entre eles dun xeito razoado.		
CA1.1 - Identificar o debuxo como forma de coñecemento, comunicación e expresión, reflexionando con iniciativa sobre a súa presenza en distintas manifestacións culturais e artísticas e comparando de forma autónoma o seu uso nestas.	Identificar a presenza do debuxo en distintas manifestacións culturais e artísticas e reflexionar sobre o seu papel nelas.	TI	70
CA1.3 - Valorar a pluralidade cultural e artística relacionándoa coa liberdade de expresión, argumentando a opinión propia de forma activa, comprometida e respectuosa e analizando os usos do debuxo en diversas manifestacións artísticas.	Levar a cabo reflexións fundamentadas e respectuosas sobre a presenza do debuxo en distintas manifestacións culturais e artísticas.		
CA1.5 - Analizar distintas manifestacións culturais e artísticas comprendendo a función que desempeña o debuxo nestas e valorando o enriquecemento que supoñen para a sociedade os retos creativos e estéticos.	Identificar as funcións do debuxo en distintas manifestacións culturais e artísticas, valorando o seu papel na sociedade.		
CA1.7 - Expresar ideas, opinións, sentimentos e emocións a través de creacións gráficas e debuxos propios incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	Realizar unha obra propia a partir de referentes artísticos alleos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O debuxo como proceso interactivo de observación, reflexión, expresión, imaxinación, representación e comunicación. - O debuxo na arte: desde a Antigüidade ata o Romanticismo. Obras máis representativas de diferentes creadores e creadoras. - O debuxo como parte de múltiples procesos artísticos e técnicos. Ámbitos disciplinares: artes plásticas e visuais,

Contidos
- deseño, arquitectura, ciencia e literatura.

UD	Título da UD	Duración
2	A expresión gráfica e os seus recursos elementais.	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar a linguaxe, os materiais, as técnicas e os procedementos do debuxo en diferentes propostas plásticas entendendo os cambios que se produciron no seu uso ao longo da historia e utilizando a terminoloxía específica máis adecuada.	Expresar, empregando terminoloxía axeitada, a evolución técnica do debuxo ao longo da historia e distintas obras propostas.	PE	30
CA2.2 - Experimentar con sensibilidade as posibilidades expresivas dos recursos elementais do debuxo (punto, liña, forma) e da súa sintaxe, mellorando o proceso de creación gráfica.	Debuxar cos elementos básicos (punto, liña e forma) experimentando coa súa expresividade.	TI	70
CA2.3 - Analizar, interpretar e representar graficamente a realidade mediante bosquejos e esbozos, utilizando as técnicas e ferramentas adecuadas e desenvolvendo unha expresión propia, espontánea e creativa.	Levar a cabo bosquejos e esbozos que supoñan unha análise da realidade.		
CA2.4 - Achegar unha pegada e un xesto propios á realización de debuxos combinando de maneira adecuada o uso tradicional de diferentes materiais, soportes e técnicas, cunha manipulación persoal e creativa.	Experimentar cos materiais, soportes e técnicas, superando estereotipos, para lograr expresividade e un xesto propio.		
CA2.5 - Expresar a través do trazo e do xesto do debuxo unha visión propia da realidade ou do mundo interior, experimentando cos elementos da linguaxe gráfica e coas súas formas, signos, posibilidades expresivas e efectos visuais.	Lograr comunicar mensaxes a través da experimentación cos elementos gráficos.		
CA2.6 - Propoñer distintas solucións gráficas a unha mesma proposta visual, utilizando diferentes niveis de iconicidade, identificando as ferramentas, medios e soportes necesarios e xustificando razoada e respectuosamente a elección realizada.	Comprender os distintos niveis de iconicidade da representación gráfica e ser capaz de levar a cabo a súa propia escala sobre unha proposta.		
CA2.7 - Representar graficamente o modelo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Realizar unha análise visual dunha figura e lograr abstraer o máis destacable dela a través do debuxo.		
CA2.8 - Utilizar o encadramento, o encaixe e a perspectiva na resolución de problemas de representación gráfica analizando tanto os diferentes volumes coma o espazo que completa o conxunto.	Realizar medicións axeitadas dunha figura e encaixala con corrección no formato de traballo proposto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Terminoloxía e materiais do debuxo. - O punto e as súas posibilidades plásticas e expresivas. - A liña: trazo e grafismo. As tramas. - A forma. Análise da súa tipoloxía. Diferentes aplicacións e combinacións. - Niveis de iconicidade da imaxe. - O bosquejo ou esbozo. Introducción ao encaixe. - Técnicas gráfico-plásticas, secas e húmidas. - Materiais gráfico-plásticos. Seguridade, toxicidade, impacto ambiental e sustentabilidade.

UD	Título da UD	Duración
3	Percepción e ordenación do espazo.	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Comprender e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual, as súas leis e principios, así como a composición e a ordenación de elementos no espazo mostrando interese nas súas aplicacións.	Amosar comprensión dos mecanismos da percepción visual e da ordenación dos elementos no espazo.	PE	30
CA3.1 - Experimentar con sensibilidade as posibilidades expresivas dos recursos elementais do debuxo, a composición e os sistemas de ordenación na sintaxe visual, mellorando o proceso de creación gráfica.	Traballar con interese por experimentar as posibilidades expresivas do debuxo, tanto dos recursos básicos coma da súa sintaxe.	TI	70
CA3.2 - Realizar composicións bidimensionais, figurativas ou abstractas, explorando a percepción e a ordenación do espazo e indagando sobre a representación do corpo humano e a súa posible utilización como soporte ou como ferramenta gráfica.	Realizar debuxos que teñan en conta a ordenación do espazo e a representación da figura humana.		
CA3.4 - Representar graficamente o espazo elixido, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Realizar unha análise visual dun espazo e lograr abstraer o máis destacable del a través do debuxo.		
CA3.5 - Utilizar o encadramento, o encaixe e a perspectiva na resolución de problemas de representación gráfica analizando os diferentes volumes, as súas proporcións e posición relativa e tamén o espazo que completa o conxunto.	Realizar medicións axeitadas dunha figura e encaixala axeitadamente no formato de traballo proposto, aplicando con corrección as leis da perspectiva cónica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fundamentos da percepción visual. - Principios da psicoloxía da Gestalt. - Ilusións ópticas. - A composición como método. O equilibrio compositivo. Direccións visuais. Aplicacións. - Sistemas de ordenación na sintaxe visual. Aplicacións. - Introducción á representación do espazo mediante a perspectiva.

UD	Título da UD	Duración
4	A luz, o claroscuro e a cor.	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar os referentes artísticos dunha obra determinada con relación ao uso da luz e da cor que se fai nela describindo a influencia que exercen e as relacións que se establecen.	Ser capaz de identificar os referentes dunha obra proposta en canto ao uso da luz e a cor e de describir o seu uso.	PE	30
CA4.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de creacións gráficas e debuxos propios incorporando, de forma guiada, procedementos ou técnicas de claroscuro e cor utilizados en referentes artísticos de interese para o alumnado.	Lograr comunicar mensaxes a través da aplicación guiada de procedementos de claroscuro e cor.	TI	70
CA4.3 - Analizar e empregar con intencións comunicativas ou expresivas os mecanismos da percepción visual referidos á luz, ao claroscuro e á cor e as súas leis e principios mostrando interese nas súas aplicacións.	Amosar comprensión dos mecanismos da percepción visual referidos á luz, ao claroscuro e á cor, e aplicarlos con intencións comunicativas.		
CA4.4 - Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas, medios e soportes máis adecuados á intención creativa empregando os valores expresivos do claroscuro e da cor nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	Utilizar as ferramentas e medios máis adecuados para levar a cabo obras que interpreten a realidade, empregando os valores expresivos do claroscuro e da cor.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A luz e o volume. - Tipos de luz e de iluminación. - Valoración tonal e claroscuro. - Natureza, percepción, psicoloxía e simboloxía da cor. - Monocromía, bicromía e tricromía. Aplicacións básicas da cor no debuxo.

UD	Título da UD	Duración
5	Tecnoloxías e ferramentas dixitais.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Comparar as múltiples funcións do debuxo e da pintura dixital a través da análise autónoma do seu uso en producións de distintos ámbitos disciplinares.	Identificar as funcións do debuxo dixital e realizar comparacións delas no uso do debuxo en distintas disciplinas.	PE	30
CA5.2 - Achegar unha pegada e un facer propios á realización de producións gráficas, combinando o uso das tecnoloxías e das ferramentas de edición dixitais, de forma persoal e innovadora.	Experimentar cos tecnoloxías de creación e ferramentas de edición dixitais, superando estereotipos, na realización de producións gráficas.	TI	70
CA5.3 - Seleccionar e utilizar con destreza as ferramentas de edición propias de cada programa de pintura ou debuxo dixital máis adecuadas á intención creativa, nunha interpretación gráfica persoal da realidade.	Coñecer e empregar con corrección en interpretacións gráficas da realidade, as ferramentas de edición básicas dos programas de pintura e debuxo dixital indicados.		
CA5.4 - Investigar de forma activa e aberta sobre a presenza de tecnoloxías dixitais en referentes artísticos contemporáneos integrándoas no proceso creativo e expresivo propio.	Investigar a presenza de tecnoloxías dixitais en referentes artísticos contemporáneos.		
CA5.5 - Representar graficamente o modelo elixido mediante procedementos de debuxo dixital, seleccionando e abstraendo as súas características máis representativas a partir do estudo e da análise deste.	Realizar unha análise visual dun modelo e lograr abstraer o máis destacable del a través do debuxo dixital		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Introducción ao debuxo e á imaxe dixital. O seu uso en diferentes ámbitos disciplinares. - Debuxo vectorial. - Ferramentas de edición de imaxes para a expresión artística. - Programas de pintura e debuxo dixital.

UD	Título da UD	Duración
6	Proxectos gráficos colaborativos.	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Planificar proxectos gráficos colaborativos sinxelos identificando o ámbito disciplinar en que se desenvolverá, organizando e distribuindo as tarefas de maneira adecuada e determinando as diferentes fases do proxecto.	Ser capaz de determinar as fases dun proxecto gráfico colaborativo, planificalo e distribuír as tarefas, de xeito guiado.	TI	100
CA6.2 - Realizar proxectos gráficos colaborativos enmarcados nun ámbito disciplinar concreto utilizando con interese os valores expresivos do debuxo artístico e os seus recursos.	Ser capaz de levar a cabo un proxecto gráfico colaborativo.		
CA6.3 - Analizar as dificultades xurdidas na planificación e realización de proxectos gráficos compartidos entendendo este proceso como un instrumento de mellora do resultado final.	Analizar os erros cometidos durante o proceso dos proxectos colaborativos e a súa relación co resultado final. Ser consciente da responsabilidade propia e tolerante cos erros alleos.		
CA6.4 - Identificar posibilidades de desenvolvemento académico e profesional relacionadas co debuxo artístico comprendendo as oportunidades que ofrece e o valor engadido da creatividade nos estudos e no traballo e expresando a opinión propia de forma razoada e respectuosa.	Expresar opinións razoadas sobre as posibilidades académicas e profesionais relacionadas co debuxo artístico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A distribución de tarefas nos proxectos gráficos colaborativos: criterios de selección a partir das habilidades requiridas e das necesidades do proxecto. - Fases dos proxectos gráficos. - Estratexias de selección de técnicas, ferramentas, medios e soportes do debuxo adecuados a distintas disciplinas. - Estratexias de avaliación das fases e os resultados de proxectos gráficos. O erro como oportunidade de mellora e aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O profesorado da materia de Debuxo Artístico I desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto das materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

A materia de Debuxo Artístico I pretende asentar os sistemas de traballo por proxectos aplicados á creación plástica, audiovisual, de deseño, etc. Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través do traballo do alumnado.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Empregaranse estratexias metodolóxicas variadas, segundo se precisen:

- Levar a cabo unha avaliación inicial co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- Expoñer cuestións teóricas imprescindibles para o desenvolvemento dos proxectos.
- Guiar ao alumnado na observación da realidade que se trata de representar.

- Incentivar a práctica do alumnado a través da repetición, necesaria para entrenar destrezas.
- Xerar debates nos que o alumnado expoña os seus puntos de vista, os compare cos do resto do alumnado e poña en práctica o diálogo respectuoso e baseado en opinións fundamentadas.
- Visualizar os traballos realizados polo alumnado do mesmo curso e de cursos anteriores, para que comparen xeitos de traballar, solucións distintas á mesma proposta, etc.
- Conectar as propostas dos proxectos co contexto (a contorna, a comunidade educativa, a realidade social...) e coas inquietudes do alumnado.
- Provocar unha reflexión persoal e conxunta sobre o desenvolvemento do proxecto e o resultado final.
- Etc.

As actividades propostas no desenvolvemento de cada unidade temática formarán un todo co núcleo do tema, e serán as seguintes:

- Actividades de adquisición dos coñecementos básicos (enriquecemento conceptual) que permitan o desenvolvemento do traballo persoal de forma organizada e construtiva, facendo fincapé no sentido práctico dos coñecementos e afastándonos do verbalismo e da abstracción innecesaria. Á exposición do profesor seguiralle unha fase de debate para aclaración, afirmación e desenvolvemento de ideas polo alumno, que se considera fundamental nos seus procesos de aprendizaxe.
- Actividades de observación e análise, en especial da obra realizada por grandes artistas e deseñadores, como medio para o estímulo da propia capacidade de avaliación estética e de creación do alumno.
- Actividades de comprensión e investigación, que lle permitan ao alumno desenvolver persoalmente os coñecementos adquiridos no estudo do tema.
- Actividades de expresión gráfica e plástica, onde o alumno poña a proba a súa implicación e iniciativa no tema proposto.

No deseño das actividades, terá que considerarse a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se recollen no apartado sobre orientacións pedagóxicas desta programación. Deberán seleccionarse os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

É fundamental a discusión (seguimento) profesor-alumno (pero tamén alumno-alumno) das solucións aos problemas plantexados como actividade ao longo de todo o seu desenvolvemento. O traballo realizado polo alumno na aula baixo a supervisión directa do profesor é primordial no proceso de ensinanza e aprendizaxe da materia, así como, polo tanto, a súa asistencia a clase.

De resultas da aplicación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo, como queda recollido no Proxecto Lingüístico do IES Sánchez Cantón, esta materia impartirase no presente curso académico en lingua galega.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula taller de Debuxo - Artes Plásticas (IES Sánchez Cantón, edificio principal), espazo con mobiliario axeitado para o desenvolvemento das materias impartidas polo Departamento: escritorio para o/a profesor/a e mesas de debuxo, amplas e cómodas, para o alumnado; encerado de xiz, encerado de rotulador; vetedoiro con billa; espazo ou moble de secado; espazos, andeis e taboleiros (de cortiza) para expoñer, presentar e comentar obras; mobles con andeis e caixóns para gardar instrumentos, materiais, traballos, libros, etc.
Aula de Debuxo - Artes Plásticas (IES Sánchez Cantón, extensión CGTD), aula materia do Departamento: escritorio para o/a profesor/a e mesas de aula ordinarias para o alumnado; cabaletes, encerado de rotulador; espazo ou moble de secado; espazos, andeis e taboleiros (de cortiza) para expoñer, presentar e comentar obras; mobles con andeis e caixóns para gardar instrumentos, materiais, traballos, libros, etc.
Aula de informática con conexión a internet. Só no edificio principal do IES Sánchez Cantón (aula con moita demanda que dificulta o seu uso continuado); actualmente a extensión do CGTD carece de aula de informática.
Ordenador de aula con conexión a internet e proxector con pantalla (non dixital) e altofalantes.

Ordenador do alumno con conexión a internet (no fogar). O profesor verificará a comezos de curso que todos os alumnos teñan ou seu dispor os correspondentes recursos informáticos.
Dispositivos móbiles para visualizar obras na clase...
Plataforma de ensino virtual: aula virtual do centro.
Impresora e fotocopiadora.
Recursos de internet: páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.
Biblioteca de aula e de centro. Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Instrumentos tradicionais de debuxo técnico para encerado: regra, escuadro, cartabón, compás e transportador de ángulos.
Materiais e instrumentos de gravado e estampación.
Materiais artísticos. Instrumentos/ferramentas e materiais fuxíbeis (distintos soportes, carbón, lapis conté, sanguina, pintura acrílica, témpera...).

1. AULA TALLER (EDIFICIO PRINCIPAL) E AULA MATERIA (CGTD).

O Departamento conta cunha aula taller no edificio principal do centro e cunha aula materia na extensión do CGTD, ambas con algúns espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc. A aula materia do CGTD presenta algunhas limitacións en comparación coa aula taller do edificio principal ao carecer de mesas específicas de debuxo (máis amplas que as ordinarias) e de vertedoiro con billa, limitando o traballo con formatos superiores a DIN A4 e dificultando o emprego dalgunhas técnicas e procedementos artísticos.

2. MATERIAIS DE APOIO, MEDIOS AUDIOVISUAIS E NOVAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS.

Os recursos visuais son imprescindibles nesta materia; sempre que sexa posible dinamizárase o contido teórico mediante materiais de apoio: fotografías, animacións, vídeos, ilustracións, planos, etc., en soporte físico (recorrendo ao uso de libros da biblioteca do centro e aos que formen parte da biblioteca de aula) e en soporte audiovisual (pola importancia que ten para o alumno coñecer feitos e realidades que non poderían ser levados á aula doutro xeito).

A unidade 5, correspondente ao bloque de "Tecnoloxías e ferramentas dixitais", debería desenvolverse preferentemente nunha aula de ordenadores con conexión de Internet en todos os equipos. Buscaremos que as carencias dotacionais de recursos informáticos do centro poidan ser paliadas en boa parte polos propios recursos do alumnado, toda vez que nas enquisas efectuadas nos últimos anos ponse de manifesto que a práctica totalidade dos alumnos desta etapa teñen nos seus fogares ordenador persoal e conexión á rede ao seu dispor. Un caso á parte serían os estudantes da extensión do CGTD, onde á inexistencia dunha aula de informática no centro se lle suma que non residen diariamente nos seus fogares, de xeito que non todos dispoñen dun ordenador persoal, coas dificultades que isto supón para o desenvolvemento dos contidos correspondentes ao bloque de "Tecnoloxías e ferramentas dixitais".

A través do bloque de contidos de "Tecnoloxías e ferramentas dixitais" as novas tecnoloxías teñen unha significativa presenza nos dous cursos de bacharelato, pero ademais:

- 1) Potenciaremos o uso de programas de código aberto (software libre) e de uso gratuíto, tanto para a investigación e elaboración de contidos, como para a súa presentación (e posterior publicación).
- 2) Potenciaremos o uso dos recursos propios e a comunicación permanente profesor-alumno a través da web do centro, da aula virtual e do espazo Abalar. Na aula virtual o alumnado atopará:
 - Diferentes recursos didácticos.
 - O medio de entrega das actividades do bloque de "Tecnoloxías e ferramentas dixitais".
 - A canle de comunicación directa co docente.
- 3) Poderase empregar o móbil do alumno como recurso didáctico, sempre baixo a supervisión do profesor, para consultar información e empregar distintas aplicacións para xerar e publicar contidos na web e para facilitar o seguimento e titorización máis efectiva do alumnado.

4) Potenciaremos, coas limitacións impostas polos recursos dispoñibles, que o alumno sexa quen de presentar o seu traballo tanto no formato físico tradicional como en diferentes formatos dixitais, empregando a aula virtual do centro para a súa entrega.

3. MATERIAIS PROPIOS DO ALUMNO.

O alumno deberá aportar material propio para o seu traballo diario (aínda que na aula poderán estar dispoñibles algúns destes materiais para uso do alumnado, de ser necesario):

1) Básicos (mínimo e imprescindible): Carpeta DIN A3 e fundas DIN A4. Caderno de apuntamentos DIN A5. Regra de medir (30 cm), escuadro e cartabón. Afialápises (que poda afiar o lapis carbón). Lima de unllas e papel de lixa de gran fino. Goma branda e goma moldeable. Difumino de aprox. 3 cm de diámetro. Pano (de cociña, p.e.). Cinta adhesiva: celo e de carroceiro. Pegamento de barra e cola branca. Bolígrafo negro. Rotuladores técnicos calibrados: 0.2, 0.4 e 0.8. Rotulador negro permanente fino. Rotuladores de cor. Lápises de grafito de durezas 2H, HB, 3B e 6B. Carbón de grosor medio. Lapis carbón. Lapis branco. Lápises de cores, preferiblemente acuarelables: cores primarias, azul escuro e branco. Ceras brandas: cores saturadas e negra. Acuarelas. Pinceis para acuarela: nº 2, 8 e 12 (e vaso de plástico). Papel DIN A4 de 80 grs (“folios”). Papel de debuxo óptimo para técnicas secas e apto para técnicas húmidas, DIN A4, de 200-250 gr. Cartolinas DIN A4: cor gris claro medio e cor negra.

2) Complementarios: O profesorado poderá solicitar outros materiais ao longo do curso, en función do traballo a desenvolver e das dispoñibilidades do propio alumno e do centro docente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Contorna: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentese...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de distintos tipos de probas, de cuestionarios como tarefas na aula virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. O deseño daqueles instrumentos de carácter formal que se estimen necesarios realizárase de forma consensuada entre todos os membros do Departamento, cunha especial coordinación do profesorado que imparte docencia na mesma materia e

nivel. A recollida de información tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

Deste xeito, no presente curso académico propónse unha proba para a recollida de información sobre a competencia de debuxo do alumnado, que consistirá na representación obxectiva e subxectiva (variando puntos de vista, composición, procedementos -claroscuro_grafito / cor_lápises de cores-...) dun modelo fotográfico ou do natural proposto polo profesorado. A realización da proba terá lugar na primeira semana de curso.

A reunión de avaliación inicial, a finais do mes de setembro, co titor do grupo, o equipo docente e o Departamento de Orientación axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Analizada toda a información, as conclusións serán postas en común nunha reunión de Departamento, para consensuar as medidas que se estimen oportunas. Tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar reforzos, e en xeral as medidas de atención ás NEE, nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, deseño e planificación das actividades de aula, organización da avaliación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	30	20	20	10	10	100
Proba escrita	30	30	30	30	30	0	27
Táboa de indicadores	70	70	70	70	70	100	73

Criterios de cualificación:

1. CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades didácticas traballadas en cada avaliación establecerase mediante:

a) O CADERNO PERSOAL DO ALUMNO (TI). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 70%.

Sendo esta unha materia de carácter eminentemente práctico, o alumno realizará un conxunto de traballos (prácticos na súa maioría, aínda que tamén teóricos ou teórico-prácticos) propostos polo profesor en relación ao tema a desenvolver, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro (mediante rúbricas e/ou comentarios orais). Estas actividades serán de dous tipos:

- Actividades de aula: Actividades pensadas para que o alumnado poida realizalas, agás imprevistos, na súa práctica totalidade no tempo de clase baixo supervisión directa do/a profesor/a.
- Actividades de campo: Actividades pensadas para que o alumnado poida realizalas na súa casa, reforzando ou ampliando os contidos traballados na aula.

A entrega a través do "caderno persoal" da totalidade dos traballos será considerada condición indispensable para acadar unha avaliación positiva no período correspondente. O alumno deberá ter igualmente presentados aqueles traballos e tarefas que se soliciten para a súa entrega a través da aula virtual. Agás nos casos que contén con suficiente xustificación (enfermidade ou causa familiar grave), a falta ou non presentación destes traballos de aula terá como consecuencia inmediata a avaliación negativa do alumno. Consideraranse non entregados aqueles traballos nos que quede demostrada a non autoría do alumno, por copia, calcado, falsificación ou suplantación de

identidade na realización dos mesmos; coas consecuencias que deste feito deriven.

A revisión, corrección e cualificación do “caderno persoal” de cada alumno realizarase ao final do trimestre. Non obstante, o profesor poderá solicitar o “caderno persoal” para este fin tantas veces como considere. Os alumnos conservarán todos os seus traballos ata o remate de curso (aínda que xa fosen cualificados), podendo ser solicitados para a súa revisión en calquera momento do curso; e deberán recompilar todos aqueles elaborados en soporte papel para unha entrega final na 3ª avaliación. Se por calquera circunstancia non fosen posibles tanto as achegas parciais como a entrega final en soporte físico, poderán realizarse dixitalizadas a través da aula virtual, sempre baixo solicitude ou autorización do profesorado da materia.

A nota deste apartado será a media de todos os traballos (coa correspondente ponderación), valorándose cun 0 os non presentados.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden empregar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. De xeito xeral, teranse en conta os seguintes, agrupados en cinco categorías, aplicables na meirande parte das unidades didácticas:

- Saber ver e saber facer:

Axústase o resultado ao obxectivo da actividade realizada?

Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor, realiza as actividades na aula e sigue un proceso de traballo correcto?

É correcta a realización do exercicio? Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...)?

Escolle as técnicas, os instrumentos e os materiais adecuados en función da mensaxe proposta ?

Emprega as técnicas, os instrumentos e os materiais de xeito adecuado?

Resolve e presenta as tarefas con claridade, precisión, limpeza e orde?

E capaz de explicar (oralmente e por escrito) con corrección, de xeito razoado e crítico, empregando a terminoloxía adecuada, os conceptos sobre os que se traballa, o desenvolvemento e os resultados das súas actividades?

- Creatividade:

Propón solucións creativas rexeitando a copia (do profesor / compañeiro / autor) de xeito literal?

É capaz de producir ideas inusuais, infrecuentes ou non banais? (:orixinalidade.)

É capaz de producir gran número de ideas? (:fluidez.)

É capaz de desenvolver, embelecer ou completar unha idea? (:elaboración.)

É capaz de producir unha gran variedade de ideas? (:flexibilidade.)

- Presentación:

Respecta as normas de presentación e entrega (materiais, soportes, formatos / estrutura, datos solicitados e localización e posicionamento dos mesmos, numeración e/ou orde das actividades...)?

Presenta o seu traballo no prazo e datas previstos?

- Material e espazo de traballo:

Trae o material necesario?

Coida o material propio e alleo, manténdoo en perfecto orde e estado?

Deixa recollido e limpo o seu espazo de traballo, e colabora recollendo e limpando os espazos compartidos?

- Actitude e comportamento no desenvolvemento do traballo de aula:

Asiste a clase con puntualidade?

Respeta o traballo e as normas de clase?

Participa activamente, de xeito autónomo, con interese e responsabilidade no desenvolvemento da clase, nas actividades individuais e nos traballos en grupo, evidenciándose o esforzo realizado por progresar e superarse?: implícase no desenvolvemento das aulas e nos traballos propostos?; é receptivo ás indicacións do profesor, as comprende e as emprega?; amosa atención?; participa no diálogo que se establece no desenvolvemento dos contidos da materia?; traballa en clase?; amosa interese por saber máis?; emprega os novos coñecementos noutras áreas?; comparte noticias relacionadas e fai comentarios espontáneos?; ofrécese voluntario para realizar exercicios?; organiza o seu traballo con autonomía?; completa as actividades na casa, de ser necesario, para axustarse ao ritmo de traballo plantexado na aula?; se falta ou vai faltar a clase preocúpase por poñerse ao día co seu traballo?; amosa afán de superación persoal ante cada traballo?

Nos traballos en grupo: participa nas actividades, levando a cabo as tarefas asignadas, e fai aportacións significativas?; contribúe a manter o grupo concentrado e unido traballando cooperativamente? emite a súa opinión con argumentos razoables respectando quendas de palabra?; ten en conta as distintas opinións e as relaciona coas propias expresándose sempre con corrección nas formas?; escoita e deixa falar respectando as opinións dos demais?

b) AS PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS (PE). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 30%.

En cada unha das tres avaliacións previstas (para aqueles criterios de avaliación e, consecuentemente, unidades didácticas que así o requiran) programarase, como mínimo, unha proba teórico-práctica. No caso de ser máis dunha, a nota deste apartado calcularase a través da media das distintas probas, coa ponderación correspondente. As probas programaranse preferentemente en formato presencial, pero se as circunstancias o impedisen ou o desaconsellasen, as mesmas poderán realizarse en formato telemático a través da aula virtual.

Os resultados das avaliacións (cualificacións) axustaranse aos baremos habituais adoptados polo centro educativo e determinados pola normativa vixente, co fin de evitar confusións na súa explicitación aos diferentes membros da comunidade educativa; en termos xerais:

Nivel INSUFICIENTE. Valor numérico 1-2. O alumno non foi quen de superar os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, ten moitas dificultades e non progresa de forma adecuada, sendo incapaz de afrontar o seu traballo de maneira autónoma e organizada.

Nivel INSUFICIENTE. Valor numérico 3-4. O alumno non superou de xeito plenamente satisfactorio os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, se ben cun maior esforzo e organización persoal podería superar os mínimos esixibles.

Nivel SUFICIENTE. Valor numérico 5. O alumno superou de maneira satisfactoria os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, alcanzando en conxunto os mínimos esixibles.

Nivel BEN. Valor numérico 6. O alumno superou de maneira plenamente satisfactoria os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando en conxunto os mínimos esixibles.

Nivel NOTABLE. Valor numérico 7-8. O alumno superou plenamente os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando de forma ampla os obxectivos propostos.

Nivel SOBRESALIENTE. Valor numérico 9-10. O alumno superou plenamente os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando de forma destacada os obxectivos propostos.

A cualificación explicitarase no boletín a través do seu valor numérico (1 a 10), sen decimais, redondeada á unidade metade arriba, pero empregarase sen este redondeo no cálculo da cualificación final. Como norma xeral, a nota daqueles alumnos que presenten o seu “caderno persoal” incompleto non poderá ser superior a 4 (como xa foi exposto, a entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, aínda que non suficiente, para acadar unha avaliación positiva na materia).

2. CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final será a media aritmética das notas sen redondear de cada unha das tres avaliacións, sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3; nese caso a cualificación final non poderá ser superior a 4. A nota aparecerá no boletín redondeada á unidade (metade arriba).

METODOLOXÍA PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E O REMATE DO PERÍODO LECTIVO (preparación das probas extraordinarias e actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría):

A entrega ao final da 3ª av. da recompilación de todas as tarefas do curso servirá como un dos puntos de partida para deseñar as actividades a desenvolver polo alumnado no período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo en 1º de BACH.

Durante as aulas o profesorado titorizará de xeito individual o traballo do alumnado, tendo en conta dúas casuísticas:

- alumnado coa materia suspensa: que realizará actividades de reforzo orientadas á preparación das probas extraordinarias, deseñadas tomando como referencia os resultados obtidos por cada alumno ao longo do curso (avaliacións parciais, carpeta persoal / probas teórico-prácticas) en relación aos contidos mínimos da materia;
- alumnado coa materia aprobada: que empregará o seu tempo nalgunha das seguintes tarefas: realización de actividades de reforzo (prestando especial atención aos contidos máis importantes de cara á materia de 2ºBACH), colaboración co profesorado no apoio ao alumnado coa materia suspensa, realización de actividades de ampliación (prestando especial atención aos contidos máis importantes de cara á materia de 2ºBACH e en relación aos intereses particulares do alumno) ou, en último caso, a preparación da avaliación extraordinaria doutra materia.

Criterios de recuperación:

Nos niveis INSUFICIENTE especificaranse as dificultades do alumno, así como as medidas axeitadas para a súa superación, comunicándollas verbalmente ao alumno, e ao titor do grupo na sesión de avaliación. Para superar as notas das avaliacións suspensas o alumnado poderá recuperar os seguintes instrumentos nos que teña unha nota inferior a 5: a) CADERNO PERSOAL: Reelaboración das tarefas avaliadas negativamente e entrega/realización das non entregadas; sendo a entrega da totalidade dos traballos, condición necesaria, non suficiente, para acadar unha

avaliación positiva do período avaliado. Cando se precise corrixir unha actividade esta deberá realizarse novamente, nun soporte distinto ao do resultado entregado inicialmente, que se volverá entregar acompañando ao novo resultado. O profesor poderá determinar a realización de tarefas adaptadas ás circunstancias do alumno, tendo en conta os criterios expresados nas medidas de atención á diversidade. Na cualificación das actividades entregadas nas datas de recuperación non se valorará a porcentaxe correspondente á observación do traballo desenvolvido na aula, sempre e cando sexan corrixidos ou feitos fora da mesma. b) **PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS:** Realización dunha proba específica de recuperación do conxunto dos criterios de avaliación do trimestre correspondente, co obxectivo de que se poida constatar que o alumnado alcanzou de maneira satisfactoria alomenos os obxectivos mínimos. As recuperacións faranse atendendo ao seguinte cronograma: a) Rec. da 1ª av.: durante a 2ª av. e na 3ª av. antes da av. ordinaria (recuperación final). b) Rec. da 2ª av.: durante a 3ª av. e na 3ª av. antes da av. ordinaria (recuperación final). c) Rec. da 3ª av.: na 3ª av. antes da av. ordinaria (recuperación final). A proba de rec. final realizarase na mesma sesión lectiva, debendo realizar o alumno únicamente a avaliación ou avaliacións suspensas, e poderá coincidir coa data límite para a nova entrega final do caderno persoal. Recalculárase a nota de cada avaliación do seguinte xeito: a) **CADERNO PERSOAL DO ALUMNO:** mellor nota avaliación/recuperación; 70%. b) **PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS:** mellor nota avaliación/recuperación; 30%. **CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA:** Os alumnos que non acaden a avaliación positiva na convocatoria ordinaria poderán presentarse á convocatoria extraordinaria, na que deberán resolver unha proba teórico-práctica correspondente a toda a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que terá acceso a través da aula virtual do centro, nun espazo destinado a tal fin dentro do curso do Departamento de Artes Plásticas; podendo realizar calquera tipo de consulta (respecto das actividades propostas ou das probas teórico-prácticas), preferentemente mediante reunións presenciais, ao xefe de Departamento de Artes Plásticas, ou profesor en quen delegue o Departamento ao comezo de curso entre aqueles que impartan aulas da materia na modalidade ordinaria, para o que se habilitará no horario lectivo o período correspondente (empregándose fundamentalmente os tempos do recreo). Na extensión do CGTD os alumnos coa asignatura pendente serán atendidos polo profesorado alí adscrito.

A avaliación do alumnado coa materia pendente levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, organizándose segundo o seguinte cronograma:

- 1ª AVALIACIÓN: xaneiro; UD.1, UD.2, UD.3, UD.4.
- 2ª AVALIACIÓN: abril; UD.2, UD.3, UD.4, UD.5, UD.6.
- RECUPERACIÓN FINAL _AVALIACIÓN ORDINARIA : convocatoria de maio; 1ªav. e/ou 2ª av.
- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: xuño; toda a materia.

En cada avaliación empregaranse os seguintes instrumentos:

a) O **CADERNO PERSOAL DO ALUMNO (TI):** Peso porcentual na nota de cada avaliación: 40%.

Dado o carácter eminentemente práctico da materia, o alumno deberá realizar unha serie de actividades obrigatorias propostas polo Departamento para cada unha das avaliacións de pendentes, que responderán aos criterios de avaliación do período avaliado, e das que o alumnado coñecerá os indicadores de logro (mediante rúbricas e/ou comentarios orais). A entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, non suficiente, para acadar unha avaliación positiva no período correspondente, considerándose non entregados aqueles traballos nos que quede demostrada a non autoría do alumno, por copia, calcado, falsificación ou suplantación de identidade na realización dos mesmos. A presentación dos traballos deberá facerse segundo as instrucións dadas previamente polo profesorado (entrega física ou telemática a través da aula virtual, materiais, soportes, formatos, datos solicitados e localización e posicionamento dos mesmos, numeración e/ou orde das actividades...).

b) A **PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA (PE).** Peso porcentual na nota de cada avaliación: 60%.

En cada unha das dúas avaliacións previstas (para aqueles criterios de avaliación e, consecuentemente, unidades didácticas que así o requiran) programárase unha proba teórico-práctica. A proba realizarase preferentemente de xeito presencial, pero se as circunstancias o impidisen ou o desaconsellasen, poderá realizarse de xeito telemático a

través da aula virtual.

A cualificación explicitarase no boletín a través do seu valor numérico (1 a 10), sen decimais, redondeada á unidade metade arriba, pero empregarase sen este redondeo no cálculo da cualificación final. Como norma xeral, a nota daqueles alumnos que presenten o seu caderno persoal incompleto non poderá ser superior a 4 (como xa foi exposto anteriormente, a entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, aínda que non suficiente, para acadar unha avaliación positiva na materia).

Nas RECUPERACIÓNS, o alumnado recuperará o caderno persoal e/ou a proba teórico-práctica segundo lle corresponda (aquello no que teña unha nota inferior a 5).

A NOTA FINAL será a media ponderada das notas sen redondear de cada unha das dúas avaliacións (1ªav.: 40% e 2ªav.: 60%), sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3; nese caso, a cualificación final nunca poderá ser superior a 4. A nota aparecerá no boletín redondeada á unidade (metade arriba).

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que vaia cursar DAII sen ter cursado previamente DAI poderá acreditar os coñecementos necesarios antes do inicio do curso a través dunha proba. No caso de non superala deberá cursar DAI como materia pendente.

O exame consistirá na realización dun debuxo do natural dunha composición proposta polo profesorado.

Criterios de cualificación: avaliaranse os seguintes aspectos (debéndose acadar un mínimo en cada un deles):

1. A composición; a relación entre os distintos elementos da imaxe (figura e fondo).
2. O estudo formal dos obxectos representados: análise estrutural e xeométrico, relacións de proporcións entre os obxectos (encaixe) e definición de contornos.
3. O estudo do claroescuro para conseguir o aspecto volumétrico (e de textura) dos obxectos representados.
4. A destreza (capacidade descritiva e expresiva) da técnica gráfica empregada (grafito sobre papel).
5. A capacidade de análise e síntese da imaxe.

Material necesario para a proba: lapis HB e 3B, goma de borrar, afialapis e láminas de debuxo DIN A4.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa metodoloxía a estas particularidades, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado, aínda que a detección das necesidades do alumnado pode darse en calquera momento do curso académico. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas casuísticas. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un

desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centranse en:

1. MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Plantexaranse actividades de ampliación para aquel alumnado que o precise.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a autoestima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas especiais, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións de accesibilidade ao currículo oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poida ser escolarizado disporá da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo (así como flexibilizar o período de permanencia na etapa).

2. MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presenten graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. (O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.)
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.5 - Formación estética.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial; a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a paz e a convivencia.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación en tolerancia e respecto ao diferente; solidariedade e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación na Igualdade de xénero; evitando os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan a discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.16 - Educación medioambiental; concienciación e formación sobre o cambio climático e educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Estes elementos transversais traballaranse ao longo do curso, polo que non se relacionan con unidades didácticas concretas senon co desenvolvemento da materia no seu conxunto. Fomentaremos as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar os elementos transversais citados. Polo feito de tratarse unha materia cunha carga social importantísima, no que a relación dos proxectos artísticos co contexto forma parte da súa propia natureza, a integración dos contidos transversais resultará natural na meirande parte das unidades didácticas.

Na selección dos materiais artísticos e culturais que se usarán como referencias e exemplificacións ao longo do curso, farase fincapé na perspectiva de xénero, para facer visibles os traballos e obras artísticas de mulleres e de culturas cunha presenza minoritaria no mundo da arte (mercado, institucións, mundo académico, etc.).

Como aspecto clave da súa formación, será importante que o alumnado conviva coas críticas construtivas, tanto do profesorado, como dos receptores das súas producións artísticas, ou dos seus colaboradores nos equipos de traballo, de xeito que non prexudique ao seu benestar emocional e contribúa a formar un xuízo crítico propio e unha personalidade resiliente.

Trataremos de concienciar ao alumnado da importancia da calidade e corrección na comunicación oral e escrita, á hora de compartir as súas obras co público para o que vai destinado e, dada a natureza predominantemente visual da materia, tamén da comunicación audiovisual e dixital.

Na elaboración de proxectos artísticos colaborativos e mesmo en moitos proxectos individuais, resulta clave a relación entre as persoas que forman parte dos equipos ou entran a aportar o seu traballo nalgunha parte do proceso artístico. Por este motivo, promoverase entre o alumnado o respecto polo pluralismo, a xustiza, os valores democráticos e a aprendizaxe de estratexias que axuden a prever e resolver os conflitos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
VISITAS DIDÁCTICAS.	Visitas guiadas (virtuais ou presenciais) a exposicións, temporais ou permanentes, en espazos expositivos da contorna, formais ou informais (museos, salas de exposicións, galerías,... espazo público) e, en xeral, a calquera lugar de interese en relación ao currículo da materia: centros de formación (facultade de Belas Artes e escolas de Artes e Oficios), centros de traballo (obradoiros de artistas e estudos de deseñadores), etc.	X	X	X
SAÍDAS PARA ACTIVIDADES DE AULA.	Saídas fóra do recinto escolar, na contorna do centro, para desenvolver actividades de aula durante o período lectivo da materia (debuxar do natural e fotografar).	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
CHARLAS INFORMATIVAS.	Charlas (virtuais ou presenciais) impartidas por todo tipo de profesionais vencellados á materia (educadores, artistas e deseñadores) relacionadas con distintos intereses do noso alumnado.	X	X	X
OBRADOIROS.	Talleres impartidos por todo tipo de profesionais vencellados á materia (educadores, artistas e deseñadores) para a aprendizaxe práctica dalgunha actividade creativa específica.		X	X
CERTAMES E EVENTOS ARTÍSTICOS.	Participación en certames e eventos artísticos, organizados polo propio centro e/ou por institucións e organismos externos.	X	X	X
Concurso de debuxo contra a violencia de xénero.	Grupos: ESO e BACH. Observacións: en colaboración co Comité de Igualdade.	X		
Concurso de tarxetas de Nadal.	Grupos: ESO e BACH. Observacións: en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega.	X		
EXPOSICIÓN DE TRABALLOS PROPIOS.	Exposicións de traballos propios (en colaboración ou non con outras materias e niveis), involucrando e comprometendo aos alumnos a colaborar en todo o proceso de organización (plantexamento, montaxe, desmontaxe e valoración de resultados).	X	X	X
Exposición dos traballos do concurso de debuxo contra a violencia de xénero.	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: en colaboración co Comité de Igualdade; lugar: vestíbulo.	X		
Exposición de tarxetas de Nadal.	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega; lugar: vestíbulo.	X		
Exposición de traballos de Entroido (carautas e disfraces).	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: en colaboración coa Biblioteca; lugar: vestíbulo e biblioteca.		X	
Exposición de fin de curso.	Grupos: ESO (EPVA e EA) e/ou BACH (DA). Observacións: exposición dunha escolma dos traballos realizados polos alumnos ao longo do curso; lugar: vestíbulo.			X
PROXECTOS DO DEPARTAMENTO E INTERDISCIPLINARES.	Realización de proxectos do Departamento e colaboración cos diversos proxectos de centro (EDLG, Biblioteca, Club de lectura, Comité de Igualdade, Club de Ciencia, Club contra o cambio climático...). Actividades de deseño e intervencións artísticas.	X	X	X

Observacións:

Son actividades propostas para ser desenvolvidas en espazos/tempos diferentes e/ou empregando recursos non habituais, e poden ser avaliadas. No caso de realizarse fóra do centro e/ou do horario lectivo terán carácter voluntario.

Estas actividades están orientadas a:

- Completar a formación do alumnado fóra do curricular.
- Promover o coñecemento do alumnado do seu entorno cultural.
- Promover as habilidades sociais.
- Estimular o desexo por coñecer e investigar.

Tentarase planificar as actividades complementarias e extraescolares do departamento ao inicio de curso na medida do posible. Non sempre se pode xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico. O desenvolvemento destas e doutras actividades dependerá en boa medida das programacións dos diversos axentes culturais da nosa contorna e do ritmo de desenvolvemento das programacións didácticas cos diferentes grupos (materias e niveis).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto.
Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.

Metodoloxía empregada
Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de exemplo ao alumnado do que se pode facer.
Motivo ao meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
O alumnado traballa do seguinte xeito: individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes
Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.
Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
Como paso as horas lectivas: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / observando / corrixindo ao alumnado de xeito individual.
Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
Utilizo diferentes tipos de probas: exames escritos / exames orais / traballo individual / traballo en equipo.
Que teño en conta para medir os resultados?: a nota final / o avance, tendo en conta a situación de partida.
Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: non / de xeito individual / en grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / co alumnado.
Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Que fago para coñecer a composición da clase?: pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitáma o titor/a, o xefe/a de estudos, o orientador/a / facilitáma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)
A miña programación ten en conta a diversidade.
Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
Teño en conta ao alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
Dou a cada alumno/a a explicación que precisa: no grupo grande / no grupo pequeno / de xeito individual.

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento; adaptándose ademais aos cambios ou axustes normativos que puideran terse producido con aplicación no novo curso.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro, entre outros, poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo técnico I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	27
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	30

1. Introducción

1. O CENTRO.

O IES SÁNCHEZ CANTÓN é un centro de ensino secundario que ofrece aos alumnos e alumnas ensinanzas da ESO, bacharelato e ciclos formativos ligados a actividades deportivas. Está situado no centro de Pontevedra, e unha parte moi importante do alumnado procede da súa contorna inmediata.

Posúe unha EXTENSIÓN NO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA (CGTD), onde o alumnado (bolseiros da Xunta de Galicia) compatibiliza coa práctica deportiva de alto nivel (programas de tecnificación deportiva de distintas disciplinas) os estudos de 3º e 4º da ESO, e 1º e 2º de Bacharelato, particularidade que condiciona de xeito determinante o proceso de ensino-aprendizaxe. Os alumnos proceden de diferentes lugares de Galicia (incluso de fóra dela) e residen durante os días lectivos en réxime de internamento (agás algún alumno da cidade de Pontevedra); o que leva consigo certa heteroxeneidade, social e escolar, do alumnado, e unha ausencia dos pais no seu día a día. A práctica do deporte (adestramentos diarios, concentracións e competicións) réstalles tempo para os estudos, e ocasionan na maioría, dependendo das disciplinas e do seu rendemento deportivo, un elevado número de faltas de asistencia e disrupcións. Todo o anterior é contrarrestado, parcialmente, por certa homoxeneidade na súa actitude cara aos estudos (incluso tamén nas súas competencias). O programa de tecnificación comeza en 3ºESO (podéndose incorporar alumnos en calquera curso) e a permanencia no mesmo depende non só dos resultados deportivos senón tamén dos resultados académicos (aínda que con algunha excepción), un elemento extra de motivación que, sumado ao seu alto grao de competitividade (vinculado á práctica deportiva) repercute positivamente no esforzo que realizan por superar os estudos.

2. MARCO LEGAL.

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, DOG Nº183, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.

3. A MATERIA DE DEBUXO TÉCNICO.

A materia de Debuxo Técnico aglutina os contidos e procedementos necesarios para a definición gráfica de trazados xeométricos, a resolución de problemas espaciais e a descrición gráfica de volumes mediante sistemas normalizados. Constitúe o medio idóneo de expresión e definición de proxectos nos diferentes campos do deseño. Esta materia dotará ao alumnado dos instrumentos axeitados para comunicar de xeito gráfico e obxectivo e para expresar e difundir ideas e proxectos de acordo con convencións que garanten a interpretación fiable e precisa.

A materia de Debuxo Técnico potencia o desenvolvemento da capacidade de visión espacial así como da capacidade de análise, a creatividade, a autonomía, o traballo colaborativo e o pensamento diverxente. Por outra banda, supón un primeiro achegamento do alumnado á lectura de obras de arquitectura e enxeñaría desde a valoración dos seus elementos técnicos e estruturais.

O carácter integrador e multidisciplinario da materia favorece unha metodoloxía activa e participativa, de aprendizaxe por descubrimento, de experimentación sobre a base de resolución de problemas prácticos, ou mediante a participación en proxectos interdisciplinarios, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave correspondentes e á adquisición dos obxectivos de etapa. Abórdanse tamén retos do século XXI de xeito integrado durante os dous anos de bacharelato, o compromiso cidadán no ámbito local e global, a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento, o aproveitamento crítico, ético e responsable da cultura dixital, o consumo responsable e a valoración da diversidade persoal e cultural.

Un dos bloques da materia está adicado a familiarización cos medios dixitais de representación, que son os empregados no eido profesional. Os programas e as aplicacións CAD ofrecen grandes posibilidades como unha maior

precisión, axilidade na busca de solucións, facilidade de transmisión e almacenamento do traballo entre outros .

Os criterios de avaliación son o elemento curricular que serve para avaliar o nivel de consecución dos obxectivos da materia, e fórmulanse cunha evidente orientación competencial mediante a aplicación de contidos e a valoración de destrezas e actitudes como a autonomía e a autoaprendizaxe, o rigor nos razoamentos, a claridade e a precisión nos trazados.

Ao longo dos dous cursos de bacharelato os contidos adquiren un grao de dificultade e afondamento progresivo. No primeiro curso o alumnado iníciase no coñecemento de conceptos importantes á hora de establecer procesos e razoamentos aplicables á resolución de problemas ou que son soporte doutros posteriores; e gradualmente, no segundo curso, vai adquirindo un coñecemento máis amplo sobre esta disciplina.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en torno a catro bloques interrelacionados e intimamente ligados aos obxectivos:

1) No bloque de Fundamentos xeométricos o alumnado aborda a resolución de problemas sobre o plano e identifica a súa aparición e a súa utilidade en diferentes contextos. Tamén se cuestiona a relación do debuxo técnico e as matemáticas, e a presenza da xeometría nas formas da arquitectura e da enxeñaría.

2) No bloque de Xeometría proxectiva preténdese que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para representar graficamente a realidade espacial, co fin de expresar con precisión as solucións a un problema construtivo ou de interpretación para a súa execución empregando os diversos sistemas de xeometría descritiva.

3) No bloque de Normalización e documentación gráfica de proxectos dótase o alumnado dos coñecementos necesarios para visualizar e comunicar a forma e as dimensións dos obxectos de xeito inequívoco seguindo as normas UNE e ISO, co fin de elaborar e presentar, de forma individual ou en grupo, proxectos sinxelos de enxeñaría ou arquitectura.

4) Por último, no bloque de Sistemas CAD preténdese que o alumnado aplique as técnicas de representación gráfica adquiridas utilizando programas de deseño asistido por computador.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar elementos ou conxuntos arquitectónicos e de enxeñaría, empregando recursos asociados á percepción, ao estudo, á construción e á investigación de formas, para analizar as estruturas xeométricas e os elementos técnicos utilizados.	1-2		4	1	40	1		1-2
OBX2 - Utilizar razoamentos indutivos, deductivos e lóxicos en problemas de índole gráfico-matemática, aplicando fundamentos da xeometría plana para resolver graficamente operacións matemáticas, relacións, construcións e transformacións.	2		1-2-4		11-50		2	
OBX3 - Desenvolver a visión espacial, utilizando a xeometría descritiva en proxectos sinxelos, considerando a importancia do debuxo na arquitectura e nas enxeñarías, para resolver problemas e interpretar e recrear graficamente a realidade tridimensional sobre a superficie do plano.			1-2-4		11-50		2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Formalizar e definir deseños técnicos aplicando as normas UNE e ISO de maneira apropiada e valorando a importancia que ten o esbozo para documentar graficamente proxectos arquitectónicos e de enxeñaría.	2		1-4	2	11-32-50		3	
OBX5 - Investigar, experimentar e representar dixitalmente elementos, planos e esquemas técnicos mediante o uso de programas específicos CAD de xeito individual ou grupal, apreciando o seu uso nas profesións actuais, para virtualizar obxectos e espazos en dúas dimensións e tres dimensións.			2-3-4	1-2-3			3	41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución ao debuxo técnico. Campos de aplicación.	Visión xeral do ámbito de aplicación do debuxo técnico, a súa evolución histórica e a súa relación con outras disciplinas.	3	4	X		
2	Xeometría plana. Elementos e trazados xeométricos fundamentais.	Repaso dos trazados básicos e introdución de novas construcións fundamentais necesarias para o desenvolvemento doutras construcións máis complexas.	10	14	X		
3	Relacións e transformacións xeométricas. Proporcionalidade. Equivalencia. Transformacións isométricas e isomórficas.	Comprensión do concepto de proporcionalidade e obtención gráfica das cuartas, terceiras e medias dunha proporción. Trazado de figuras semellantes e equivalentes a outras dadas. Comprensión e aplicación das transformacións xeométricas básicas no plano.	10	14	X		
4	Polígonos.	Clasificación dos polígonos. Construción de triángulos e obtención das rectas e dos puntos notables. Construción de cuadriláteros. Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia e construcións de polígonos regulares a partires do lado.	10	14	X		
5	Tanxencias e enlaces. Aplicación de lugares xeométricos.	Realización de casos básicos de tanxencias e a súa aplicación no deseño mediante enlaces.	7	12		X	
6	Curvas xeométricas: curvas trazadas mediante enlaces.	Trazado de óvalos, ovoides e volutas.	3	2		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Introdución á xeometría descritiva e aos sistemas de representación.	Nocións de xeometría proxectiva. Clasificación dos sistemas de representación. Fundamentos e finalidades. Exemplos.	6	4		X	
8	Sistema axonométrico.	Fundamentos e nomenclatura. Clasificación. Coeficientes de redución; obtención na axonometría ortogonal. Punto, recta e plano. Perspectiva isométrica e perspectiva cabaleira.	8	12		X	
9	Sistema cónico.	Fundamentos e nomenclatura. Perspectiva cónica frontal e oblicua.	8	12		X	
10	Sistema diédrico.	Fundamentos e nomenclatura. Punto, recta e plano. Pertenzas. Rectas notables do plano. Intersección, paralelismo e perpendicularidade. Verdadeiras magnitudes. Representación de volumes (vistas).	17	30		X	X
11	Sistema acotado.	Fundamentos e nomenclatura. Punto, recta e plano. Operacións básicas e interseccións.	6	6			X
12	Normalización.	Concepto de normalización. Tipos de norma. A normalización no debuxo técnico. Normalización da representación. Acotación. Escalas. Cortes e seccións.	6	4	X	X	X
13	CAD (Deseño Asistido por Computadora). Introdución.	Introdución a aplicacións: 2D (LibreCad), 3D (SketchUp) e fotomontaxe (GIMP).	6	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución ao debuxo técnico. Campos de aplicación.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, empregando adecuadamente o vocabulario específico técnico e artístico.	Recoñecer e valorar os elementos xeométricos presentes en obras de arte ao longo da historia. Recoñecer a representación de obras de arquitectura e enxeñaría.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc.

Contidos
- Orixes da xeometría. Thales, Pitágoras, Euclides, Hipatia de Alexandría.

UD	Título da UD	Duración
2	Xeometría plana. Elementos e trazados xeométricos fundamentais.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2.1. - Aplicar os trazados xeométricos fundamentais na resolución de problemas.	Interpretar correctamente os datos e resolver gráficamente sen erros significativos os casos propostos nos exercicios prácticos.	PE	75
CA1.2.2. - Resolver os trazados xeométricos fundamentais na resolución de problemas.	Realizar correctamente os trazados.	TI	25
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Concepto de lugar xeométrico. Arco capaz. Aplicacións dos lugares xeométricos ás construcións fundamentais da xeometría plana.
- Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
3	Relacións e transformacións xeométricas. Proporcionalidade. Equivalencia. Transformacións isométricas e isomórficas.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2.3. - Aplicar as relacións e transformacións xeométricas na resolución de problemas.	Interpretar correctamente os datos e resolver gráficamente sen erros significativos os casos propostos nos exercicios prácticos.	PE	75
CA3.1 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Construír e interpretar correctamente escalas gráficas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2.4. - Resolver as relacións e transformacións xeométricas na resolución de problemas.	Realizar correctamente os trazados.	TI	25
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		
CA1.2 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Proporcionalidade, equivalencia e semellanza. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións. - Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso.

UD	Título da UD	Duración
4	Polígonos.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4.2. - Resolver graficamente o trazado de formas poligonais regulares e irregulares a partires da interpretación de datos.	Interpretar correctamente os datos e resolver graficamente sen erros significativos os casos propostos nos exercicios prácticos.	PE	75
CA1.4.1. - Aplicar as formas poligonais na representación gráfica.	Aplicar correctamente as propiedades das formas poligonais na definición gráfica de formas planas de certa complexidade.	TI	25
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		
CA1.4 - Trazar graficamente construcións poligonais baseándose nas súas propiedades e amosando interese pola precisión, a claridade e a limpeza.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares. Propiedades e métodos de construción específicos e xerais. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
5	Tanxencias e enlaces. Aplicación de lugares xeométricos.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3.2. - Resolver gráficamente casos de tanxencias e enlaces aplicando os seus principios e propiedades.	Interpretar correctamente os datos e resolver gráficamente sen erros significativos os casos propostos nos exercicios prácticos.	PE	75
CA1.3.1. - Aplicar as tanxencias e enlaces na representación gráfica.	Aplicar correctamente os principios das tanxencias e enlaces na definición gráfica de formas planas de certa complexidade.	TI	25
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		
CA1.3 - Resolver gráficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tanxencias básicas. Curvas técnicas. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
6	Curvas xeométricas: curvas trazadas mediante enlaces.	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3.4. - Resolver gráficamente as curvas técnicas trazadas mediante enlaces a partires de diferentes datos.	Interpretar correctamente os datos e resolver gráficamente sen erros significativos os casos propostos nos exercicios prácticos.	PE	75
CA1.3.3. - Aplicar as curvas técnicas trazadas mediante enlaces na representación gráfica.	Aplicar correctamente o debuxo de curvas técnicas trazadas mediante enlaces na definición gráfica de formas planas de certa complexidade.	TI	25
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso; a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver graficamente tanxencias e trazar curvas aplicando as súas propiedades, cunha actitude de rigor na súa execución.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Tanxencias básicas. Curvas técnicas. - Interese polo rigor nos razoamentos, e precisión, claridade e limpeza nas execucións.

UD	Título da UD	Duración
7	Introdución á xeometría descritiva e aos sistemas de representación.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar, ao longo da historia, a relación entre as matemáticas e o debuxo xeométrico, valorando a súa importancia en diferentes campos como a arquitectura ou a enxeñaría, desde a perspectiva de xénero e a diversidade cultural, empregando adecuadamente o vocabulario específico técnico e artístico.	Coñecer as características principais dos diferentes sistemas de representación obxecto de estudo e identificalos en representacións de diferentes disciplinas en diferentes momentos da historia.	PE	100
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia	Recoñecer as principais características da proxección cilíndrica ortogonal e comprender os fundamentos e finalidades do sistema diédrico.		
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.	Recoñecer as principais características da proxección cilíndrica ortogonal e oblicua e comprender os fundamentos e finalidades do sistema axonométrico.		
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.	Recoñecer as principais características da proxección cilíndrica ortogonal e comprender os fundamentos e finalidades do sistema de planos acotados.		
CA2.4 - Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.	Recoñecer as principais características da proxección cónica e coñecer os fundamentos e finalidades da perspectiva lineal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento histórico do debuxo técnico. Campos de acción e aplicacións: debuxo arquitectónico, mecánico, proxectivo, eléctrico e electrónico, xeolóxico, urbanístico, etc. - Fundamentos da xeometría proxectiva.

UD	Título da UD	Duración
8	Sistema axonométrico.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.2. - Resolver problemas sinxelos en sistema axonométrico e representar volumes aplicando os coeficientes de redución.	Obter os coeficientes de redución no sistema axonométrico ortogonal; situar puntos, rectas e planos a partires duns datos; representar volumes sinxelos en isométrica e cabaleira, aplicando correctamente os coeficientes de redución; realizar seccións planas de volumes sinxelos.	PE	75
CA2.2.1. - Aplicar o sistema axonométrico (ortogonal e oblicuo) na representación de sólidos sinxelos.	Realizar correctamente os trazados de perspectivas isométricas e cabaleiras de volumes sinxelos.	TI	25
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados.		
CA2.2 - Definir elementos e figuras planas en sistemas axonométricos valorando a súa importancia como métodos de representación espacial.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Perspectivas isométrica e cabaleira. Disposición dos eixes e uso dos coeficientes de redución. Elementos básicos: punto, recta e plano.

UD	Título da UD	Duración
9	Sistema cónico.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4.2. - Resolver exercicios básicos en perspectiva lineal a partires de diferentes datos.	Obter os elementos básicos dunha perspectiva lineal a partir dos datos e realizar unha perspectiva cónica frontal e oblicua dun volume sinxelo definido polas súas vistas.	PE	75

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4.1. - Aplicar a perspectiva lineal na representación de sólidos a partir dos datos en sistema diédrico: configuración do volume, posición do observador e ubicación do plano do cadro.	Realizar correctamente os trazados dunha perspectiva cónica frontal e oblicua dun volume definido polas súas vistas.	TI	25
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		
CA2.4 - Debuxar elementos no espazo empregando a perspectiva cónica.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema cónico: fundamentos e elementos do sistema. Perspectiva frontal e oblicua.

UD	Título da UD	Duración
10	Sistema diédrico.	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1.1. - Resolver problemas espaciais elementais en sistema diédrico.	Resolver exercicios sinxelos no sistema diédrico referentes á posición do punto, tipos de rectas, tipos de plano e pertenza.	PE	75
CA2.1.3. - Resolver problemas espaciais de complexidade media en sistema diédrico.	Resolver exercicios sinxelos no sistema diédrico de intersección, paralelismo, perpendicularidade e distancias.		
CA3.2.2. - Resolver a representación de obxectos sinxelos mediante as súas vistas a partir das súas representacións axonométricas.	Resolver a representación de obxectos sinxelos mediante as súas vistas a partir das súas representacións isométricas.		
CA2.1.2. - Aplicar os fundamentos do sistema diédrico na resolución de problemas.	Resolver os trazados de exercicios sinxelos no sistema diédrico referentes á posición do punto, tipos de rectas, tipos de plano e pertenza.	TI	25
CA2.1.4. - Aplicar as operacións básicas do sistema diédrico na resolución de problemas espaciais sinxelos.	Resolver os trazados de exercicios sinxelos no sistema diédrico de intersección, paralelismo, perpendicularidade e distancias.		
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		
CA3.2.1. - Representar obxectos sinxelos mediante as súas vistas.	Representar obxectos sinxelos mediante as súas vistas.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Representar en sistema diédrico elementos básicos no espazo determinando a súa relación de pertenza, posición e distancia		Baleiro	0
CA3.2 - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sistema diédrico: representación de punto, recta e plano. Trazas con planos de proxección. Determinación do plano. Pertenzas. - Relacións entre elementos: interseccións, paralelismo e perpendicularidade. Obtención de distancias: punto a punto, punto a recta, recta a plano, plano a plano, dúas rectas paralelas e mínima distancia entre dúas rectas que se cruzan. - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación.

UD	Título da UD	Duración
11	Sistema acotado.	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3.2. - Resolver problemas espaciais sinxelos e de representación topográfica en sistema acotado a partir de diferentes datos.	Interpretar correctamente os datos e resolver graficamente sen erros significativos os casos propostos nos exercicios prácticos.	PE	75
CA2.3.1. - Aplicar o sistema acotado na resolución de problemas espaciais sinxelos e de representación topográfica.	Resolver os trazados de problemas espaciais sinxelos e de representación topográfica en sistema acotado.	TI	25
CA2.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		
CA2.3 - Representar e interpretar elementos básicos no sistema de planos acotados facendo uso dos seus fundamentos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema de planos acotados. Fundamentos e elementos básicos: punto, recta e plano. Identificación de elementos para a súa interpretación en planos.

UD	Título da UD	Duración
12	Normalización.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Solucionar graficamente cálculos matemáticos e transformacións básicas aplicando conceptos e propiedades da xeometría plana.	Construír e interpretar correctamente escalas gráficas.	PE	75
CA3.2.1. - Representar obxectos sinxelos mediante as súas vistas.	Representar as vistas acotadas dun volumen sinxelo de xeito normalizado.		
CA3.2.4. - Acotar seguindo a norma debuxos técnicos.	Acotar seguindo a norma unha peza industrial sinxela.		
CA3.2.5. - Representar cortes e seccións de volumes sinxelos.	Empregar axeitadamente cortes e seccións na definición de obxectos con certa complexidade.		
CA3.2.3. - Realizar e empregar escalas gráficas para a lectura de planos e a realización de debuxos descritivos.	Construír, interpretar e empregar correctamente escalas gráficas.	TI	25
CA3.3 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		
CA3.4 - Utilizar o esbozo e o bosquejo como elementos de reflexión na aproximación e indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo.	Realizar debuxos de análise mediante vistas e liñas normalizadas, aplicando correctamente as normas básicas de acotación.		
CA3.2 - Documentar graficamente obxectos sinxelos mediante as súas vistas acotadas aplicando a normativa UNE e ISO na utilización de sintaxe, escalas e formatos, valorando a importancia de usar unha linguaxe técnica común.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Escalas numéricas e gráficas. Construción e uso. - Formatos. Dobradura de planos. - Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO e DIN. Aplicacións da normalización: simboloxía industrial e arquitectónica. - Elección de vistas necesarias. Liñas normalizadas. Acotación.

UD	Título da UD	Duración
13	CAD (Deseño Asistido por Computadora). Introducción.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Crear figuras planas e tridimensionais mediante programas de debuxo vectorial, usando as ferramentas que achegan e as técnicas asociadas.	Realizar formas 2D con programas vectoriais e modelado de volumes sinxelos.	TI	100
CA4.2 - Recrear virtualmente pezas en tres dimensións aplicando operacións alxébricas entre primitivas para a presentación de proxectos en grupo.	Modelar volumes de certa complexidade, empregando operacións sobre volumes sinxelos.		
CA4.3 - Utilizar o esbozo e o bosquexo como elementos de reflexión na aproximación e na indagación de alternativas e solucións aos procesos de traballo nos que interveñen sistemas CAD.	Planificar debuxos para ser realizados en CAD.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aplicacións vectoriais 2D-3D. - Fundamentos de deseño de pezas en tres dimensións. - Modelaxe de caixa. Operacións básicas con primitivas. - Aplicacións de traballo en grupo para conformar pezas complexas a partir doutras máis sinxelas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Debuxo Técnico desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nas epígrafes seguintes, e seleccionar os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

- A preparación do futuro profesional e persoal do alumnado por medio do manexo de técnicas gráficas con medios tradicionais e dixitais, xerando situacións de traballo nas que se apliquen as técnicas de representación gráfica adquiridas utilizando ferramentas de deseño asistido por computador.
- A adquisición e a posta en práctica de estratexias como o razoamento lóxico, a visión espacial, o uso da terminoloxía específica, a toma de datos e a interpretación de resultados necesarios en estudos posteriores.
- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades; así mesmo, contéplanse actividades de ampliación para o alumnado que o precise.
- O uso de estratexias cun enfoque inclusivo, non sexista e facendo especial fincapé na superación da fenda de xénero que existe actualmente nos estudos técnicos.

TRABALLO NA AULA:

A materia é eminentemente práctica e, aínda que grande parte das sesións terán un carácter teórico para adquirir os coñecementos necesarios para o desenvolvemento do currículo, o alumnado terá que manterse activo, debuxando para confeccionar os seus propios apuntamentos, que deberá encadernar ao final de curso a modo de libro de texto.

De resultas da aplicación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo, como queda recollido no Proxecto Lingüístico do IES Sánchez Cantón, esta materia impartirase no presente curso académico en lingua galega.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula taller de Debuxo - Artes Plásticas (IES Sánchez Cantón, edificio principal), espazo con mobiliario axeitado para o desenvolvemento das materias impartidas polo Departamento: escritorio para o/a profesor/a e mesas de debuxo, amplas e cómodas, para o alumnado; encerado de xiz, encerado de rotulador; vetedoiro con billa; espazo ou moble de secado; espazos, andeis e taboleiros (de cortiza) para expoñer, presentar e comentar obras; mobles con andeis e caixóns para gardar instrumentos, materiais, traballos, libros, etc.
Aula de Debuxo - Artes Plásticas (IES Sánchez Cantón, extensión CGTD), aula materia do Departamento: escritorio para o/a profesor/a e mesas de aula ordinarias para o alumnado; cabaletes, encerado de rotulador; espazo ou moble de secado; espazos, andeis e taboleiros (de cortiza) para expoñer, presentar e comentar obras; mobles con andeis e caixóns para gardar instrumentos, materiais, traballos, libros, etc.
Aula de informática con conexión a internet. Só no edificio principal do IES Sánchez Cantón (aula con moita demanda que dificulta o seu uso continuado); actualmente a extensión do CGTD carece de aula de informática.
Ordenador de aula con conexión a internet e proxector con pantalla (non dixital) e altofalantes.
Ordenador do alumno con conexión a internet (no fogar; para a realización das tarefas CAD). O profesor verificará a comezos de curso que todos os alumnos teñan ou seu dispor os correspondentes recursos informáticos.
Plataforma de ensino virtual: aula virtual do centro.
Impresora e fotocopiadora.
Recursos de internet: páxinas web, blogs, etc.
Biblioteca de aula e de centro.
Libro de texto recomendado (non obrigatorio): Dibujo Técnico 1, Bachillerato; B. Mas, R. Gasull; Casals; ISBN: 978-84-218-7488-2.
Instrumentos tradicionais de debuxo técnico para encerado: regra, escuadro, cartabón, compás e transportador de ángulos.
Xogos de regra, escuadro, cartabón e compás para prestar ao alumnado en casos puntuais.
Calibres.
Xogos de volumes xeométricos e pezas industriais.
Materiais fuxíbeis: papel DIN A3 e DIN A4 de 80gr/m ² e superior, cinta adhesiva...

1. AULA TALLER (EDIFICIO PRINCIPAL) E AULA MATERIA (CGTD).

O Departamento conta cunha aula taller no edificio principal do centro e cunha aula materia na extensión do CGTD, ambas con algúns espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc. A aula materia do CGTD presenta algunhas limitacións en comparación coa aula taller do edificio principal ao carecer de mesas específicas de debuxo (máis amplas que as ordinarias) e de vetedoiro con billa, limitando o traballo con formatos superiores a DIN A4 e dificultando o emprego dalgunhas técnicas e procedementos artísticos tanto bidimensionais coma

tridimensionais que, aínda que de xeito excepcional, poderían ser usados na elaboración de proxectos de deseño. No desenvolvemento diario das aulas empregáranse fundamentalmente o encerado, a computadora, o proxector e a pantalla (para as proxeccións).

2. MATERIAIS DE APOIO, MEDIOS AUDIOVISUAIS E NOVAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS.

Sempre que sexa posible dinamizárase o contido teórico da materia mediante materiais de apoio: fotografías, animacións, vídeos, ilustracións, planos, etc. Considérase moi valiosa a utilización de medios audiovisuais pola importancia que ten para o alumno coñecer feitos e realidades que non poderían ser levados á aula doutro xeito.

A unidade 13, correspondente ao bloque de Sistemas CAD, debería desenvolverse preferentemente nunha aula de ordenadores con conexión de Internet en todos os equipos. Buscaremos que as carencias dotacionais de recursos informáticos do centro poidan ser paliadas en boa parte polos propios recursos do alumnado, toda vez que nas enquisas efectuadas nos últimos anosponse de manifesto que a práctica totalidade dos alumnos desta etapa teñen nos seus fogares ordenador persoal e conexión á rede ao seu dispor. Un caso á parte serían os estudantes da extensión do CGTD, onde á inexistencia dunha aula de informática no centro se lle suma que non residen diariamente nos seus fogares, de xeito que non todos dispoñen dun ordenador persoal, coas dificultades que isto supón para o desenvolvemento dos contidos correspondentes ao bloque de Sistemas CAD.

A través do bloque de contidos de Sistemas CAD as novas tecnoloxías teñen unha significativa presenza nos dous cursos de bacharelato, pero ademais:

- 1) Potenciaremos o uso de programas de código aberto (software libre) e de uso gratuíto, tanto para a investigación e elaboración de contidos (especificamente sistemas CAD), como para a súa presentación (e posterior publicación).
- 2) Potenciaremos o uso dos recursos propios e a comunicación permanente profesor-alumno a través da web do centro, da aula virtual e do espazo Abalar. Na aula virtual o alumnado atopará:
 - O índice de contidos da materia e os guións das unidades didácticas.
 - Acceso aos apuntamentos, as prácticas e outros materiais imprimibles para o seguimento da materia.
 - O medio de entrega das prácticas obrigatorias de CAD.
 - A canle de comunicación directa co docente.
- 3) Poderase empregar o móbil do alumno como recurso didáctico, sempre baixo a supervisión do profesor, para consultar información e empregar distintas aplicacións para xerar e publicar contidos na web e para facilitar o seguimento e titorización máis efectiva do alumnado.
- 4) Potenciaremos, coas limitacións impostas polos recursos dispoñibles, que o alumno sexa quen de presentar o seu traballo tanto no formato físico tradicional como en diferentes formatos dixitais, empregando a aula virtual do centro para a súa entrega.

3. MATERIAIS PROPIOS DO ALUMNO.

O alumno deberá aportar material propio para o seu traballo diario (aínda que na aula poderán estar dispoñibles algúns destes materiais para uso do alumnado, de ser necesario):

- 1) Básicos (mínimo e imprescindible): Xogo de escuadro e cartabón, regra graduada e compás (con adaptador para lápices e rotuladores). Lapis de grafito ou portaminas (recomendable 2H e HB) e goma de borrar. Papel branco de 80 grs aprox. (tipo "folio") en formato DIN-A3 (ou DIN-A4, segundo as preferencias do profesor, comunicadas ao comezo do curso) e láminas impresas en formato DIN-A3 (ou DIN-A4, segundo se solicite) para o desenvolvemento dos exercicios de aula. Carpeta para o arquivo, conservación e presentación do taballo persoal.
- 2) Complementarios: libro de texto recomendado (non obrigatorio): Dibujo Técnico I. Casals. ISBN 978-84-281-4791-6; ordenador persoal; rotuladores técnicos calibrados (0.2, 0.4 e 0.8) de tinta negra; cartón pluma para elaboración de maquetas... e outros, que serán solicitados polo profesor ao longo do curso en función do traballo e dos proxectos a desenvolver, así como da dispoñibilidade do propio alumno e do centro docente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidente coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Contorna: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de distintos tipos de probas, de cuestionarios como tarefas na aula virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. O deseño daqueles instrumentos de carácter formal que se estimen necesarios realizarase de forma consensuada entre todos os membros do Departamento, cunha especial coordinación do profesorado que imparte docencia na mesma materia e nivel. A recollida de información tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

Deste xeito, no presente curso académico propónse unha proba teórico-práctica para a recollida de información sobre a competencia curricular do alumnado, que versará sobre os contidos conceptuais e procedimentais que foron tratados no currículo das etapas formativas precedentes, con exercicios correspondentes a cada un dos tres bloques xerais en que poderíamos dividir a materia: B1: xeometría plana, B2: sistemas de representación e B3: normalización. A realización da proba terá lugar na primeira semana de curso, e en ningún caso a súa valoración influirá sobre a cualificación do alumnado.

A reunión de avaliación inicial, a finais do mes de setembro, co titor do grupo, o equipo docente e o Departamento de Orientación axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Analizada toda a información, as conclusións serán postas en común nunha reunión de Departamento, para consensuar as medidas que se estimen oportunas. Tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar reforzos, e en xeral as medidas de atención ás NEE, nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, deseño e planificación das actividades de aula, organización da avaliación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	3	10	10	10	7	3	6	8	8	17
Proba escrita	100	75	75	75	75	75	100	75	75	75
Táboa de indicadores	0	25	25	25	25	25	0	25	25	25

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	6	100
Proba escrita	75	75	0	73
Táboa de indicadores	25	25	100	27

Criterios de cualificación:

1. CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades didácticas traballadas en cada avaliación establecerase mediante:

a) O CADERNO PERSOAL DO ALUMNO (TI). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 15%.

Sendo esta unha materia de carácter eminentemente práctico, o alumno realizará un conxunto de actividades especificamente deseñadas polo profesor en relación ao tema a desenvolver, das que o alumnado coñecerá os indicadores de logro (mediante rúbricas e/ou comentarios orais). As actividades estarán pensadas para que o alumnado poida realizalas, agás imprevistos, case na súa totalidade no tempo de clase baixo supervisión directa do profesor (coa excepción das actividades de sistemas CAD, que o alumno deberá realizar maioritariamente na súa casa, entre outras cousas e principalmente, pola insuficiencia dos recursos informáticos dispoñibles no centro, tal e como quedou recollido no apartado da presente programación, referido a materiais e recursos didácticos). O alumno deberá confeccionar coas actividades propostas que se desenvolvan ao longo do curso o seu caderno persoal.

A entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición indispensable para acadar unha avaliación positiva no período correspondente. O alumno deberá ter igualmente presentados aqueles traballos e tarefas que se soliciten para a súa entrega a través da aula virtual. Agás nos casos que contén con suficiente xustificación (enfermidade ou causa familiar grave), a falta ou non presentación destes traballos de aula terá como consecuencia inmediata a avaliación negativa do alumno. Consideraranse non entregados aqueles traballos nos que quede demostrada a non autoría do alumno, por copia, calcado, falsificación ou suplantación de identidade na realización dos mesmos; coas consecuencias que deste feito deriven.

A revisión, corrección e cualificación do caderno persoal de cada alumno realizarase ao final do trimestre. Non obstante, o profesor poderá solicitar o caderno persoal para este fin tantas veces como considere (como norma xeral, nas datas das probas teórico-prácticas). Os alumnos conservarán todos os seus traballos ata o remate de curso (aínda que xa fosen cualificados), podendo ser solicitados para a súa revisión en calquera momento do curso; e deberán recompilar todos aqueles elaborados en soporte papel para unha entrega final na 3ª avaliación, seguindo as normas de presentación comunicadas polo profesorado na aula; entrega que será valorada e, polo tanto cualificada, como unha actividade máis da 3ª avaliación. Asemade, o alumnado deberá ter igualmente presentadas todas aquelas tarefas que se solicitasen para a súa entrega a través da aula virtual. Se por calquera circunstancia non fosen posibles tanto as achegas parciais como a entrega final en soporte físico, poderán realizarse dixitalizadas a través da

aula virtual, sempre baixo solicitude ou autorización do profesorado da materia.

A nota deste apartado será a media de todos os traballos (coa correspondente ponderación), valorándose cun 0 os non presentados.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden empregar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. De xeito xeral, teranse en conta os seguintes, agrupados en tres categorías, aplicables na meirande parte das unidades didácticas:

- Saber ver e saber facer / Creatividade:

Axústase o resultado ao obxectivo da actividade realizada?

Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor, realiza as actividades na aula e sigue un proceso de traballo correcto?

É correcta a realización do exercicio?

E capaz de explicar (oralmente e por escrito) de xeito razoado e crítico os fundamentos, desenvolvementos e resultados das súas actividades?

Partindo do aprendido, é que de propoñer solucións alternativas e razoadas na resolución dos diferentes exercicios propostos?

Aporta solucións creativas e persoais nos proxectos desenvolvidos, rexeitado o exercicio da copia (do profesor / compañeiro / autor)?

- Presentación:

Presenta o seu traballo no prazo e datas previstos?

Respecta as normas de presentación e entrega (materiais, soportes, formatos, datos solicitados e localización e posicionamento dos mesmos, numeración e/ou orde das actividades...)?

Resolve as tarefas con claridade, precisión e limpeza, empregando as técnicas, os instrumentos e os materiais correctamente?

b) A OBSERVACIÓN DIRECTA NA AULA (TI). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 10%.

A implicación do alumno no seu traballo diario, a actitude e o comportamento no desenvolvemento das aulas, serán, así mesmo, factores a rexistrar e a ter en conta na súa cualificación. Do mesmo xeito, terase en consideración a asistencia do alumno a clase, aplicándose para os casos de absentismo non xustificadas as medidas previstas nas NOF (Normas de Organización e Funcionamento) vixentes do IES Sánchez Cantón. Empregaranse como base os seguintes indicadores agrupados en dúas categorías:

- Material e espazo de traballo:

Trae o material necesario?

Coida o material propio e alleo, manténdoo en perfecto orde e estado?

Deixa recollido e limpo o seu espazo de traballo, e colabora recollendo e limpando os espazos compartidos?

- Actitude e comportamento no desenvolvemento do traballo de aula:

Asiste a clase con puntualidade?

Respecta o traballo e as normas de clase?

Participa activamente, de xeito autónomo, con interese e responsabilidade no desenvolvemento da clase, nas actividades individuais e nos traballos en grupo, evidenciándose o esforzo realizado por progresar e superarse?: implícase no desenvolvemento das aulas e nos traballos propostos?; é receptivo ás indicacións do profesor, as comprende e as emprega?; amosa atención?; participa no diálogo que se establece no desenvolvemento dos contidos da materia?; traballa en clase?; amosa interese por saber máis?; emprega os novos coñecementos noutras áreas?; comparte noticias relacionadas e fai comentarios espontáneos?; ofrécese voluntario para realizar exercicios?; organiza o seu traballo con autonomía?; completa as actividades na casa, de ser necesario, para axustarse ao ritmo de traballo plantexado na aula?; se falta ou vai faltar a clase preocúpase por poñerse ao día co seu traballo?; amosa afán de superación persoal ante cada traballo?

Nos traballos en grupo: participa nas actividades, levando a cabo as tarefas asignadas, e fai aportacións significativas?; contribúe a manter o grupo concentrado e unido traballando cooperativamente? emite a súa opinión con argumentos razoables respectando quendas de palabra?; ten en conta as distintas opinións e as relaciona coas propias expresándose sempre con corrección nas formas?; escoita e deixa falar respectando as opinións dos demais?

c) AS PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS (PE). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 75%.

En cada unha das tres avaliacións previstas (para aqueles criterios de avaliación e, consecuentemente, unidades didácticas que así o requiran) programaranse un mínimo de dúas e ata un máximo de 4 probas teórico-prácticas (máis ou menos un exame por cada unidade didáctica) de carácter máis específico, que permitan reflectir de maneira

máis precisa a adquisición e desenvolvemento dos criterios de avaliación traballados no trimestre. A nota deste apartado calcularase a través da media das distintas probas, coa ponderación correspondente. As probas programaranse preferentemente en formato presencial, pero se as circunstancias o impidisen ou o desaconsellasen, as mesmas poderán realizarse en formato telemático a través da aula virtual.

O número reducido do alumnado da extensión do CGTD, que permite unha corrección máis detallada e precisa das actividades de aula, e as súas singulares características (detalladas na introdución a esta programación) que aconsellan incentivar o seu traballo diario, moi condicionado pola súa actividade deportiva, fan que o profesorado poda considerar que o caderno persoal do alumno poida ter un peso superior de ata un 30% na cualificación (reducíndose consecuentemente o valor das probas teórico-prácticas ata un mínimo dun 60%). Este aspecto será posto en coñecemento do alumnado ao inicio do curso.

Os resultados das avaliacións (cualificacións) axustaranse aos baremos habituais adoptados polo centro educativo e determinados pola normativa vixente, co fin de evitar confusións na súa explicitación aos diferentes membros da comunidade educativa; en termos xerais:

Nivel INSUFICIENTE. Valor numérico 1-2. O alumno non foi quen de superar os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, ten moitas dificultades e non progresa de forma adecuada, sendo incapaz de afrontar o seu traballo de maneira autónoma e organizada.

Nivel INSUFICIENTE. Valor numérico 3-4. O alumno non superou de xeito plenamente satisfactorio os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, se ben cun maior esforzo e organización persoal podería superar os mínimos esixibles.

Nivel SUFICIENTE. Valor numérico 5. O alumno superou de maneira satisfactoria os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, alcanzando en conxunto os mínimos esixibles.

Nivel BEN. Valor numérico 6. O alumno superou de maneira plenamente satisfactoria os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando en conxunto os mínimos esixibles.

Nivel NOTABLE. Valor numérico 7-8. O alumno superou plenamente os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando de forma ampla os obxectivos propostos.

Nivel SOBRESALIENTE. Valor numérico 9-10. O alumno superou plenamente os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando de forma destacada os obxectivos propostos.

A cualificación explicitarase no boletín a través do seu valor numérico (1 a 10), sen decimais, redondeada á unidade metade arriba, pero empregarase sen este redondeo no cálculo da cualificación final. Como norma xeral, a nota daqueles alumnos que presenten o seu caderno persoal incompleto non poderá ser superior a 4 (como xa foi exposto anteriormente, a entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, aínda que non suficiente, para acadar unha avaliación positiva na materia).

2. CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final será a media aritmética das notas sen redondear de cada unha das tres avaliacións, sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3; nese caso, a cualificación final nunca poderá ser superior a 4. A nota aparecerá no boletín redondeada á unidade (metade arriba).

METODOLOXÍA PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E O REMATE DO PERÍODO LECTIVO (preparación das probas extraordinarias e actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría):

A entrega ao final da 3ª av. da recompilación de todas as tarefas do curso servirá como un dos puntos de partida para deseñar as actividades a desenvolver polo alumnado no período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo en 1º de BACH.

Durante as aulas o profesorado titorizará de xeito individual o traballo do alumnado, tendo en conta dúas casuísticas:

- alumnado coa materia suspensa: que realizará actividades de reforzo orientadas á preparación das probas extraordinarias, deseñadas tomando como referencia os resultados obtidos por cada alumno ao longo do curso (avaliacións parciais, carpeta persoal / probas teórico-prácticas) en relación aos contidos mínimos da materia;
- alumnado coa materia aprobada: que empregará o seu tempo nalgunha das seguintes tarefas: realización de actividades de reforzo (prestando especial atención aos contidos máis importantes de cara á materia de 2ºBACH), colaboración co profesorado no apoio ao alumnado coa materia suspensa, realización de actividades de ampliación (prestando especial atención aos contidos máis importantes de cara á materia de 2ºBACH e en relación aos intereses particulares do alumno) ou, en último caso, a preparación da avaliación extraordinaria doutra materia.

Criterios de recuperación:

Nos niveis INSUFICIENTE especificaranse as dificultades do alumno, así como as medidas axeitadas para a súa superación, comunicándollas verbalmente ao alumno, e ao titor do grupo na sesión de avaliación. Para superar as notas das avaliacións suspensas o alumnado poderá recuperar os seguintes instrumentos nos que teña unha nota inferior a 5: a) CADERNO PERSOAL: Reelaboración das tarefas avaliadas negativamente e entrega/realización das non entregadas; sendo a entrega da totalidade dos traballos, condición necesaria, non suficiente, para acadar unha avaliación positiva do período avaliado. Cando se precise corrixir unha actividade esta deberá realizarse novamente, nun soporte distinto ao do resultado entregado inicialmente, que se volverá entregar acompañando ao novo resultado. O profesor poderá determinar a realización de tarefas adaptadas ás circunstancias do alumno, tendo en conta os criterios expresados nas medidas de atención á diversidade. b) PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: Realización dunha proba específica de recuperación do conxunto dos criterios de avaliación do trimestre correspondente, co obxectivo de que se poida constatar que o alumnado alcanzou de maneira satisfactoria alomenos os obxectivos mínimos. As recuperacións faranse atendendo ao seguinte cronograma: a) Rec. da 1ª av.: durante a 2ª av. e na 3ª av. antes da av. ordinaria (recuperación final). b) Rec. da 2ª av.: durante a 3ª av. e na 3ª av. antes da av. ordinaria (recuperación final). c) Rec. da 3ª av.: na 3ª av. antes da av. ordinaria (recuperación final). A proba de rec. final realizarase na mesma sesión lectiva, debendo realizar o alumno unicamente a avaliación ou avaliacións suspensas, e poderá coincidir coa data límite para a nova entrega final do caderno persoal. Recalcularase a nota de cada avaliación do seguinte xeito: a) CADERNO PERSOAL DO ALUMNO: mellor nota avaliación/recuperación; 15% / 30% no CGTD. b) OBSERVACIÓN DIRECTA NA AULA: nota da avaliación; 10%. c) PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: mellor nota avaliación/recuperación; 75% / 60% no CGTD. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: Os alumnos que non acaden a avaliación positiva na convocatoria ordinaria poderán presentarse á convocatoria extraordinaria, na que deberán resolver unha proba teórico-práctica correspondente a toda a materia.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que terá acceso a través da aula virtual do centro, nun espazo destinado a tal fin dentro do curso do Departamento de Artes Plásticas; podendo realizar calquera tipo de consulta (respecto das actividades propostas ou das probas teórico-prácticas), preferentemente mediante reunións presenciais, ao xefe de Departamento de Artes Plásticas, ou profesor en quen delegue o Departamento ao comezo de curso entre aqueles que impartan aulas da materia na modalidade ordinaria, para o que se habilitará no horario lectivo o período correspondente (empregándose fundamentalmente os tempos do recreo). Na extensión do CGTD os alumnos coa asignatura pendente serán atendidos polo profesorado alí adscrito.

A avaliación do alumnado coa materia pendente levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, organizándose segundo o seguinte cronograma:

- 1ª AVALIACIÓN: xaneiro; bloques de contidos: BI (Xeometría Plana) + BIII (Normalización).
- 2ª AVALIACIÓN: abril; bloques de contidos: BI (Xeometría Descritiva) + BIII (Normalización) + BIV (Sistemas CAD: 3D).
- RECUPERACIÓN FINAL_AVALIACIÓN ORDINARIA : convocatoria de maio; 1ªav. e/ou 2ª av.
- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: xuño; toda a materia.

En cada avaliación empregaranse os seguintes instrumentos:

a) O CADERNO PERSOAL DO ALUMNO (TI): Peso porcentual na nota de cada avaliación: 20%.

Dado o carácter eminentemente práctico da materia, o alumno deberá realizar unha serie de actividades obrigatorias propostas polo Departamento para cada unha das avaliacións de pendentes, que responderán aos criterios de avaliación do período avaliado, e das que o alumnado coñecerá os indicadores de logro (mediante rúbricas e/ou comentarios orais). A entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, non suficiente, para acadar unha avaliación positiva no período correspondente, considerándose non entregados aqueles traballos nos que quede demostrada a non autoría do alumno, por copia, calcado, falsificación ou suplantación de identidade na realización dos mesmos. A presentación dos traballos deberá facerse segundo as instrucións dadas previamente polo profesorado (entrega física ou telemática a través da aula virtual, materiais, soportes, formatos, datos solicitados e localización e posicionamento dos mesmos, numeración e/ou orde das actividades...).

b) A PROBA TEÓRICO-PRÁCTICA (PE). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 80%.

En cada unha das dúas avaliacións previstas (para aqueles criterios de avaliación e, consecuentemente, unidades didácticas que así o requiran) programarase unha proba teórico-práctica. A proba realizarase preferentemente de

xeito presencial, pero se as circunstancias o impedisen ou o desaconsellasen, poderá realizarse de xeito telemático a través da aula virtual.

A cualificación explicitarase no boletín a través do seu valor numérico (1 a 10), sen decimais, redondeada á unidade metade arriba, pero empregarase sen este redondeo no cálculo da cualificación final. Como norma xeral, a nota daqueles alumnos que presenten o seu caderno persoal incompleto non poderá ser superior a 4 (como xa foi exposto anteriormente, a entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, aínda que non suficiente, para acadar unha avaliación positiva na materia).

Nas RECUPERACIÓNS, o alumnado recuperará o caderno persoal e/ou a proba teórico-práctica segundo lle corresponda (aquelo no que teña unha nota inferior a 5).

A NOTA FINAL será a media ponderada das notas sen redondear de cada unha das dúas avaliacións (1ªav.: 40% e 2ªav.: 60%), sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3; nese caso, a cualificación final nunca poderá ser superior a 4. A nota aparecerá no boletín redondeada á unidade (metade arriba).

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

O alumnado que vaia cursar DTII sen ter cursado previamente DTI poderá acreditar os coñecementos necesarios antes do inicio do curso a través dunha proba. No caso de non superala deberá cursar DTI como materia pendente.

O exame constará de 9 exercicios, detallados a continuación, agrupados en tres seccións, relacionados co desenvolvemento curricular recollido na presente programación didáctica (conceptos fundamentais dos tres primeiros bloques de contidos: Xeometría Plana, Xeometría Descritiva e Normalización):

-SECCIÓN 1:

EX.1 (1,5 puntos): Análise e resolución de problemas de semellanza e equivalencia entre figuras planas.

EX.2 (1,5 puntos): Análise e resolución dunha forma poligonal simple ou composta doutras.

EX.3 (1,5 puntos): Análise e resolución dunha forma plana mediante aplicación das tanxencias elementais necesarias, tanto entre recta e circunferencia, como entre circunferencias.

-SECCIÓN 2:

EX.4 (1,5 puntos): Representación normalizada e acoutada das vistas diédricas necesarias dun sólido xeométrico sinxelo.

EX.5 (1,5 puntos): Representación en sistema axonométrico (perspectiva isométrica e perspectiva cabaleira) dun sólido xeométrico sinxelo, dado polas súas vistas diédricas.

EX.6 (1,5 puntos): Representación en sistema cónico (central ou oblicuo) dun sólido xeométrico elemental, dado polas súas vistas diédricas.

-SECCIÓN 3:

EX.7 (1,5 puntos): Representación dunha ou varias rectas no Sistema Diédrico, coas súas trazas e visibilidade, determinando os seus posibles puntos comúns, ángulos cos planos de proxección ou verdadeiras magnitudes no caso de que sexa posible a súa determinación.

EX.8 (1,5 puntos): Representación das trazas dun plano no Sistema Diédrico, dados os elementos que o determinan (3 puntos, dúas rectas ou punto e recta).

EX.9 (1,5 puntos): Resolución de problemas sinxelos de intersección e paralelismo no Sistema Diédrico.

Criterios de cualificación:

1. O alumno realizará dous dos tres exercicios propostos en cada sección. Total 9 puntos.

2. O punto restante será otorgado polo corrector en función da presentación xeral da proba: limpeza, claridade na representación e organización dos trazados, diferenciación dos tipos de líña, etc.

3. Para poderen ser avaliados positivamente, os alumnos non poderán deixar todos os exercicios dunha sección de contidos sen resposta.

Material necesario para a proba: xogo de escuadro e cartabón, regra graduada e compás. Lapis de grafito ou portaminas (2H e HB) e goma de borrar.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa metodoloxía a estas particularidades, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado, aínda que a detección das necesidades do alumnado pode darse en calquera momento do curso académico. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas casuísticas. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

1. MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Plantexaranse actividades de ampliación para aquel alumnado que o precise.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a autoestima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas especiais, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións de accesibilidade ao currículo oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poida ser escolarizado disporá da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo (así como flexibilizar o período de permanencia na etapa).

2. MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presenten graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. (O alumnado que se escolarice

tardamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.)

- Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Formación estética.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial; a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a paz e a convivencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación en tolerancia e respecto ao diferente; solidariedade e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación na Igualdade de xénero; evitando os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan a discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.14 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación medioambiental; concienciación e formación sobre o cambio climático e educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X
ET.5 - Formación estética.	X	X	X	X	X
ET.6 - Creatividade.	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial; a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.11 - Educación para a paz e a convivencia.	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación en tolerancia e respecto ao diferente; solidariedade e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación na Igualdade de xénero; evitando os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan a discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X
ET.14 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X	X
ET.15 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación medioambiental; concienciación e formación sobre o cambio climático e educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X

Observacións:

Estes elementos transversais traballaranse ao longo do curso, polo que non se relacionan con unidades didácticas concretas senon co desenvolvemento da materia no seu conxunto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
------------	------------	----------	----------	----------

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
VISITAS DIDÁCTICAS.	Visitas guiadas (virtuais ou presenciais) a exposicións, temporais ou permanentes, en espazos expositivos da contorna, formais ou informais (museos, salas de exposicións, galerías,... espazo público) e, en xeral, a calquera lugar de interese en relación ao currículo da materia: centros de formación (facultade de Belas Artes, Facultade de Arquitectura, escolas de Artes e Oficios, etc), centros de traballo (obradoiros de artistas, estudos de arquitectos, deseñadores, enxeñeiros, etc), e outros.	X	X	X
CHARLAS INFORMATIVAS.	Charlas (virtuais ou presenciais) impartidas por todo tipo de profesionais vencellados á materia (educadores, artistas, arquitectos, deseñadores, enxeñeiros, etc) relacionadas con distintos intereses do noso alumnado.	X	X	X
PROXECTOS DO DEPARTAMENTO E INTERDISCIPLINARES.	Realización de proxectos do Departamento e colaboración cos diversos proxectos de centro (Club de Ciencia, Club contra o cambio climático, etc).	X	X	X

Observacións:

Son actividades propostas para ser desenvolvidas en espazos/tempos diferentes e/ou empregando recursos non habituais, e poden ser avaliadas. No caso de realizarse fóra do centro e/ou do horario lectivo terán carácter voluntario.

Estas actividades están orientadas a:

- Completar a formación do alumnado fóra do curricular.
- Promover o coñecemento do alumnado do seu entorno cultural.
- Promover as habilidades sociais.
- Estimular o desexo por coñecer e investigar.

Tentarase planificar as actividades complementarias e extraescolares do departamento ao inicio de curso na medida do posible. Non sempre se pode xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico. O desenvolvemento destas e doutras actividades dependerá en boa medida das programacións dos diversos axentes culturais da nosa contorna e do ritmo de desenvolvemento das programacións didácticas cos diferentes grupos (materias e niveis).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Dase a coñecer a programación ao alumnado e se lle facilita o acceso ao contido da mesma por medios dixitais (aula virtual, espazo web, etc)
Revísase a programación para comprobar o seu grao de cumprimento cunha periodicidade mensual.

Fanse anotacións durante as revisións da programación para a mellora e optimización da mesma de cara a vindeiros cursos.
Metodoloxía empregada
O alumnado entende a dinámica de traballo na aula e a segue sen problema.
Hai un diario de clases dispoñible online para o alumnado onde se indica a materia/o traballo realizado en cada sesión.
O emprego da aula virtual é axeitado por parte do alumnado. Acceden regularmente aos contidos e fan as entregas telemáticas seguindo as instrucións dadas.
O grao de participación durante as explicacións é axeitado? Aínda que en diferente grao, participa todo o alumnado?
O grao de participación do alumnado nos exercicios prácticos de grupo é axeitado?
Amósanse suficientes exemplos para que o alumnado teña referencias dos exercicios prácticos que debe desenvolver?
Impleméntanse rúbricas nos exercicios prácticos para que o alumnado poda coñecer os aspectos que se avalían?.
Deséñase algunha práctica para facer en grupo?
Tras a realización dun exercicio práctico, valórase a idoneidade do mesmo e o grao de resposta dado polo alumnado?
No deseño das probas e exercicios prácticos téñense en conta as competencias clave?
Os instrumentos de avaliación empregados, así como o seu peso, correspóndense co previsto na programación didáctica.
O alumnado coñece os criterios de avaliación e o peso na cualificación das probas escritas e exercicios prácticos.
Unha vez rematado un trimestre, deseñase un plan de recuperación para o alumnado que precise recuperar a materia?
Medidas de atención á diversidade
A programación contempla a atención á diversidade?
Dispónse de toda a información relativa ao alumnado antes do comezo do curso?
Coñécense e aplícanse os protocolos pertinentes no caso de ser necesario?
Tense en conta a AD na organización da aula e na creación de grupos para os traballos?
Adáptanse as probas escritas e os exercicios prácticos ao alumnado que o precise, seguindo criterios e recomendacións obxectivos?

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento; adaptándose ademais aos cambios ou axustes normativos que puideran terse producido con aplicación no novo curso.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro, entre outros, poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Debuxo técnico II	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

1. O CENTRO.

O IES SÁNCHEZ CANTÓN é un centro de ensino secundario que ofrece aos alumnos e alumnas ensinanzas da ESO, bacharelato e ciclos formativos ligados a actividades deportivas. Está situado no centro de Pontevedra, e unha parte moi importante do alumnado procede da súa contorna inmediata.

Posúe unha EXTENSIÓN NO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN DEPORTIVA (CGTD), onde o alumnado (bolseiros da Xunta de Galicia) compatibiliza coa práctica deportiva de alto nivel (programas de tecnificación deportiva de distintas disciplinas) os estudos de 3º e 4º da ESO, e 1º e 2º de Bacharelato, particularidade que condiciona de xeito determinante o proceso de ensino-aprendizaxe. Os alumnos proceden de diferentes lugares de Galicia (incluso de fóra dela) e residen durante os días lectivos en réxime de internamento (agás algún alumno da cidade de Pontevedra); o que leva consigo certa heteroxeneidade, social e escolar, do alumnado, e unha ausencia dos pais no seu día a día. A práctica do deporte (adestramentos diarios, concentracións e competicións) réstalles tempo para os estudos, e ocasionan na maioría, dependendo das disciplinas e do seu rendemento deportivo, un elevado número de faltas de asistencia e disrupcións. Todo o anterior é contrarrestado, parcialmente, por certa homoxeneidade na súa actitude cara aos estudos (incluso tamén nas súas competencias). O programa de tecnificación comeza en 3ºESO (podéndose incorporar alumnos en calquera curso) e a permanencia no mesmo depende non só dos resultados deportivos senón tamén dos resultados académicos (aínda que con algunha excepción), un elemento extra de motivación que, sumado ao seu alto grao de competitividade (vinculado á práctica deportiva) repercute positivamente no esforzo que realizan por superar os estudos.

2. MARCO LEGAL.

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato.

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, DOG Nº183, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade autónoma de Galicia.

3. A MATERIA DE DEBUXO TÉCNICO.

A materia de Debuxo Técnico aglutina os contidos e procedementos necesarios para a definición gráfica de trazados xeométricos, a resolución de problemas espaciais e a descrición gráfica de volumes mediante sistemas normalizados. Constitúe o medio idóneo de expresión e definición de proxectos nos diferentes campos do deseño. Esta materia dotará ao alumnado dos instrumentos axeitados para comunicar de xeito gráfico e obxectivo e para expresar e difundir ideas e proxectos de acordo con convencións que garanten a interpretación fiable e precisa.

A materia de Debuxo Técnico potencia o desenvolvemento da capacidade de visión espacial así como da capacidade de análise, a creatividade, a autonomía, o traballo colaborativo e o pensamento diverxente. Por outra banda, supón un primeiro achegamento do alumnado á lectura de obras de arquitectura e enxeñaría desde a valoración dos seus elementos técnicos e estruturais.

O carácter integrador e multidisciplinario da materia favorece unha metodoloxía activa e participativa, de aprendizaxe por descubrimento, de experimentación sobre a base de resolución de problemas prácticos, ou mediante a participación en proxectos interdisciplinarios, contribuíndo ao desenvolvemento das competencias clave correspondentes e á adquisición dos obxectivos de etapa. Abórdanse tamén retos do século XXI de xeito integrado durante os dous anos de bacharelato, o compromiso cidadán no ámbito local e global, a confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento, o aproveitamento crítico, ético e responsable da cultura dixital, o consumo responsable e a valoración da diversidade persoal e cultural.

Un dos bloques da materia está adicado a familiarización cos medios dixitais de representación, que son os empregados no eido profesional. Os programas e as aplicacións CAD ofrecen grandes posibilidades como unha maior

precisión, axilidade na busca de solucións, facilidade de transmisión e almacenamento do traballo entre outros.

Os criterios de avaliación son o elemento curricular que serve para avaliar o nivel de consecución dos obxectivos da materia, e fórmulanse cunha evidente orientación competencial mediante a aplicación de contidos e a valoración de destrezas e actitudes como a autonomía e a autoaprendizaxe, o rigor nos razoamentos, a claridade e a precisión nos trazados.

Ao longo dos dous cursos de bacharelato os contidos adquiren un grao de dificultade e afondamento progresivo. No primeiro curso o alumnado iníciase no coñecemento de conceptos importantes á hora de establecer procesos e razoamentos aplicables á resolución de problemas ou que son soporte doutros posteriores; e gradualmente, no segundo curso, vai adquirindo un coñecemento máis amplo sobre esta disciplina.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en torno a catro bloques interrelacionados e intimamente ligados aos obxectivos:

1) No bloque de Fundamentos xeométricos o alumnado aborda a resolución de problemas sobre o plano e identifica a súa aparición e a súa utilidade en diferentes contextos. Tamén se cuestiona a relación do debuxo técnico e as matemáticas, e a presenza da xeometría nas formas da arquitectura e da enxeñaría.

2) No bloque de Xeometría proxectiva preténdese que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para representar graficamente a realidade espacial, co fin de expresar con precisión as solucións a un problema construtivo ou de interpretación para a súa execución empregando os diversos sistemas de xeometría descritiva.

3) No bloque de Normalización e documentación gráfica de proxectos dótase o alumnado dos coñecementos necesarios para visualizar e comunicar a forma e as dimensións dos obxectos de xeito inequívoco seguindo as normas UNE e ISO, co fin de elaborar e presentar, de forma individual ou en grupo, proxectos sinxelos de enxeñaría ou arquitectura.

4) Por último, no bloque de Sistemas CAD preténdese que o alumnado aplique as técnicas de representación gráfica adquiridas utilizando programas de deseño asistido por computador.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar elementos ou conxuntos arquitectónicos e de enxeñaría, empregando recursos asociados á percepción, ao estudo, á construción e á investigación de formas, para analizar as estruturas xeométricas e os elementos técnicos utilizados.	1-2		4	1	40	1		1-2
OBX2 - Utilizar razoamentos indutivos, deductivos e lóxicos en problemas de índole gráfico-matemática, aplicando fundamentos da xeometría plana para resolver graficamente operacións matemáticas, relacións, construcións e transformacións.	2		1-2-4		11-50		2	
OBX3 - Desenvolver a visión espacial, utilizando a xeometría descritiva en proxectos sinxelos, considerando a importancia do debuxo na arquitectura e nas enxeñarías, para resolver problemas e interpretar e recrear graficamente a realidade tridimensional sobre a superficie do plano.			1-2-4		11-50		2-3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Formalizar e definir deseños técnicos aplicando as normas UNE e ISO de maneira apropiada e valorando a importancia que ten o esbozo para documentar graficamente proxectos arquitectónicos e de enxeñaría.	2		1-4	2	11-32-50		3	
OBX5 - Investigar, experimentar e representar dixitalmente elementos, planos e esquemas técnicos mediante o uso de programas específicos CAD de xeito individual ou grupal, apreciando o seu uso nas profesións actuais, para virtualizar obxectos e espazos en dúas dimensións e tres dimensións.			2-3-4	1-2-3			3	41-42

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A xeometría na evolución da arquitectura e a enxeñaría contemporáneas.	Visión histórica da incidencia da xeometría e o debuxo técnico na evolución da arquitectura e a enxeñaría desde a Revolución Industrial. Tendencias e exemplos máis relevantes así como autores, equipos e escolas máis influentes nas diferentes disciplinas.	3	3	X		
2	Relacións e transformacións xeométricas. Transformacións anamórficas: homoloxía e afinidade.	Definición das transformacións xeométricas da homoloxía e afinidade e resolución de exercicios prácticos.	10	8	X		
3	Tanxencias e enlaces. Aplicación dos conceptos de potencia, eixo radical e centro radical.	Resolución de casos de tanxencias mediante a aplicación do concepto de potencia dun punto respecto dunha circunferencia.	10	12	X		
4	Curvas xeométricas: curvas cónicas.	Definición, elementos e construción da elipse, a hipérbola e a parábola. Exercicios de intersección con rectas e tanxencias.	10	12	X		
5	Sistema axonométrico.	Ortogonal e oblicuo. Representación de volumes definidos polas súas vistas ortogonais empregando os coeficientes de redución.	8	10		X	
6	Sistema cónico.	Perspectiva cónica frontal e oblicua. Representación de volumes definidos polas súas vistas ortogonais dados os datos de posición do observador e plano do cadro.	8	10		X	
7	Sistema diédrico (1). Fundamentos.	Repaso dos fundamentos do sistema. Punto, recta e plano. Pertenzas. Rectas	8	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Sistema diédrico (1). Fundamentos.	notables do plano. Intersección, paralelismo e perpendicularidade. Verdadeiras magnitudes. Representación de volumes (vistas).	8	12		X	
8	Sistema diédrico (2). Operatividade: abatements, xiros e cambios de plano. Verdadeiras magnitudes.	Estudo da operatividade diédrica (abatements, xiros e cambios de plano) para a obtención de verdadeiras magnitudes.	16	12		X	X
9	Sistema diédrico (3). Superficies radiadas, de revolución e poliedros regulares.	Representación e seccións planas de pirámides e prismas (rectos e oblicuos), conos e cilindros (rectos), e poliedros regulares (tetraedro, hexaedro e octaedro).	9	12			X
10	Sistema acotado.	Repaso dos fundamentos do sistema. Resolución de cubertas sinxelas, interpretación de planos topográficos e obtención de perfís e seccións.	6	6			X
11	Normalización.	Representación de pezas industriais e volumes arquitectónicos sinxelos. Vistas e perspectivas normalizadas. Cortes, seccións e roturas.	6	7			X
12	CAD (deseño asistido por computadora).	Elaboración de planos a escala de obxectos industrias e arquitectónicos sinxelos.	6	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A xeometría na evolución da arquitectura e a enxeñaría contemporáneas.	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar a evolución das estruturas xeométricas e dos elementos técnicos na arquitectura e na enxeñaría contemporáneas, valorando a influencia do progreso tecnolóxico e das técnicas dixitais de representación e modelaxe nos campos da arquitectura e da enxeñaría.	Recoñecer os elementos xeométricos e valorar a súa contribución no deseño arquitectónico e da enxeñaría contemporánea, así como a influencia do desenvolvemento tecnolóxico e das ferramentas dixitais.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A xeometría na arquitectura e na enxeñaría desde a Revolución Industrial. Os avances no desenvolvemento tecnolóxico e nas técnicas dixitais aplicadas á construción de novas formas e deseños.

UD	Título da UD	Duración
2	Relacións e transformacións xeométricas. Transformacións anamórficas: homoloxía e afinidade.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2.1. - Aplicar as transformacións xeométricas de homoloxía e afinidade na resolución de problemas.	Interpretar correctamente os datos e resolver sen erros significativos os casos propostos nos exercicios prácticos.	PE	75
CA1.2.2. - Resolver as transformacións xeométricas de homoloxía e afinidade na resolución de problemas.	Realizar correctamente os trazados.	TI	25
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		
CA1.2 - Construír figuras planas aplicando transformacións xeométricas e valorando a súa utilidade nos sistemas de representación.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Transformacións xeométricas: homoloxía e afinidade. Aplicación para a resolución de problemas nos sistemas de representación.

UD	Título da UD	Duración
3	Tanxencias e enlaces. Aplicación dos conceptos de potencia, eixo radical e centro radical.	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3.2. - Resolver gráficamente casos de tanxencias e enlaces aplicando os conceptos de potencia.	Interpretar correctamente os datos e resolver gráficamente sen erros significativos os casos propostos nos exercicios prácticos.	PE	75
CA1.3.1. - Aplicar as tanxencias e enlaces na representación gráfica, empregando os conceptos de potencia.	Aplicar correctamente os conceptos de potencia na definición gráfica de formas planas de certa complexidade.	TI	25
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Resolver tanxencias aplicando os conceptos de potencia cunha actitude de rigor na execución.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Eixe radical e centro radical. Aplicacións en tanxencias.

UD	Título da UD	Duración
4	Curvas xeométricas: curvas cónicas.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4.2. - Coñecer os elementos das curvas cónicas, realizar trazados das mesmas a partires de diferentes datos e resolver problemas de tanxencia e intersección con rectas.	Interpretar correctamente os datos e resolver gráficamente sen erros significativos os casos propostos nos exercicios prácticos.	PE	75
CA1.4.1. - Aplicar as curvas cónicas na representación gráfica.	Realizar correctamente os trazados.	TI	25
CA1.5 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		
CA1.4 - Trazar curvas cónicas e as súas rectas tanxentes aplicando propiedades e métodos de construción, e amosando interese pola precisión.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Curvas cónicas: elipse, hipérbola e parábola. Propiedades e métodos de construción. Rectas tanxentes. Trazado con e sen ferramentas dixitais.

UD	Título da UD	Duración
5	Sistema axonométrico.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4.2. - Resolver problemas sinxelos en sistema axonométrico e representar volumes aplicando os coeficientes de redución.	Obter os coeficientes de redución no sistema axonométrico ortogonal; situar puntos, rectas e planos a partires de diferentes datos; representar volumes sinxelos en isométrica e cabaleira, aplicando correctamente os coeficientes de redución; realizar seccións planas de volumes sinxelos.	PE	75
CA2.1 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.	TI	25
CA2.4.1. - Aplicar o sistema axonométrico (ortogonal e oblicuo) na representación de sólidos.	Realizar correctamente os trazados de perspectivas axonométricas de volumes de complexidade media.		
CA2.4 - Recrear a realidade tridimensional mediante a representación de sólidos en perspectivas axonométricas e cónica, aplicando os coñecementos específicos dos devanditos sistemas de representación.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Representación de figuras e sólidos.

UD	Título da UD	Duración
6	Sistema cónico.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4.4. - Resolver exercicios en perspectiva lineal a partires de diferentes datos.	Obter os elementos básicos dunha perspectiva lineal a partir dos datos e realizar unha perspectiva cónica frontal e oblicua dun volume definido polas súas vistas.	PE	75
CA2.1 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.	TI	25
CA2.4.3. - Aplicar a perspectiva lineal na representación de sólidos a partir dos datos en sistema diédrico: configuración do volume, posición do observador e ubicación do plano do cadro.	Realizar correctamente os trazados dunha perspectiva cónica frontal e oblicua dun volume de complexidade media definido polas súas vistas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Recrear a realidade tridimensional mediante a representación de sólidos en perspectivas axonométricas e cónica, aplicando os coñecementos específicos dos devanditos sistemas de representación.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Perspectiva cónica. Representación de sólidos e formas tridimensionais a partir das súas vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
7	Sistema diédrico (1). Fundamentos.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.2. - Resolver problemas xeométricos en sistema diédrico: de representación de puntos, rectas e planos; de pertenzas; e de intersección, paralelismo e perpendicularidade.	Interpretar correctamente os datos e resolver gráficamente sen erros significativos exercicios no sistema diédrico referentes á posición do punto, tipos de rectas, tipos de plano, pertenza, intersección, paralelismo, perpendicularidade e distancias.	PE	75
CA3.2.2. - Resolver a representación de obxectos mediante as súas vistas a partir das súas representacións axonométricas.	Resolver a representación de obxectos sinxelos mediante as súas vistas a partir das súas representacións isométricas.		
CA2.1 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.		
CA2.2.1. - Aplicar os fundamentos e as operacións básicas do sistema diédrico na resolución de problemas.	Resolver os trazados de exercicios no sistema diédrico referentes á posición do punto, tipos de rectas, tipos de plano, pertenza, intersección, paralelismo, perpendicularidade e distancias.	TI	25
CA3.2.1. - Representar obxectos mediante as súas vistas.	Representar obxectos sinxelos mediante as súas vistas.		
CA2.2 - Resolver problemas xeométricos mediante abatements, xiros e cambios de plano, reflexionando sobre os métodos utilizados e os resultados obtidos.		Baleiro	0
CA3.2 - Representar corpos xeométricos e de revolución aplicando os fundamentos do sistema diédrico para xerar vistas normalizadas.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema diédrico: figuras contidas en planos. Abatements e verdadeiras magnitudes. Xiros e cambios de plano. Aplicacións. Representación de corpos xeométricos: prismas e pirámides rectas e oblicuas. Seccións planas e verdadeiras magnitudes da sección. Representación de corpos de revolución rectos: cilindros e conos. Representación de poliedros regulares: tetraedro, hexaedro e octaedro. - Representación de corpos e pezas industriais sinxelas. Esbozos e planos de taller. Cortes, seccións e roturas. Perspectivas normalizadas.

UD	Título da UD	Duración
8	Sistema diédrico (2). Operatividade: abatements, xiros e cambios de plano. Verdadeiras magnitudes.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2.4. - Resolver problemas xeométricos mediante abatements, xiros e cambios de plano.	Interpretar correctamente os datos e resolver gráficamente sen erros significativos exercicios no sistema diédrico empregando abatements, xiros e cambios de plano.	PE	75
CA2.1 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.	TI	25
CA2.2.3. - Aplicar abatements, xiros e cambios de plano na resolución de problemas.	Resolver os trazados de exercicios no sistema diédrico nos que se apliquen abatements, xiros e cambios de plano.		
CA2.2 - Resolver problemas xeométricos mediante abatements, xiros e cambios de plano, reflexionando sobre os métodos utilizados e os resultados obtidos.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema diédrico: figuras contidas en planos. Abatements e verdadeiras magnitudes. Xiros e cambios de plano. Aplicacións. Representación de corpos xeométricos: prismas e pirámides rectas e oblicuas. Seccións planas e verdadeiras magnitudes da sección. Representación de corpos de revolución rectos: cilindros e conos. Representación de poliedros regulares: tetraedro, hexaedro e octaedro.

UD	Título da UD	Duración
9	Sistema diédrico (3). Superficies radiadas, de revolución e poliedros regulares.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3.2. - Resolver a representación de superficies radiadas, de revolución e poliedros regulares en sistema diédrico, obter seccións planas en verdadeira magnitude, e determinar interseccións con rectas.	Interpretar correctamente os datos e resolver gráficamente sen erros significativos exercicios no sistema diédrico de representación de superficies radiadas, de revolución e poliedros regulares, seccións planas en verdadeira magnitude, e intersección con rectas.	PE	75
CA2.1 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.	TI	25
CA2.3.1. - Representar superficies radiadas, de revolución e poliedros regulares en sistema diédrico, seccións planas en verdadeira magnitude, e interseccións con rectas.	Resolver os trazados de exercicios no sistema diédrico de representación de superficies radiadas, de revolución e poliedros regulares, seccións planas en verdadeira magnitude, e intersección con rectas.		
CA2.3 - Representar corpos xeométricos e de revolución aplicando os fundamentos do sistema diédrico.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema diédrico: figuras contidas en planos. Abatements e verdadeiras magnitudes. Xiros e cambios de plano. Aplicacións. Representación de corpos xeométricos: prismas e pirámides rectas e oblicuas. Seccións planas e verdadeiras magnitudes da sección. Representación de corpos de revolución rectos: cilindros e conos. Representación de poliedros regulares: tetraedro, hexaedro e octaedro.

UD	Título da UD	Duración
10	Sistema acotado.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5.2. - Resolver exercicios en sistema acotado a partir de diferentes datos. Lectura dun plano topográfico e trazado de perfís; interseccións de plano-plano e plano-recta, e representación de cubertas sinxelas.	Interpretar correctamente os datos e resolver gráficamente sen erros significativos os casos propostos nos exercicios prácticos.	PE	75
CA2.1 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente.	TI	25
CA2.5.1. - Aplicar o sistema acotado na representación topográfica e de cubertas.	Resolver os trazados de exercicios en sistema acotado, de representación topográfica e de cubertas sinxelas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Resolver problemas xeométricos e de representación mediante o sistema de planos acotados.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Sistema de planos acotados. Resolución de problemas de cubertas sinxelas. Representación de perfís ou seccións de terreo a partir das súas curvas de nivel.

UD	Título da UD	Duración
11	Normalización.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Representar corpos xeométricos e de revolución aplicando os fundamentos do sistema diédrico para xerar vistas normalizadas.	Realizar vistas normalizadas dunha peza real ou definida mediante debuxos axonométricos.	PE	76
CA3.3 - Recrear a realidade tridimensional mediante a representación de sólidos en perspectivas axonométricas normalizadas, aplicando os coñecementos específicos do devandito sistema de representación.	Realizar isometrías e perspectivas cabaleiras dunha peza real ou definida mediante vistas.		
CA3.1 - Resolver problemas xeométricos mediante abatements, xiros e cambios de plano, reflexionando sobre a súa utilidade na obtención de cortes, seccións e roturas.	Definir e obter unha sección/corte dunha peza industrial sinxela, empregando correctamente os tipos de liña.	TI	24
CA3.4 - Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.	Realizar os trazados coa limpeza, claridade e precisión axeitados; e empregar a nomenclatura correctamente. Indicar adecuadamente as seccións/cortes; utilizar unha rotulación axeitada e criterios claros para decidir o tipo de liña en cada caso.		
CA3.5 - Desenvolver proxectos gráficos sinxelos mediante o sistema de planos acotados.	Resolver problemas topográficos sinxelos (desmante e terraplenado e realización de perfís).		
CA3.6 - Elaborar a documentación gráfica apropiada a proxectos de diferentes campos, formalizando e definindo deseños técnicos empregando esbozos e planos conforme a normativa UNE e ISO.	Coñecer a documentación básica, gráfica e escrita, dun proxecto de deseño.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Representación de corpos e pezas industriais sinxelas. Esbozos e planos de taller. Cortes, seccións e roturas. Perspectivas normalizadas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Deseño, ecoloxía e sustentabilidade. - Proxectos en colaboración. Elaboración da documentación gráfica dun proxecto de enxeñaría ou arquitectónico sinxelo. - Planos de montaxe sinxelos. Elaboración e interpretación.

UD	Título da UD	Duración
12	CAD (deseño asistido por computadora).	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar a evolución das estruturas xeométricas e dos elementos técnicos na arquitectura e na enxeñaría contemporáneas, valorando a influencia do progreso tecnolóxico e das técnicas dixitais de representación e modelaxe nos campos da arquitectura e da enxeñaría.	Entender a evolución da relación entre a representación proxectual e os elementos proxectados nos campos da arquitectura, a enxeñaría e deseño industrial.	TI	100
CA4.2 - Elaborar mediante aplicacións CAD a documentación gráfica apropiada a proxectos de diferentes campos, formalizando e definindo deseños técnicos conforme a normativa UNE e ISO.	Coñecer a documentación básica, gráfica e escrita, dun proxecto de deseño, e ser capaz de desenvolver a parte gráfica por medios dixitais.		
CA4.3 - Integrar o soporte dixital na representación de obxectos e construcións mediante aplicacións CAD valorando as posibilidades que estas ferramentas achegan ao debuxo e ao traballo colaborativo.	Ser capaz de decidir o medio dixital máis axeitado para cada representación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Aplicacións CAD. Construcións gráficas en soporte dixital.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Debuxo Técnico desenvolverá o seu currículo e tratará de asentarse de xeito gradual e progresivo nos distintos niveis da etapa as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nas epígrafes seguintes, e seleccionar os criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

- A preparación do futuro profesional e persoal do alumnado por medio do manexo de técnicas gráficas con medios

tradicionais e dixitais, xerando situacións de traballo nas que se apliquen as técnicas de representación gráfica adquiridas utilizando ferramentas de deseño asistido por computador.

- A adquisición e a posta en práctica de estratexias como o razoamento lóxico, a visión espacial, o uso da terminoloxía específica, a toma de datos e a interpretación de resultados necesarios en estudos posteriores.
- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades; así mesmo, contéplanse actividades de ampliación para o alumnado que o precise.
- O uso de estratexias cun enfoque inclusivo, non sexista e facendo especial fincapé na superación da fenda de xénero que existe actualmente nos estudos técnicos.

TRABALLO NA AULA:

A materia é eminentemente práctica e, aínda que grande parte das sesións terán un carácter teórico para adquirir os coñecementos necesarios para o desenvolvemento do currículo, o alumnado terá que manterse activo, debuxando para confeccionar os seus propios apuntamentos, que deberá encadernar ao final de curso a modo de libro de texto.

De resultas da aplicación do Decreto 79/2010 para o plurilingüismo, como queda recollido no Proxecto Lingüístico do IES Sánchez Cantón, esta materia impartirase no presente curso académico en lingua galega.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula taller de Debuxo - Artes Plásticas (IES Sánchez Cantón, edificio principal), espazo con mobiliario axeitado para o desenvolvemento das materias impartidas polo Departamento: escritorio para o/a profesor/a e mesas de debuxo, amplas e cómodas, para o alumnado; encerado de xiz, encerado de rotulador; vetedoiro con billa; espazo ou moble de secado; espazos, andeis e taboleiros (de cortiza) para expoñer, presentar e comentar obras; mobles con andeis e caixóns para gardar instrumentos, materiais, traballos, libros, etc.
Aula de Debuxo - Artes Plásticas (IES Sánchez Cantón, extensión CGTD), aula materia do Departamento: escritorio para o/a profesor/a e mesas de aula ordinarias para o alumnado; cabaletes, encerado de rotulador; espazo ou moble de secado; espazos, andeis e taboleiros (de cortiza) para expoñer, presentar e comentar obras; mobles con andeis e caixóns para gardar instrumentos, materiais, traballos, libros, etc.
Aula de informática con conexión a internet. Só no edificio principal do IES Sánchez Cantón (aula con moita demanda que dificulta o seu uso continuado); actualmente a extensión do CGTD carece de aula de informática.
Ordenador de aula con conexión a internet e proxector con pantalla (non dixital) e altosfalantes.
Ordenador do alumno con conexión a internet (no fogar; para a realización das tarefas CAD). O profesor verificará a comezos de curso que todos os alumnos teñan ou seu dispor os correspondentes recursos informáticos.
Plataforma de ensino virtual: aula virtual do centro.
Impresora e fotocopiadora.
Recursos de internet: páxinas web, blogs, etc.
Biblioteca de aula e de centro.
Libro de texto recomendado (non obrigatorio): Dibujo Técnico 1, Bachillerato; B. Mas, R. Gasull; Casals; ISBN: 978-84-218-7490-5.
Instrumentos tradicionais de debuxo técnico para encerado: regra, escuadro, cartabón, compás e transportador de ángulos.
Xogos de regra, escuadro, cartabón e compás para prestar ao alumnado en casos puntuais.

Calibres.
Xogos de volumes xeometricos e pezas industriais.
Materiais fuxíbeis: papel DIN A3 e DIN A4 de 80gr/m2 e superior, cinta adhesiva...

1. AULA TALLER (EDIFICIO PRINCIPAL) E AULA MATERIA (CGTD).

O Departamento conta cunha aula taller no edificio principal do centro e cunha aula materia na extensión do CGTD, ambas con algúns espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc. A aula materia do CGTD presenta algunhas limitacións en comparación coa aula taller do edificio principal ao carecer de mesas específicas de debuxo (máis amplas que as ordinarias) e de vertedoiro con billa, limitando o traballo con formatos superiores a DIN A4 e dificultando o emprego dalgunhas técnicas e procedementos artísticos tanto bidimensionais coma tridimensionais que, aínda que de xeito excepcional, poderían ser usados na elaboración de proxectos de deseño. No desenvolvemento diario das aulas empregáronse fundamentalmente o encerado, a computadora, o proxector e a pantalla (para as proxeccións).

2. MATERIAIS DE APOIO, MEDIOS AUDIOVISUAIS E NOVAS TECNOLOXÍAS DIXITAIS.

Sempre que sexa posible dinamizárase o contido teórico da materia mediante materiais de apoio: fotografías, animacións, vídeos, ilustracións, planos, etc. Considérase moi valiosa a utilización de medios audiovisuais pola importancia que ten para o alumno coñecer feitos e realidades que non poderían ser levados á aula doutro xeito.

A unidade 13, correspondente ao bloque de Sistemas CAD, debería desenvolverse preferentemente nunha aula de ordenadores con conexión de Internet en todos os equipos. Buscaremos que as carencias dotacionais de recursos informáticos do centro poidan ser paliadas en boa parte polos propios recursos do alumnado, toda vez que nas enquisas efectuadas nos últimos anosponse de manifesto que a práctica totalidade dos alumnos desta etapa teñen nos seus fogares ordenador persoal e conexión á rede ao seu dispor. Un caso á parte serían os estudantes da extensión do CGTD, onde á inexistencia dunha aula de informática no centro se lle suma que non residen diariamente nos seus fogares, de xeito que non todos dispoñen dun ordenador persoal, coas dificultades que isto supón para o desenvolvemento dos contidos correspondentes ao bloque de Sistemas CAD.

A través do bloque de contidos de Sistemas CAD as novas tecnoloxías teñen unha significativa presenza nos dous cursos de bacharelato, pero ademais:

- 1) Potenciaremos o uso de programas de código aberto (software libre) e de uso gratuíto, tanto para a investigación e elaboración de contidos (especificamente sistemas CAD), como para a súa presentación (e posterior publicación).
- 2) Potenciaremos o uso dos recursos propios e a comunicación permanente profesor-alumno a través da web do centro, da aula virtual e do espazo Abalar. Na aula virtual o alumnado atopará:
 - O índice de contidos da materia e os guiños das unidades didácticas.
 - Acceso aos apuntamentos, as prácticas e outros materiais imprimibles para o seguimento da materia.
 - O medio de entrega das prácticas obrigatorias de CAD.
 - A canle de comunicación directa co docente.
- 3) Poderase empregar o móbil do alumno como recurso didáctico, sempre baixo a supervisión do profesor, para consultar información e empregar distintas aplicacións para xerar e publicar contidos na web e para facilitar o seguimento e titorización máis efectiva do alumnado.
- 4) Potenciaremos, coas limitacións impostas polos recursos dispoñibles, que o alumno sexa quen de presentar o seu traballo tanto no formato físico tradicional como en diferentes formatos dixitais, empregando a aula virtual do centro para a súa entrega.

3. MATERIAIS PROPIOS DO ALUMNO.

O alumno deberá aportar material propio para o seu traballo diario (aínda que na aula poderán estar dispoñibles algúns destes materiais para uso do alumnado, de ser necesario):

- 1) Básicos (mínimo e imprescindible): Xogo de escuadro e cartabón, regra graduada e compás (con adaptador para lápices e rotuladores). Lapis de grafito ou portaminas (recomendable 2H e HB) e goma de borrar. Papel branco de 80

grs aprox. (tipo "folio") en formato DIN-A3 (ou DIN-A4, segundo as preferencias do profesor, comunicadas ao comezo do curso) e láminas impresas en formato DIN-A3 (ou DIN-A4, segundo se solicite) para o desenvolvemento dos exercicios de aula. Carpeta para o arquivo, conservación e presentación do taballo persoal.

2) Complementarios: libro de texto recomendado (non obrigatorio): Dibujo Técnico I. Casals. ISBN 978-84-281-4791-6; ordenador persoal; rotuladores técnicos calibrados (0.2, 0.4 e 0.8) de tinta negra; cartón pluma para elaboración de maquetas... e outros, que serán solicitados polo profesor ao longo do curso en función do traballo e dos proxectos a desenvolver, así como da dispoñibilidade do propio alumno e do centro docente.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza - aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Contorna: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de distintos tipos de probas, de cuestionarios como tarefas na aula virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. O deseño daqueles instrumentos de carácter formal que se estimen necesarios realizarase de forma consensuada entre todos os membros do Departamento, cunha especial coordinación do profesorado que imparte docencia na mesma materia e nivel. A recollida de información tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

Deste xeito, no presente curso académico propónse unha proba teórico-práctica para a recollida de información sobre a competencia curricular do alumnado, que versará sobre os contidos conceptuais e procedimentais que foron tratados no currículo das etapas formativas precedentes, con exercicios correspondentes a cada un dos tres bloques xerais en que poderíamos dividir a materia: B1: xeometría plana, B2: sistemas de representación e B3: normalización. A realización da proba terá lugar na primeira semana de curso, e en ningún caso a súa valoración influirá sobre a cualificación do alumnado.

A reunión de avaliación inicial, a finais do mes de setembro, co titor do grupo, o equipo docente e o Departamento de Orientación axudará a completar a información recollida e poñela en común.

3. TOMA DE DECISIÓNS:

Analizada toda a información, as conclusións serán postas en común nunha reunión de Departamento, para consensuar as medidas que se estimen oportunas. Tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar reforzos, e en xeral as medidas de atención ás NEE, nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, deseño e planificación das actividades de aula, organización da avaliación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	3	10	10	10	8	8	8	16	9	6
Proba escrita	100	75	75	75	75	75	75	75	75	75
Táboa de indicadores	0	25	25	25	25	25	25	25	25	25

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	100
Proba escrita	76	0	71
Táboa de indicadores	24	100	29

Criterios de cualificación:

1. CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades didácticas traballadas en cada avaliación establecerase mediante:

a) O CADERNO PERSOAL DO ALUMNO (TI). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 15%.

Sendo esta unha materia de carácter eminentemente práctico, o alumno realizará un conxunto de actividades especificamente deseñadas polo profesor en relación ao tema a desenvolver, das que o alumnado coñecerá os indicadores de logro (mediante rúbricas e/ou comentarios orais). As actividades estarán pensadas para que o alumnado poida realizalas, agás imprevistos, case na súa totalidade no tempo de clase baixo supervisión directa do profesor (coa excepción das actividades de sistemas CAD, que o alumno deberá realizar maioritariamente na súa casa, entre outras cousas e principalmente, pola insuficiencia dos recursos informáticos dispoñibles no centro, tal e como quedou recollido no apartado da presente programación, referido a materiais e recursos didácticos). O alumno deberá confeccionar coas actividades propostas que se desenvolvan ao longo do curso o seu caderno persoal.

A entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición indispensable para acadar unha avaliación positiva no período correspondente. O alumno deberá ter igualmente presentados aqueles traballos e tarefas que se soliciten para a súa entrega a través da aula virtual. Agás nos casos que contén con suficiente xustificación (enfermidade ou causa familiar grave), a falta ou non presentación destes traballos de aula terá como consecuencia inmediata a avaliación negativa do alumno. Consideraranse non entregados aqueles traballos nos que quede demostrada a non autoría do alumno, por copia, calcado, falsificación ou suplantación de identidade na realización dos mesmos; coas consecuencias que deste feito deriven.

A revisión, corrección e cualificación do caderno persoal de cada alumno realizarase ao final do trimestre. Non obstante, o profesor poderá solicitar o caderno persoal para este fin tantas veces como considere (como norma xeral, nas datas das probas teórico-prácticas). Os alumnos conservarán todos os seus traballos ata o remate de curso (aínda que xa fosen cualificados), podendo ser solicitados para a súa revisión en calquera momento do curso; e deberán recompilar todos aqueles elaborados en soporte papel para unha entrega final na 3ª avaliación, seguindo as normas de presentación comunicadas polo profesorado na aula; entrega que será valorada e, polo tanto cualificada, como unha actividade máis da 3ª avaliación. Asemade, o alumnado deberá ter igualmente presentadas todas aquelas tarefas que se solicitasen para a súa entrega a través da aula virtual. Se por calquera circunstancia non fosen posibles tanto as achegas parciais como a entrega final en soporte físico, poderán realizarse dixitalizadas a través da

aula virtual, sempre baixo solicitude ou autorización do profesorado da materia.

A nota deste apartado será a media de todos os traballos (coa correspondente ponderación), valorándose cun 0 os non presentados.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden empregar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. De xeito xeral, teranse en conta os seguintes, agrupados en tres categorías, aplicables na meirande parte das unidades didácticas:

- Saber ver e saber facer / Creatividade:

Axústase o resultado ao obxectivo da actividade realizada?

Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor, realiza as actividades na aula e sigue un proceso de traballo correcto?

É correcta a realización do exercicio?

E capaz de explicar (oralmente e por escrito) de xeito razoado e crítico os fundamentos, desenvolvementos e resultados das súas actividades?

Partindo do aprendido, é que de propoñer solucións alternativas e razoadas na resolución dos diferentes exercicios propostos?

Aporta solucións creativas e persoais nos proxectos desenvolvidos, rexeitado o exercicio da copia (do profesor / compañeiro / autor)?

- Presentación:

Presenta o seu traballo no prazo e datas previstos?

Respecta as normas de presentación e entrega (materiais, soportes, formatos, datos solicitados e localización e posicionamento dos mesmos, numeración e/ou orde das actividades...)?

Resolve as tarefas con claridade, precisión e limpeza, empregando as técnicas, os instrumentos e os materiais correctamente?

b) A OBSERVACIÓN DIRECTA NA AULA (TI). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 10%.

A implicación do alumno no seu traballo diario, a actitude e o comportamento no desenvolvemento das aulas, serán, así mesmo, factores a rexistrar e a ter en conta na súa cualificación. Do mesmo xeito, terase en consideración a asistencia do alumno a clase, aplicándose para os casos de absentismo non xustificado as medidas previstas nas NOF (Normas de Organización e Funcionamento) vixentes do IES Sánchez Cantón. Empregaranse como base os seguintes indicadores agrupados en dúas categorías:

- Material e espazo de traballo:

Trae o material necesario?

Coida o material propio e alleo, manténdoo en perfecto orde e estado?

Deixa recollido e limpo o seu espazo de traballo, e colabora recollendo e limpando os espazos compartidos?

- Actitude e comportamento no desenvolvemento do traballo de aula:

Asiste a clase con puntualidade?

Respecta o traballo e as normas de clase?

Participa activamente, de xeito autónomo, con interese e responsabilidade no desenvolvemento da clase, nas actividades individuais e nos traballos en grupo, evidenciándose o esforzo realizado por progresar e superarse?: implícase no desenvolvemento das aulas e nos traballos propostos?; é receptivo ás indicacións do profesor, as comprende e as emprega?; amosa atención?; participa no diálogo que se establece no desenvolvemento dos contidos da materia?; traballa en clase?; amosa interese por saber máis?; emprega os novos coñecementos noutras áreas?; comparte noticias relacionadas e fai comentarios espontáneos?; ofrécese voluntario para realizar exercicios?; organiza o seu traballo con autonomía?; completa as actividades na casa, de ser necesario, para axustarse ao ritmo de traballo plantexado na aula?; se falta ou vai faltar a clase preocúpase por poñerse ao día co seu traballo?; amosa afán de superación persoal ante cada traballo?

Nos traballos en grupo: participa nas actividades, levando a cabo as tarefas asignadas, e fai aportacións significativas?; contribúe a manter o grupo concentrado e unido traballando cooperativamente? emite a súa opinión con argumentos razoables respectando quendas de palabra?; ten en conta as distintas opinións e as relaciona coas propias expresándose sempre con corrección nas formas?; escoita e deixa falar respectando as opinións dos demais?

c) AS PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS (PE). Peso porcentual na nota de cada avaliación: 75%.

En cada unha das tres avaliacións previstas (para aqueles criterios de avaliación e, consecuentemente, unidades didácticas que así o requiran) programaranse un mínimo de dúas e ata un máximo de 4 probas teórico-prácticas (máis ou menos un exame por cada unidade didáctica) de carácter máis específico, que permitan reflectir de maneira

máis precisa a adquisición e desenvolvemento dos criterios de avaliación traballados no trimestre. A nota deste apartado calcularase a través da media das distintas probas, coa ponderación correspondente. As probas programaranse preferentemente en formato presencial, pero se as circunstancias o impidisen ou o desaconsellasen, as mesmas poderán realizarse en formato telemático a través da aula virtual.

O número reducido do alumnado da extensión do CGTD, que permite unha corrección máis detallada e precisa das actividades de aula, e as súas singulares características (detalladas na introdución a esta programación) que aconsellan incentivar o seu traballo diario, moi condicionado pola súa actividade deportiva, fan que o profesorado poda considerar que o caderno persoal do alumno poida ter un peso superior de ata un 30% na cualificación (reducíndose consecuentemente o valor das probas teórico-prácticas ata un mínimo dun 60%). Este aspecto será posto en coñecemento do alumnado ao inicio do curso.

Os resultados das avaliacións (cualificacións) axustaranse aos baremos habituais adoptados polo centro educativo e determinados pola normativa vixente, co fin de evitar confusións na súa explicitación aos diferentes membros da comunidade educativa; en termos xerais:

Nivel INSUFICIENTE. Valor numérico 1-2. O alumno non foi quen de superar os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, ten moitas dificultades e non progresa de forma adecuada, sendo incapaz de afrontar o seu traballo de maneira autónoma e organizada.

Nivel INSUFICIENTE. Valor numérico 3-4. O alumno non superou de xeito plenamente satisfactorio os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, se ben cun maior esforzo e organización persoal podería superar os mínimos esixibles.

Nivel SUFICIENTE. Valor numérico 5. O alumno superou de maneira satisfactoria os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, alcanzando en conxunto os mínimos esixibles.

Nivel BEN. Valor numérico 6. O alumno superou de maneira plenamente satisfactoria os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando en conxunto os mínimos esixibles.

Nivel NOTABLE. Valor numérico 7-8. O alumno superou plenamente os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando de forma ampla os obxectivos propostos.

Nivel SOBRESALIENTE. Valor numérico 9-10. O alumno superou plenamente os criterios de avaliación previstos no deseño curricular, superando de forma destacada os obxectivos propostos.

A cualificación explicitarase no boletín a través do seu valor numérico (1 a 10), sen decimais, redondeada á unidade metade arriba, pero empregarase sen este redondeo no cálculo da cualificación final. Como norma xeral, a nota daqueles alumnos que presenten o seu caderno persoal incompleto non poderá ser superior a 4 (como xa foi exposto anteriormente, a entrega a través do caderno persoal da totalidade dos traballos será considerada condición necesaria, aínda que non suficiente, para acadar unha avaliación positiva na materia).

2. CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final será a media aritmética das notas sen redondear de cada unha das tres avaliacións, sempre e cando ningunha delas sexa inferior a 3; nese caso, a cualificación final nunca poderá ser superior a 4. A nota aparecerá no boletín redondeada á unidade (metade arriba).

METODOLOXÍA PARA O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE A AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA E A AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA / CONVOCATORIA ORDINARIA DAS PROBAS ABAU (preparación das probas extraordinarias e das probas ABAU):

A entrega ao final da 3ª av. da recompilación de todas as tarefas do curso servirá como un dos puntos de partida para deseñar as actividades a desenvolver polo alumnado no período comprendido entre a avaliación final ordinaria e a avaliación final extraordinaria / convocatoria ordinaria das probas ABAU (período non lectivo para o alumnado de 2º de BACH).

No horario da materia, o profesorado estará dispoñible para atender as consultas do alumnado e titorizar o seu traballo de xeito individual, tendo en conta dúas casuísticas:

- alumnado coa materia suspensa: que realizará actividades de reforzo orientadas á preparación das probas extraordinarias, deseñadas tomando como referencia os resultados obtidos por cada alumno ao longo do curso (avaliacións parciais, carpeta persoal / probas teórico-prácticas) en relación aos contidos mínimos da materia;
- alumnado coa materia aprobada: que empregará o seu tempo na realización de actividades de reforzo orientadas á preparación das probas ABAU.

Criterios de recuperación:

Nos niveis INSUFICIENTE especificaranse as dificultades do alumno, así como as medidas axeitadas para a súa superación, comunicándollas verbalmente ao alumno, e ao titor do grupo na sesión de avaliación. Para superar as notas das avaliacións suspensas o alumnado poderá recuperar os seguintes instrumentos nos que teña unha nota inferior a 5: a) CADERNO PERSOAL: Reelaboración das tarefas avaliadas negativamente e entrega/realización das non entregadas; sendo a entrega da totalidade dos traballos, condición necesaria, non suficiente, para acadar unha avaliación positiva do período avaliado. Cando se precise corrixir unha actividade esta deberá realizarse novamente, nun soporte distinto ao do resultado entregado inicialmente, que se volverá entregar acompañando ao novo resultado. O profesor poderá determinar a realización de tarefas adaptadas ás circunstancias do alumno, tendo en conta os criterios expresados nas medidas de atención á diversidade. b) PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: Realización dunha proba específica de recuperación do conxunto dos criterios de avaliación do trimestre correspondente, co obxectivo de que se poida constatar que o alumnado alcanzou de maneira satisfactoria alomenos os obxectivos mínimos. As recuperacións faranse atendendo ao seguinte cronograma: a) Rec. da 1ª av.: durante a 2ª av. e na 3ª av. antes da av. ordinaria (recuperación final). b) Rec. da 2ª av.: durante a 3ª av. e na 3ª av. antes da av. ordinaria (recuperación final). c) Rec. da 3ª av.: na 3ª av. antes da av. ordinaria (recuperación final). A proba de rec. final realizarase na mesma sesión lectiva, debendo realizar o alumno únicamente a avaliación ou avaliacións suspensas, e poderá coincidir coa data límite para a nova entrega final do caderno persoal. Recalculárase a nota de cada avaliación do seguinte xeito: a) CADERNO PERSOAL DO ALUMNO: mellor nota avaliación/recuperación; 15% / 30% no CGTD. b) OBSERVACIÓN DIRECTA NA AULA: nota da avaliación; 10%. c) PROBAS TEÓRICO-PRÁCTICAS: mellor nota avaliación/recuperación; 75% / 60% no CGTD. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: Os alumnos que non acaden a avaliación positiva na convocatoria ordinaria poderán presentarse á convocatoria extraordinaria, na que deberán resolver unha proba teórico-práctica correspondente a toda a materia.

6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidade. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa metodoloxía a estas particularidades, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñecemos as características das persoas coas que imos traballar.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado, aínda que a detección das necesidades do alumnado pode darse en calquera momento do curso académico. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas casuísticas. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

1. MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS: supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.
 - En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
 - Plantexaranse actividades de ampliación para aquel alumnado que o precise.
 - Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
 - É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a autoestima.
 - Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
 - En caso de alumnos con necesidades educativas especiais, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións de accesibilidade ao currículo oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.

- O alumnado con discapacidade que poida ser escolarizado disporá da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo (así como flexibilizar o período de permanencia na etapa).

2. MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

3. MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presenten graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. (O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.)
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Formación estética.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.10 - Emprendemento social e empresarial; a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a paz e a convivencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación en tolerancia e respecto ao diferente; solidariedade e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación na Igualdade de xénero; evitando os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan a discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluraridade, e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación medioambiental; concienciación e formación sobre o cambio climático e educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - Formación estética.	X	X	X	X
ET.6 - Creatividade.	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial; a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a paz e a convivencia.	X	X	X	X
ET.12 - Educación en tolerancia e respecto ao diferente; solidariedade e cooperación entre iguais.	X	X	X	X
ET.13 - Educación na Igualdade de xénero; evitando os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan a discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X	X
ET.14 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.	X	X	X	X
ET.15 - Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade, e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.16 - Educación medioambiental; concienciación e formación sobre o cambio climático e educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	X	X	X	X

Observacións:

Estes elementos transversais traballaranse ao longo do curso, polo que non se relacionan con unidades didácticas concretas senon co desenvolvemento da materia no seu conxunto.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
VISITAS DIDÁCTICAS.	Visitas guiadas (virtuais ou presenciais) a exposicións, temporais ou permanentes, en espazos expositivos da contorna, formais ou informais (museos, salas de exposicións, galerías,... espazo público) e, en xeral, a calquera lugar de interese en relación ao currículo da materia: centros de formación (facultade de Belas Artes, Facultade de Arquitectura, escolas de Artes e Oficios, etc), centros de traballo (obradoiros de artistas, estudos de arquitectos, deseñadores, enxeñeiros, etc), e outros.	X	X	X
CHARLAS INFORMATIVAS.	Charlas (virtuais ou presenciais) impartidas por todo tipo de profesionais vencellados á materia (educadores, artistas, arquitectos, deseñadores, enxeñeiros, etc) relacionadas con distintos intereses do noso alumnado.	X	X	X
PROXECTOS DO DEPARTAMENTO E INTERDISCIPLINARES.	Realización de proxectos do Departamento e colaboración cos diversos proxectos de centro (Club de Ciencia, Club contra o cambio climático, etc).	X	X	X

Observacións:

Son actividades propostas para ser desenvolvidas en espazos/tempos diferentes e/ou empregando recursos non habituais, e poden ser avaliadas. No caso de realizarse fóra do centro e/ou do horario lectivo terán carácter voluntario.

Estas actividades están orientadas a:

- Completar a formación do alumnado fóra do curricular.
- Promover o coñecemento do alumnado do seu entorno cultural.
- Promover as habilidades sociais.
- Estimular o desexo por coñecer e investigar.

Tentarase planificar as actividades complementarias e extraescolares do departamento ao inicio de curso na medida do posible. Non sempre se pode xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico. O desenvolvemento destas e doutras actividades dependerá en boa medida das programacións dos diversos axentes culturais da nosa contorna e do ritmo de desenvolvemento das programacións didácticas cos diferentes grupos (materias e niveis).

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Dase a coñecer a programación ao alumnado e se lle facilita o acceso ao contido da mesma por medios dixitais (aula virtual, espazo web, etc)
Revísase a programación para comprobar o seu grao de cumprimento cunha periodicidade mensual.
Fanse anotacións durante as revisións da programación para a mellora e optimización da mesma de cara a vindeiros cursos.

Metodoloxía empregada
O alumnado entende a dinámica de traballo na aula e a segue sen problema.
Hai un diario de clases dispoñible online para o alumnado onde se indica a materia/o traballo realizado en cada sesión.
O emprego da aula virtual é axeitado por parte do alumnado. Acceden regularmente aos contidos e fan as entregas telemáticas seguindo as instrucións dadas.
O grao de participación durante as explicacións é axeitado? Aínda que en diferente grao, participa todo o alumnado?
O grao de participación do alumnado nos exercicios prácticos de grupo é axeitado?
Amósanse suficientes exemplos para que o alumnado teña referencias dos exercicios prácticos que debe desenvolver?
Impleméntanse rúbricas nos exercicios prácticos para que o alumnado poda coñecer os aspectos que se avalían?
Deséñase algunha práctica para facer en grupo?
Tras a realización dun exercicio práctico, valórase a idoneidade do mesmo e o grao de resposta dado polo alumnado?
No deseño das probas e exercicios prácticos téñense en conta as competencias clave?
Os instrumentos de avaliación empregados, así como o seu peso, correspóndense co previsto na programación didáctica.
O alumnado coñece os criterios de avaliación e o peso na cualificación das probas escritas e exercicios prácticos.
Unha vez rematado un trimestre, deseñase un plan de recuperación para o alumnado que precise recuperar a materia?
Medidas de atención á diversidade
A programación contempla a atención á diversidade?
Dispónse de toda a información relativa ao alumnado antes do comezo do curso?
Coñécense e aplícanse os protocolos pertinentes no caso de ser necesario?
Tense en conta a AD na organización da aula e na creación de grupos para os traballos?
Adáptanse as probas escritas e os exercicios prácticos ao alumnado que o precise, seguindo criterios e recomendacións obxectivos?

Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento; adaptándose ademais aos cambios ou axustes normativos que puideran terse producido con aplicación no novo curso e ás recomendacións e indicacións achegadas pola CIUG en referencia á proba da ABAU.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe realizarase nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro, entre outros, poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

9. Outros apartados